



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 34

Sesión plenaria
28 de abril de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-FbvpN24-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 10287 (11/PNP-001022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

4.2 12447 (11/PNP-001227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.3 12470 (11/PNP-001231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.4 12964 (11/PNP-001282)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

4.5 13974 (11/PNP-001372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.6 13998 (11/PNP-001376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 3279 (11/INT-000196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 30, do 14.10.2020

5.2 8259 (11/INT-000507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

5.3 12718 (11/INT-000728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 14493 (11/POPX-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as medidas que se consideran necesarias para a desescalada en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

6.2 14494 (11/POPX-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a concreción da anunciada posta en marcha dun novo modelo de atención ás persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 13535 (11/POP-001832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021



7.2 13954 (11/POP-001894)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da actividade de construción, reparación naval e do emprego no estaleiro San Enrique (antigo Vulcano), de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

7.3 14461 (11/PUP-000173)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as liñas de actuación comprometidas pola Xunta de Galicia co empresariado afectado polo incendio do polígono industrial do Ceao, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.4 8075 (11/POP-001217)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Murillo Solís, María Guadalupe e sete deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.5 13792 (11/POP-001874)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de dialogar coa sociedade co obxectivo de iniciar e dar cumprimento ás accións requiridas polo Consello de Europa para cumprir a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias antes do 1 de agosto de 2023

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.6 10630 (11/POP-001532)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do desenvolvemento do VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

7.7 13647 (11/POP-001850)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o número de prazas que ofrece o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021



7.8 14495 (11/PUP-000174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do acontecido no programa

Land Rober emitido pola TVG o día 8 de abril de 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.9 10502 (11/POP-001573)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as razóns da evolución que presenta a UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as do peche de quirófanos para convertelos en espazos para ese fin en lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 96, do 17.02.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que se consideran necesarias para a desescalada en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a concreción da anunciada posta en marcha dun novo modelo de atención ás persoas maiores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 28.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 32.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 35.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra e intervén con base no artigo 76.3 para solicitar que se retiren determinadas expresións do discurso do señor Arangüena Fernández (S). (Páx. 37.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén sobre este asunto e non retira as súas palabras. (Páx. 38.)

A señora Rodil Fernández (BNG) tamén pide a palabra con base no artigo 76.3 e o señor presidente non lla concede. (Páx. 39.)

O señor presidente acorda deixar este asunto para o remate da sesión.



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar: *aprobada por 40 votos a favor, 31 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da Proposición no de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da Proposición no de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 31 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da Proposición no de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, Pablo e dona Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación coa realización das actuacións necesarias para subministrar vacinas contra a covid-19 ao pobo saharauí. (Páx. 42.)



Alteración no desenvolvemento da orde do día

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de dialogar coa sociedade co obxectivo de iniciar e dar cumprimento ás accións requiridas polo Consello de Europa para cumprir a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias antes do 1 de agosto de 2023. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 45.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 47.)

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 52.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 57.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da Covid-19 nos centros hospitalarios. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 67.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 69.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 78.)



Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D^a María do Carme González Iglesias e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da actividade de construción, reparación naval e do emprego no estaleiro San Enrique (antigo Vulcano), de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas de actuación comprometidas pola Xunta de Galicia co empresariado afectado polo incendio do polígono industrial do Ceao, en Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D^a María Guadalupe Murillo Solís e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santos Costa (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Santos Costa (P)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 96.)



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do desenvolvemento do VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 101.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de prazas que ofrece o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do acontecido no programa *Land Rober* emitido pola TVG o día 8 de abril de 2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 108.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da evolución que presenta a UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as do peche de quirófanos para convertelos en espazos para ese fin en lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 112.)

O señor presidente retoma o asunto pendente desta sesión respecto do emprego de determinadas expresións por parte do señor Arangüena Fernández (S), que procede á súa retirada. (Páx. 113.)

Remata a sesión ás tres e cuarto da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

Bo día.

Reanudamos a sesión co punto 6º da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que se consideran necesarias para a desescalada en Galicia

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente, señorías.

Quero empezar a miña intervención amosando o absoluto rexeitamento do Partido dos Socialistas de Galicia á actitude, á posición antidemocrática que o Partido Popular está mantendo na cidade de Ourense tentando retirar da vida política a quen gañou as eleccións municipais, nun xesto que falla ao respecto da cidadanía que o votou, os cidadáns. (*Aplausos.*) Vostede, señor Feijóo, creou un problema en Ourense por manter o caciquismo dos Baltar na Deputación e por manter o caos (*Murmurios.*) na cidade de Ourense. Vostede creou o pacto letal e creou o problema, e vostede para arranxalo está dicindo que hai que rectificar o voto dos cidadáns, que xa está o PP para dicir quen ten que estar nas institucións democráticas e a quen hai que retirar da vida política. E ese é un tic antidemocrático e autoritario que nos preocupa. Ese é un dos tics antidemocráticos que o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...está amosando, e pedímoslle...

Señor presidente, pídlle que me deixe facer a intervención...

O señor PRESIDENTE: Non, á cuestión. Non, non... Perdoe, perdoe un momento...

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe un segundo. Eu déixolle facer a vostede a intervención...

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, vostede...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...pero hai que ir á cuestión porque xa leva vostede...

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, no Pleno anterior vostede permitiu a todos os deputados do Partido Popular facer unha determinada actuación nesta Cámara parlamentaria sen que ningún fose chamado á orde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non me diga a min o que fago e o que non fago. Eu...

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, pídlle respecto á intervención...



O señor PRESIDENTE: Eu estoulle dicindo que leva vostede máis dun minuto e creo que a pregunta vai sobre o que vai.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Eu agradézolle que vostede, señor presidente, que é tamén de Ourense e coñece o pacto letal, que tome parte nesta Cámara parlamentaria (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) contra os cidadáns de Ourense... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Non me recorde, por favor...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...para non deixar falar en liberdade o portavoz dun grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Por favor, non me recorde a min de onde son, que son perfectamente [...]

O señor CABALLERO MIGUEZ: Sábeo todo o mundo.

O señor PRESIDENTE: Un sentimento, desde logo, do que me sinto moi orgulloso. Á cuestión.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Do pacto letal non se sinta orgulloso, señor Santalices.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Do pacto con Baltar e Jácome, porque é rectificar a cidadanía. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E eu quérolle dicir ao Partido Popular que eses tics autoritarios non poden estar para facer fronte a unha pandemia e a unha crise. Porque o que nos preocupa a todos os cidadáns... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...é saír desta crise con fortaleza e para iso hai que actuar en tres grandes liñas de actuación.

En primeiro lugar, temos que evitar unha cuarta onda cunha desescalada progresiva e gradual.

En segundo lugar, hai que fortalecer o proceso de vacinación. Vacinas, vacinas, vacinas, sanidade pública, sanidade pública, sanidade pública. (*Aplausos.*)

E, en terceiro lugar, temos que buscar as liñas de actuación para a reactivación económica que permitan impulsar o crecemento e o emprego en Galicia.

E para eses tres ámbitos estamos nós, para tenderlle a man ao Goberno de Galicia e para traballar nunha saída da crise na que consigamos frear a curva e sacar Galicia adiante. Na desescalada, na vacinación e na sanidade pública e na reactivación económica.



Pero en tempos de pandemia non pode haber retrocesos democráticos, non pode haber tics autoritarios, non pode haber actuacións á marxe do Estado de dereito e iso temos que dicir-llo, señor presidente da Xunta, porque outro tic autoritario que vimos nesta Cámara foi a actuación do Partido Popular coa Lei de saúde, que vostede aprobou aquí co rodillo do Partido Popular e que foi freada. A vostede, señor Feijóo, freouno o Tribunal Constitucional, (*Murmurios.*), freouno a Constitución, porque a maioría parlamentaria en Galicia aprobou unha norma contra os dereitos e as liberdades dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) E vostede, señor Feijóo, di que vostede é partidario de primeiro falar e despois recorrer e eu doulle a razón, pero falar dende o principio, falar antes de legislar, falar antes de vulnerar os dereitos fundamentais, falar antes de exceder as súas competencias, falar dentro da Constitución para unha saída da crise dentro do Estado de dereito e sen recortes de dereitos e de liberdades. Ese é o reto que ten vostede para afrontar neste tempo.

E eu quérolle pedir, señor Feijóo, que, cando vai haber que cambiar esa Lei de saúde que vostede aprobou de forma unilateral, esa Lei de saúde que rompeu igualdade de dereitos e vulnerou as súas competencias, o faga cunha vontade distinta. Que evite, señor Feijóo, aproveitar os tempos de pandemia para tics autoritarios que fagan retroceder os dereitos e as liberdades dos galegos e das galegas. A fortaleza na sanidade, a fortaleza na reactivación económica é coherente e posible coa reactivación dentro do Estado de dereito. E iso é o que vostede ten que decidir.

Vostede ten que decidir, señor Feijóo, se quere cooperar ou se quere tensionar, se quere solucionar ou se quere complicar, se vostede quere ser parte da solución ou vostede quere xerar problemas. E para solucionar os temas, o PSdeG téndelle a man na economía, na saúde, pero, sobre todo, tamén na defensa dos dereitos e liberdades, e resistir, que ante esta crise non podemos ter ataques nin vulneracións á Constitución e ao Estado de dereito.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

O señor Caballero formula a súa pregunta sobre que medidas teño pensado eu adoptar para a desescalada.

Señor Caballero, nós as medidas que adoptamos son as que se concretan no Comité Clínico. As medidas que vimos adoptando durante estes 13 meses son as que os 35 profesionais, con nome e apelidos, e responsabilidades concretas na atención primaria, na medicina preventiva, nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, con número de colexiado e, por tanto, coñecidos, son os que asesoran o Goberno, os que asesoran a Administración sanitaria e cos que conxuntamente tomamos as medidas para as distintas aperturas.

Por iso me sorprende que me pregunte vostede que medidas vou adoptar eu. Non, señoría, eu non vou actuar como o Goberno de España. Nós as medidas que adoptamos son as me-



didadas que están validadas polo Comité Clínico que existe en Galicia e que toma medidas e que nós as seguimos. *(Aplausos.)*

Señor Caballero, preguntarme sobre as medidas de desescalada é algo moi sorprendente; estamos inmersos nunha apertura de forma continuada, constante, prudente, gradual, proporcional. É o que estamos a facer. Mire, o 26 de xaneiro, cunha incidencia a 14 días de 741 contaxios por 100.000, pechamos, tomamos medidas de acordo co Comité Clínico. O 25 de febreiro, cunha incidencia que baixa a 175 contaxios por 100.000, empezamos a abrir. Onte, con 97 de incidencia por 100.000, mantivemos as aperturas, e así é o que imos facer, señor Caballero.

De verdade que se vén vostede dar clase de aperturas, debería dar clase no Ministerio de Saúde ou na Moncloa, pero aquí non, señoría. Aquí non adoptamos medidas porque nos pete ou porque queremos saír para dicir o que hai que facer, aínda que posteriormente se acredite que se toman medidas sen ningún criterio; e simplemente que cando hai problemas se transmiten ás comunidades autónomas.

Señor Caballero, sorpréndeme que volva vostede a intentar confundir a Cámara e confundir os galegos co Tribunal Constitucional. O Tribunal Constitucional non se pronunciou nin unha coma sobre a Lei de saúde de Galicia; o Tribunal Constitucional non suspendeu a Lei de saúde de Galicia; o Tribunal Constitucional tomou nota da suspensión automática que ao Goberno central lle compete e lle notificou ao Tribunal Constitucional, e o Tribunal Constitucional tramitouna, como non podía ser doutro xeito. Por tanto, hai unha dobre falsidade: o Tribunal Constitucional non se pronunciou sobre a Lei de saúde de Galicia e o Tribunal Constitucional non suspendeu a lei de Galicia, senón que o que a suspendeu é o Goberno que vostede ampara, o Goberno de España.

Sopréndeme que diga vostede que nós confrontamos. ¿Pero como que confrontamos? Nós lexislamos. Vostede anda dicindo por aí que quere non sei cantas transferencias e non nos deixa nin sequera executar a transferencia de saúde pública, nin sequera en tempos de pandemia. É sorprendente que falen vostedes de transferencias, vostedes e os seus socios, e as competencias estatutarias e as competencias constitucionais que ten Galicia non llas deixan executar nin sequera en tempos de pandemia.

Mire, señor Caballero, dicir que nós confrontamos é dicir que o Goberno de Aragón confronta. O Goberno de Aragón aprobou unha lei o 3 de decembro do ano 2020; o artigo 6 da lei do Goberno de Aragón permite confinar a poboación, e en Galicia lévannos ao Tribunal Constitucional; o Goberno de Aragón no artigo 36 da súa lei permite limitar o número de persoas en reunións sociais e concretamente establece seis como máximo, e por esa mesma indicación a nós lévannos ao Tribunal Constitucional; o Goberno de Aragón establece a posibilidade de facer peches perimetrais amparados pola Lei do Parlamento de Aragón no artigo 36, e polo mesmo lévannos ao Tribunal Constitucional. Pero, señor Caballero,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...¿de que lado está vostede? ¿Está do lado da xestión da pandemia ou está simplemente seguindo, como sempre, as instrucións que recibe da calle Ferraz?



Señor Caballero, con todos os respectos, se estudara un pouco máis, se vira o que fan os seus compañeiros, se vira o que fan as comunidades autónomas, o que propón o Goberno de Euskadi, onde vostedes forman parte dese Goberno, que está pedindo unha lei que desenvolva a lei orgánica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ou, se non, que os deixen legislar. Hoxe mesmo, o presidente do Goberno de Canarias pronunciándose en contra da suspensión unilateral do estado de alarma.

Señor Caballero, nós non confrontamos, nós defendemos a saúde dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Creo que, en primeiro lugar, señor Feijóo, sería positivo que vostede trasladase aquí se o Partido Popular estaría en condicións de apoiar un estado de alarma cando as autoridades clínicas e sanitarias o fagan recomendable. ¿Cal é a posición do Partido Popular?, vostede que se atreve aquí a falar do estado de alarma, despois de terse oposto durante a primeira onda de forma continua e despois de que vostede mesmo dixese no outono pasado que ter o país en estado de alarma ata abril sería algo demoledor. Aclare cal é a posición do Partido Popular, se o Partido Popular ten algunha posición, porque vostede me di que mire a outras comunidades autónomas, mire vostede a outras comunidades autónomas, mire vostede o que pensan os do Partido Popular da Lei de saúde de aquí de Galicia; pregúntelle vostede a súa compañeira e amiga, a señora Ayuso, que opinión ten desta Lei de saúde para Galicia. A min non me gusta a señora Ayuso, a min non me gusta o Partido Popular. Probablemente a eles tampouco lles guste vostede nin o que fai aquí en Galicia, pero a min o que me preocupan son os galegos e as galegas, e preocúpame que nesta Cámara se sacase adiante unha Lei de saúde que vulnera os dereitos e as liberdades dos galegos e das galegas. E dígollo con todas as letras, señor Feijóo, *(Aplausos.)* vostede quere facer unha confusión continua para non asumir que o rodillo do Partido Popular vulnerou os dereitos e as liberdades dos galegos e galegas, cunha lexislación na que vostede se excede das competencias. ¿Ou cre vostede que cada unha das comunidades autónomas ten que decidir en España se se poden poñer vacinas de forma obrigatoria, se se pode confinar os galegos nunha determinada situación e non noutras comunidades, ou se hai que ter dereitos para illar nunhas comunidades e non noutras? ¿Que modelo constitucional defende vostede?

E claro que foi o Tribunal Constitucional o que freou coa Constitución na man, cos dereitos e liberdades por bandeira dos cidadáns, o seu intento de vulnerar eses dereitos aquí en Galicia.



E cando falamos de medidas de desescalada, claro que eu lle falo da Lei de saúde, dunha suspensión dunha lei na que vostede ten moito que dicir, e que é un exemplo de como o Partido Popular se excede na súa estratexia de confrontación. Para gobernar Galicia hai que defender os dereitos e liberdades dos galegos e das galegas por riba de todo, e pódese facer loitando contra a pandemia porque hai instrumentos útiles, como foi o estado de alarma e defendendo a reactivación económica. E vostede errou e non quere asumir a responsabilidade.

Cando vostede di, señor Feijóo, que esa lei non ten problema, ¿está dicindo vostede, señor Feijóo, que o Partido Popular de Galicia vai manter esa lei porque considera que non vulnera ningún dereito nin liberdade? ¿Está vostede dicindo que vai ir aos tribunais defender que vostede non vulnerou os dereitos e liberdades? Porque cando vostede di que está disposto a cambiar a lei está recoñecendo que o Tribunal Constitucional lle deu coa Constitución un golpe na mesa porque vostede se extralimitou, porque vostede se saltou dereitos e liberdades, e porque non se poden facer tics autoritarios nin retrocesos democráticos en tempos de pandemia.

Baixen do rodillo do Partido Popular, gobernen para os galegos e galegas, que están preocupados en chegar a fin de mes, en ter posibilidades para resistir, e fágano respectando os dereitos e liberdades para os galegos e para as galegas.

O Partido Popular di en Madrid que é o Partido Popular da liberdade, falsa liberdade porque sen igualdade non hai liberdade, pero o Partido Popular en Galicia nin tan sequera di iso, porque restrinxe dereitos e liberdades, e eu sei que a min non me gustaría en ningún caso que Ayuso poida gobernar en Madrid. Eu sei que a vostede tampouco, porque está noutra escalada de procedementos e lle preocupa moito o que alí ocorra. Pero, eu quérolle dicir a verdade, señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...gobere para os galegos e para as galegas e pónase a legislar coa Constitución e o Estatuto e cos dereitos e liberdades das galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Vostedes erraron, recoñezano, que se equivocaron, que se extralimitaron,...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que fixeron unha lexislación que hai que cambiar, e, aínda que vostede non o queira recoñecer, o día que esta Cámara teña que cambiar esa lei que vai ter que cambiar, vostede recoñecerá pola vía dos feitos que cometeron un exceso en competencias, que vulneraron dereitos e liberdades, e que o seu exceso de intento de protagonismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Rematou o seu tempo.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ...o deu contra os galegos e contra as galegas.

Máis nada, señorías, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Presidente, non é fácil, porque vostede estivo hoxe *sembrado*, señor Caballero (*Risos.*) Non sei exactamente do que se me pregunta, se eu apoio a miña compañeira Ayuso para que sexa presidenta da comunidade autónoma, non tería vostede ningunha discusión. Xa sei que vostedes, no Partido Socialista, non se apoian entre si, pero iso non ten nada que ver co Grupo Parlamentario Popular nin con este partido. (*Aplausos.*)

Pero, miren, señorías, o certo e verdade é que hai que escoller, e o Goberno central ou legisla ou deixa legislar. O que non pode dicir é que para legislar sobre a pandemia me corresponde a min, pero eu non o vou facer. Iso é durante once meses o que fixen. Apoiamos varios estados de alarma co compromiso de legislar, de dar unha lei orgánica para xestionar unha pandemia. No mes de maio, a vicepresidenta primeira do Goberno notificounos que se ía sacar unha lei orgánica para xestionar a pandemia. Mentíronnos, señoría, levan trece meses de inacción, trece meses tomando a pandemia a broma, trece meses sen cobertura legal, salvo o estado de alarma, que é o máis fácil. ¿Para que legislar? Activamos o estado de alarma. Espero que España non se converta nun estado de alarma democrático de dereito. Espero que España siga sendo un estado democrático de dereito e legisle para solucionar os problemas que os españois teñen nada máis e nada menos que no ámbito da saúde pública.

Pero vostede vén aquí a arrogarse ser nada máis e nada menos non só o presidente do Tribunal Constitucional, senón todos os membros do Tribunal Constitucional, porque acaba de ditar unhas sentenzas e queda tan campante, ¡que máis dá!

Mire: «El Gobierno puede impugnar ante el Tribunal Constitucional las disposiciones adoptadas por los órganos de las comunidades autónomas. La impugnación producirá la suspensión de la disposición recurrida», artículo 161.2 de la Constitución. El Tribunal Constitución no ha suspendido la ley gallega, la ha suspendido su Gobierno. Y usted y su Gobierno central son los responsables, junto con los nacionalistas, de que la ley gallega no esté en vigor en este momento. (*Aplausos.*) Nada más, señoría.

Señoría, estamos todos os galegos e todos os españois a partir do 9 de maio desamparados, e estamos desamparados pola inacción continuada e constante do Goberno central. Tiñamos unha resposta en Galicia, a Lei de saúde, e esa resposta foi boicoteada polo Goberno central, polo Partido Socialista en Galicia e polo Bloque Nacionalista en Galicia, e por Vox, que son os que se interpuxeron contra esta lei.

Pero volvo reiterar, ¿é que acaso o Parlamento de Aragón ten máis competencias que este Parlamento? ¿É que acaso no Parlamento de Aragón cando se legisla cunha lei do mes de decembro



non se recorre e a lei galega recorrese? ¿É que acaso o Parlamento catalán cando legisla ten máis competencias que este Parlamento de Galicia e aí non se recorre e aquí recorrese? ¿Cal é o problema, señoría, que esta lei non está publicada en catalán? Ese é o problema, señoría.

Mire, son presidente de Galicia, vou seguir exercendo as miñas competencias, e agradezo ao Grupo Parlamentario maioritario que representa a maioría de Galicia que nos dera unha ferramenta para traballar. Non teño ningún interese en entrar en debate co Goberno central, e moito menos nos debates que non existen.

Mire, señoría, nós propuxémoslle ao Goberno central unha interpretación da lei o pasado luns, ¿van aceptala? Nós non temos ningún interese en vacinar de forma obrigada, iso é un disparate porque non ten cobertura legal, dixémolo na lei e dicímolo aquí, ¿por que non asinan, señoría, esta interpretación?

Mire, señoría, este recurso é un recurso político, non é un recurso xurídico, e, por se fora pouco, o pasado mércores, Galicia recibiu dúas notificacións do Goberno central para abrir comisións bilaterais e valorar o posible recurso de inconstitucionalidade que quere plantexar o Goberno de España contra a Lei de reactivación da economía de Galicia e contra a Lei de residuos. Chámannos a sentarse para dialogar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e ver se realmente hai que facer algunha modificación ou hai algunha dúbida. Chamáronnos o pasado mércores para sentarse, ¿por que non nos chamaron para sentarse na Lei de saúde? ¿Por que nos recorreron de forma directa a Lei de saúde sen mediar nin un só coñecemento ou preaviso? E ¿por que suspenden a Lei de saúde sen coñecemento e preaviso?, e sen embargo na Lei de residuos e na Lei de reactivación económica nos chaman a falar, é dicir,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que durante unha pandemia se suspende a lei para xestionar a pandemia e, sen embargo, hai tempo para falar dos residuos e tempo para falar da reactivación económica.

Señor Caballero, este recurso é político, é partidista e é unha irresponsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E algún día acordarase vostede do seu papelón...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...durante todo este tempo, exactamente o mesmo papelón que o Partido Socialista de Galicia fixo...



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...contra a Xunta cando reclamaba o IVE...

O señor PRESIDENTE: Presidente, terminou o seu tempo.

Grazas, rematou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...os 200 millóns de euros que nos deben e que o Tribunal Supremo está empezando a poñer un pouco de orde. Hai un Goberno moroso e un Goberno irresponsable.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a concreción da anunciada posta en marcha dun novo modelo de atención ás persoas maiores.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, a vacina desterrou as mortes por covid nas residencias, pero sería inmoral esquecer o drama sufrido nestes centros, onde faleceron 790 persoas que estarán sempre no noso corazón. Estamos falando do 34 % de todas as vítimas do virus.

A pandemia sacou á luz con toda dureza os problemas das residencias, pero non fagamos trampas; eses problemas xa estaban aí, xa existían nun modelo que estaba totalmente privatizado e que sitúa o coidado dos nosos maiores en dous extremos: o negocio puro e duro, controlado por fondos de inversión que moitos operan desde paraísos fiscais, ou a caridade asistencial con entidades vinculadas á Igrexa católica.

DomusVi é o exemplo do primeiro grupo, propiedade dun fondo de capital británico e que opera desde a illa de Jersey, xestiona en Galiza arredor de 4.800 prazas. A Fundación San Rosendo e as Hermanitas dos Ancianos Desamparados entran na segunda categoría, con máis de 5.000 prazas.

E a pregunta é moi sinxela: ¿queremos que o coidado das persoas maiores, dos nosos pais, das nosas avoas, estean en mans de empresas que fan negocio coa vellez? ¿Queremos que estea en mans de entidades vinculadas coa Igrexa que entenden isto como a caridade asistencial?

No BNG dicimos que non, nin caridade asistencial nin tampouco negocio coa vellez, (*Aplausos.*) como fai, señor Feijóo, Josefina Fernández, presidenta de DomusVi e a quen vostede lle entrega todo oufano medallas.

O que defendemos desde o BNG é servizo público para poder garantir o dereito a unha vellez digna e por iso propoñemos un novo modelo de residencias. Somos realistas e sabemos que un modelo privatizado nun 85 % non se recupera en dous días, pero hai que traballar sen



pausa con ese obxectivo. E quero facerlle tres propostas realistas que só precisan de vontade política.

A primeira, xestión pública directa das sete residencias previstas nas cidades galegas.

Segunda, recuperemos todas as residencias privatizadas a medida que se vaian rematando os contratos.

Terceira, unha lei de residencias que poña os nosos maiores no centro, sabendo que a residencia é o último recurso. Unha lei que aposte polo público, porque hai que construír residencias públicas, que aumente as ratios mínimas de persoal por cada usuario, que acabe coa precariedade e os baixos salarios das traballadoras, ás que queremos seguir recoñecéndolles o enorme esforzo que fan, que aumente as inspeccións e que faga que este servizo realmente funcione.

E finalmente, señor Feijóo, transparencia. Queremos un sistema transparente que renda contas ás familias e tamén ao conxunto da sociedade.

E quero facerlle unha pregunta moi concreta, pídolle un dato, díganos, señor Feijóo, canto nos custa a factura que lle pagamos ao sector privado das residencias.

Señorías, despois do vivido da pandemia, sería inmoral limitarse a cambios cosméticos; o que se precisa é un novo modelo público e de calidade, porque unha sociedade que non coida os seus maiores é unha sociedade que non se respecta a si mesma. Por iso pregúntolle, señor Feijóo, ¿en que se concreta ese novo modelo de residencias que ten anunciado? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non pode ser doutro xeito, señor presidente e señora Pontón, que lamentar cada un dos falecementos pola covid que se produciron en Galicia, dunha forma explícita e concreta en relación cos falecementos producidos nas residencias da terceira idade e, por suposto, tamén a todos os contaxiados que aínda hoxe en número de 3.000 están padecendo esta pandemia e que se produciron en moitos miles en Galicia, máis de 115.000.

Señoría, creo que sería bo recoñecer que Galicia, en relación coas súas residencias, foi a comunidade autónoma peninsular con menor impacto de falecementos nas residencias da terceira idade. Dígoo porque hai 18.200 traballadores que se dedican a isto, e creo que sería bo poñer en valor o que fixeron estes profesionais, moitos deles durmindo nalgunhas residencias sen poder ir á casa para non ter a posibilidade de contaxiar os residentes. Creo que é de xustiza que o BNG deixe de, constante e continuamente, desprezar eses traballadores e poñer en valor o que fixeron. Porque, mire, o número de falecementos no total de internos nas residencias en España foi de máis do 10 % e en Galicia do 4 %. Por tanto, 18.200 persoas estiveron traballando con rigor, entregándose, e moitas veces inicialmente, nas primeiras



semanas, sen os suficientes materiais para protexer a súa saúde. Os 18.200 traballadores merecen un respecto, aínda que o BNG por un problema ideolóxico considere que estes traballadores que traballan en empresas, en entidades sociais, etc., etc., non merecen respecto. ¿Por que? Porque non son funcionarios. Ese é o plantexamento que hoxe veño escoitar aquí.

Mire, Galicia contou con protocolos claros, con medidas de actuación específicas e con intervencións contundentes. Galicia foi a pioneira na creación das residencias integradas; a primeira que fixemos foi aos dez día da pandemia, o 24 de marzo. Abrimos catro durante a pandemia, é dicir, construír unha residencia de persoas infectadas para coidalas con persoal asistencial.

Galicia foi unha das comunidades autónomas das primeiras en intervir algunhas residencias privadas, concretamente intervimos 14 centros.

Galicia fixo un programa intensivo de auditorías, 300 inspeccións e 161 auditorías, total: 461 intervencións. Vostedes foron á consellería ver a documentación. Por certo, non lles dixeron nada aos cidadáns, supoño que as encontrarían ben. Por tanto, volvo pedir tamén respecto pola Inspección sanitaria e pola Inspección social.

Mire, o único matrimonio que ten o Partido Popular de Galicia e a Xunta de Galicia é cos galegos, señoría, non con ningunha empresa, nin con ningunha entidade, e aí imos seguir.

En canto á vacinación, benvida, señora Pontón, á vacinación. Mire, cero falecidos nos últimos 36 días, cero contaxiados nos últimos 37 días. Eu veño facer un chamamento a toda a poboación para que se vacine, porque as residencias acreditan que a vacina é o método único e eficaz contra a pandemia. A vacina, señora Pontón, é o que vimos nós inocular nas residencias e nos centros de discapacidade, que por certo parece que vostede se olvidan. É que hai persoas que estiveron internas nos centros de discapacidade, que parece que se olvidan. ¿Sabe por que? Porque todos os centros de discapacidade están xestionados por entidades sociais e soamente tres están xestionados pola Xunta de Galicia. ¿Por que non me propón agora que os centros de discapacidade os xestione tamén a Xunta de Galicia directamente e deixemos sen recursos os centros de discapacidade das entidades sociais? Pero este tipo de demagogia, ¿en que consiste? Señora Pontón, ¿por que non mira o que fixo o BNG? O que fai o BNG nos concellos, nas deputacións, e o que fixo durante o bipartito para vir falar aquí durante unha pandemia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de que nós non temos o trato igualitario aos residentes e aos nosos maiores.

Señora Pontón, creamos un novo modelo de lexislatura: o primeiro que fixemos foi crear unha Dirección Xeral de Atención Sociosanitaria, á fronte un médico; e, o segundo, constituír unha comisión con 19 persoas (médicos, enfermaría e persoal específico, xeriatras, etc.) para construír un novo modelo de residencias. Levámolo á Comisión de Reactivación. Propostas de emenda do BNG, cero. ¿Cal é o seu modelo de residencias, señora Pontón? ¿Exactamente que é o que propón?



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...mire, nós propoñemos unha histórica clínica nas residencias, vías prioritarias para os ingresos hospitalarios dende as residencias, referentes dos centros de saúde cara ás residencias. Propoñemos tecnoloxía, censos informáticos, un programa de fogar intelixente nas persoas que viven soas, reformas estruturais e arquitectónicas, e unha necesaria revisión normativa.

Seguimos traballando co novo modelo de residencias, señoría. Pero, por favor, respecte os 18.200 traballadores das residencias e centros de discapacidade, e respecte, señoría, os datos, porque respectar os datos é respectar a memoria das vítimas.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non se altere; neste país os únicos que teñen dereito a estar alterados son as persoas que viron o drama que vivían nas residencias *(Aplausos.)*, desde os que faleceron ás súas familias, os traballadores e as traballadoras. Pídlle respecto e sosego, señor Feijóo, porque o problema é que vostede non quere ver o que está pasando.

E voulle dicir o que fixo o BNG cando tiña capacidade para gobernar este país. Pois, mire, o BNG en tres anos foi capaz de facer máis polo benestar dos maiores e da infancia que o Partido Popular en 34 anos *(Aplausos.)*, que o único modelo que defende é o da privatización dos servizos públicos. Ese é o seu balanço, señor Feijóo.

E, mire, pídlle que non desprece as traballadoras das residencias públicas do noso país, porque ¿sabe cal é o maior desprezo que viven esas traballadoras que tanto lle dan á sociedade? Que mentres vostede financia as empresas cunha man, a elas coa outra o que teñen é precariedade e baixos salarios, e vostede non quere cambiar ese traballo. *(Aplausos.)* Non desprece as traballadoras deste país e non esconda o seu desastre detrás delas.

De verdade, debería facer unha reflexión ética e moral de como pode seguir vindo aquí presumir dos datos de falecemento da residencias. ¡Párteseme o corazón cada vez que llo escoito, señor Feijóo! *(Aplausos.)* Non siga xogando con ese tema.

E, mire, lamentablemente, a súa resposta é que non nos sorprende, porque vostede leva 12 anos cunha política de acoso e derribo dos servizos públicos, parece que o que vostede quere é desmontar o estado do benestar. E en vez de vir aquí dicirnos que o alarma que o 85 % das prazas das residencias estean privatizadas, no fondo o que parece é que o que lle molesta é que non estea privatizado o 85 % da educación e o 85 % tamén da sanidade, porque iso o que nos está pedindo a sociedade é unha reflexión de futuro, e a nós dende logo sorpréndenos que o señor Feijóo veña aquí defender que lle parece estupendo, defender as empresas que



ven a vellez como un negocio e que ademais operan dende paraísos fiscais. Iso é o que nos sorprende, señor Feijóo, que veña vostede aquí.

¿E de verdade me di que o cambio de residencias de modelo é un expediente electrónico? Despois de todo o que vivimos, despois de todo o que pasou nas residencias, ¿pode vir dicirnos que ese é o gran cambio, o expediente electrónico?

Nós estámoslle facendo propostas concretas e pídolle que sexa claro. ¿Vai facerse unha xestión directa das 7 residencias que están neste momento previstas?, ¿si ou non? Porque ao mellor é que a señora Josefina Fernández o que xa se está é frotando as mans porque ve máis negocio nesa construción de novas residencias (*Aplausos.*), que parece que é o que vostede está defendendo.

¿Van vostedes poñer en marcha condicións laborais dignas para as traballadoras? ¿Vanse reverter as privatizacións que se teñen producido? ¿Vaise ter un servizo de inspección para que realmente funcione? ¿Vanse incrementar as sancións, señor Feijóo? Porque é que é máis barato incumprir que cumprir, é que lle sae máis barato ás empresas. Iso é o que está pasando e iso é o que levamos visto con asombro durante estes últimos meses, que foron algo tráxico.

Señor Feijóo, estamos falando dun tema fundamental. Hai que aprender das leccións desta pandemia, e se algunha lección nos deixa é que o modelo de residencias privatizadas fracasa de arriba a abaixo. (*Aplausos.*) Se se respecta este país, respecte os nosos maiores, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moi ben, señor presidente.

Señora Pontón, fixo máis o BNG durante non sei canto tempo que a Xunta de Galicia etc., etc., etc. Bueno, se vostede o di..., o problema é que vostede pode dicir o que lle pete, o importante é o número de persoas que están en residencias da terceira idade, o número de persoas que están en centros de alzhéimer, o número de persoas que están nos centros de discapacidade. Esa é a realidade.

Sobre a privatización, cuestión como se pode vostede imaxinar, señora Pontón, que non vou contradicir, por suposto. Pero, mire, eu si sei o que fixo o Goberno bipartito desde que chegou no ano 2005 a abril de 2009. O Goberno bipartito puxo en marcha 4 residencias públicas, con 240 prazas, e concertou 5 residencias públicas con 640 prazas. ¿Vostede vai seguir falando da privatización? (*Murmurios.*) É dicir, que vostedes, que tiñan nada máis e nada menos que esa competencia directa, abren 4 residencias e concertan 5. As residencias pequenas, Xunta de Galicia, 240 prazas; as residencias grandes, 607 prazas concertadas con esas empresas ás que vostede se refire. (*Murmurios.*) É sorprendente, señora Pontón.

Sigamos falando das privatizacións. Estamos vendo o Servizo de Axuda no Fogar, que perciben 24.000 persoas; e imos aos concellos do BNG, por suposto, porque nos dá luz sobre a



xestión dos servizos públicos. Concellos do Partido Popular con xestión privada, o 29 %; concellos do Partido Socialista, 45,5 %; concellos do BNG, 46,6 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O número de concellos con máis privatización do Servizo de Axuda no Fogar, os concellos do BNG. (*Murmurios.*) Seguimos.

Deputación de Lugo, bipartito BNG-PSOE, despois de perder, señor Caballero, faltounos un escano para a Deputación de Lugo, ¡que lle imos facer!, nós somos demócratas. Pois, mire, despois de todo isto, residencias de Lugo, 5 residencias abre a Deputación de Lugo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) todas externalizadas, 3 con empresas e 2, como di vostede, coa Igrexa católica. (*Murmurios.*)

¿Pero de verdade que vostede vai seguir tomándolles o pelo a todos os galegos que nos están mirando? Pero sigamos no Concello de Ribadeo, BNG. ¿A quen lle acaban de dar a residencia? A unha empresa construtora. ¿Pero de verdade que vostede está falando en serio, hoxe, das residencias da terceira idade e as súas formas de xestión?

Mire, isto é o que fixo o BNG, pero non o que fixo en tempos pretéritos, senón o que fai, de forma continuada e constante, actualmente, é o que intenta e o que considera oportuno. E eu non o critico, señora Pontón, pero o que si critico é a súa hipocrisía, a súa hipocrisía política, e a súa hipocrisía dicindo que a este Goberno no lle interesan os maiores e que sacamos peito por non sei que... Pero, señora Pontón, ¿como pode vostede dicir iso en sede parlamentaria? ¿Como pode dicir vostede que este grupo político saca peito nos falecementos das residencias? ¿Pero vostede cre que non temos corazón? ¿Vostede cre que non temos maiores nas nosas familias?

Pero, señora Pontón, un pouco de respecto. Se non nolo ten a nós, polo menos ás familias que perderon a xente.

Mire, señora Pontón, dende que chegamos ao Goberno multiplicamos por dúas as prazas de servizos sociais. No ano 2009 había 12.000 prazas de servizos sociais, centros de día, alzhéimer, residencias, bonos libranzas, casas do maior, prazas de discapacidade..., 12.000, e hoxe hai 24.636. Por dous.

Número de residencias, prazas de residencias financiadas con fondos públicos: co BNG 5.500, co Partido Popular 8.026. Un 43,8 % máis.

Pero, señora Pontón, ¿de que se nos acusa? ¿De verdade que vostede vén aquí dar unha clase de xestión dos servizos públicos de forma directa con estes antecedentes do BNG, que é o partido que máis privatiza a Axuda no Fogar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e o partido que, gobernando na Deputación de Lugo, externaliza todas as residencias que xestiona, e un partido que xestiona en Ribadeo e que lle dá a explotación da residencia a unha empresa construtora?

Señora Pontón, con todos os respectos, teña vostede coidado con andar dicindo este tipo de cuestións, porque dentro de moi pouco tempo a xente vai rirse, señorías.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por favor, señora Pontón, se quere construír un novo modelo arquitectónico, un novo modelo de capacidade asistencial, un novo modelo de relación das residencias coa sanidade, un novo modelo sociosanitario en Galicia, ten vostede as portas abertas da Xunta de Galicia. Pero, se vén vostede con este tipo de hipocrísías, o problema é que lle pecharán as portas a vostede.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 4 da orde do día, de proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engádese un novo parágrafo ao final da parte resolutiva co seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a que dea cumprimento ao acordo do Parlamento galego do ano 2019 no que, por unanimidade, se demandaba ao Goberno do Estado a transferencia a Galiza de todas aquelas competencias que xa foran transferidas a outras comunidades autónomas, ou que se atoparan en proceso de negociación a tal fin.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España, a través da Comisión Bilateral ou convocando a Comisión Mixta de transferencias, a apertura inmediata de conversacións conducentes a que a Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de recibir as partidas económicas adebedadas pola Administración Xeral do Estado xa demandas por esta Cámara (liquidación do IVE 2017, incentivos polo cumprimento das regras de gasto, transferencias para políticas de em-



prego ...), reciba novos traspasos priorizando a titularidade da autoestrada AP-9, coa dotación de fondos correspondentes ás actuacións pendentes de execución e das bonificacións previstas para os usuarios e a xestión do dominio público marítimo terrestre e ordenación de usos e actividades e outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo terrestre.»)

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, onte manifestei a miña repulsa polo intento antidemocrático do Jacobaltarismo de silenciar e expulsar da política a quen foi o candidato máis votado nas municipais de Ourense, Rafa Villarino. E dixen e reitero que o que está pasando en Ourense forma parte dun caldo de cultivo fascista moi perigoso e que é unha mostra máis de que Vox está no Partido Popular de Galicia; máis concretamente, na sección Vox ben nutrida e representada nesta Cámara. Hoxe quero preguntarlles ¿como poden atreverse a reclamarlle a un político honrado e limpo como unha patena, como Rafa Villarino, que ademais gañou as eleccións, que se retire da política cando levan vostedes 35 anos sendo partícipes do caciquismo, do nepotismo e dos chanchullos do Partido Popular de Ourense? (*Aplausos.*) ¿Por que ten que retirarse Rafa Villarino? ¿Por ser o máis votado? ¿Por non ser parte dos seus chanchullos? ¿Por ser un home honesto e limpo nunha terra marcada e manchada pola corrupción?

Indo ao tema, o PSdG sempre defendeu que a historia do Estado das autonomías, con todos os seus problemas e vicisitudes, é en conxunto unha historia de éxito. Éxito económico, político e social do que o PSdG foi partícipe, como o foi da esforzada conquista do Estatuto de autonomía de Galicia, parafraseando o título do libro de Ceferino Díaz.

Politicamente permitiu articular con todas as tensións e a dialéctica inherentes á democracia as demandas territoriais dun Estado plural e contribuíu a vertebrar esa España invertebrada da que falaba Ortega hai máis dun século. Economicamente abriu catro décadas de prosperidade que non teñen precedentes na nosa historia. E socialmente facilitou sen grandes desequilibrios a articulación multinivel dun estado de benestar que atravesa por momentos difíciles pero que lle permite hoxe a moita xente manterse a flote en medio da actual tempestade.

Este éxito relativo —porque todo é relativo— do Estado das autonomías non estaba asegurado cando comezou a singradura constitucional, porque non había unha folla de ruta prefixada e predeterminada para desenvolvelos, senón que unha arquitectura constitucional deliberadamente flexible abriu un abano de posibilidades que foron desenvolvéndose a medida que avanzaba a nosa democracia pero que poderían telo sido dun xeito diferente.

O Estado das autonomías segue a ser hoxe un proceso aberto que oscila entre dous perigos, a Escila da tentación centralizadora e a Caribdis do independentismo. A primeira, a deriva centralizadora, singularmente representada por Vox, que en Galicia —como digo— está integrada na sección Vox do PP aquí presente, e tamén polo propio PP estatal, cun Casado que nas eleccións de abril de 2019 dicía que era prioritario recentralizar, pero logo en novembro de 2019 dicía que xa era moito menos prioritario. E agora non sabemos que di, como non



sabemos o que dirá mañá porque Casado é un señor de principios marxistas, deses que dicía Groucho Marx que, se non lle gustan, teño outros.

E o independentismo está encarnado no esperpento catalán, o dun país que en 2010 decidiu botarse ao monte enganado por xentes como os Pujol, uns auténticos cínicos que practicaban a corrupción a escala industrial mentres exaltaban as paixóns identitarias, o cal dá unha idea bastante aproximada da estratexia de país dunhas xentes que funden e confunden a patria co seu bolsillo.

Esta iniciativa é a mesma que foi promovida polo PSdG e debatida e rexeitada polo PP hai dous anos. Demasiadas cousas cambiaron neses dous anos, pero nós seguimos apostando por avanzar no modelo autonómico, un modelo que reivindicamos, á vez que cremos na súa perfectibilidade porque o federalismo non é algo estático, senón dinámico. E nós cremos no federalismo e cremos que non ten por que haber problemas porque se avance na transferencia de competencias. Esta iniciativa é unha mostra de que nós facemos unha defensa radical dunha idea moderada, como é o Estado das autonomías, por moito que aos defensores do radicalismo inmoderado esa radicalidade moderada lles pareza que non está á altura do seu delirio, e aos defensores do inmovilismo lles pareza demasiado radical.

Afondar no Estado das autonomías, defendendo o carácter de nacionalidade histórica de Galicia, esa é a nosa proposta. Porque o certo é que o Goberno de Feijóo abdicou da reivindicación desa nacionalidade histórica por unha dobre vía: en primeiro lugar, renunciando a ampliar o noso autogoberno, renunciando por completo na medida en que en 12 anos non é que fose incapaz, senón que nin sequera tivo ou manifestou a intención de obter algunha nova competencia. Nin unha nova competencia en 12 anos, nin a primeira, nin unha, ese é o balance en canto á ampliación do autogoberno de Galicia, cero. Pero, en canto ao exercicio dese autogoberno, o Goberno de Galicia abdicou na práctica de parte das súas competencias; por exemplo, en política industrial, competencia exclusiva de Galicia, xunto coa de promoción económica, de acordo co noso Estatuto de autonomía. Dúas competencias nas que nos últimos 12 anos o Goberno galego estivo desaparecido e ausente, e nos dous últimos practicando ademais o máis descarado escapismo e dicindo que todo o negativo que pasa en Galicia é —segundo vostedes— culpa do Goberno central, que mantería unha sorte de escura e incomprendible conspiración para prexudicar Galicia, cando os cambios económicos e sociais e industriais que se producen son froito, en primeiro lugar, de tendencias globais, e, en segundo lugar, en materia económica e industrial, da ausencia de política na materia por parte do Goberno de Galicia. O mesmo escapismo que levan practicando durante toda a pandemia, durante a cal lle botaron a culpa ao Goberno central, ás administracións locais, a Portugal e, por suposto, á cidadanía... porque non se lles ocorreron máis posibles culpables.

E con estes vimbios, con este escapismo e deslealdade constitucional continua non hai xeito de autogobernarnos eficaz e efectivamente, porque vostedes foxen das súas competencias, das nosas competencias conqueridas con esforzo. Nós cremos que —como dicían Os Resentidos— Galicia é un sitio distinto, na medida en que ten tantas particularidades que resultan incluso difíciles de calibrar na súa xusta medida. A metade dos núcleos de poboación de España, cun 5,6 % da poboación, a maior superficie costeira de España coa destacada singularidade, singularidade singularísima das rías. O maior sector forestal, unha orografía particular,



especificidades económicas como a estrutura da propiedade agraria e especificidades sociais como o envellecemento; especificidades dabondo para considerar un tratamento específico.

E por iso propoñemos ampliar competencias en materias como o tráfico, que xa se aprobou onte, ou a inspección do traballo, a xestión do litoral; pero tamén o dominio público marítimo-terrestre ou a política forestal, ou a demarcación xudicial... Ata un total de 30 competencias. Todas e cada unha delas competencias razoables, razoadas e perfectamente viables, ningunha extravagancia. Non brindes ao sol sobre máis autogoberno, ou sobre ficticias aldraxes que non levan a ningures, ou sobre igualarnos mimeticamente con outras comunidades, senón unha relación concreta e pormenorizada, un paquete concreto e definido de avance e estímulo do noso autogoberno.

Porque estamos na liña dun federalismo eficiente que non entende aprioristicamente que sexa mellor que as cousas as faga o Estado ou as faga a nosa comunidade autónoma, senón que entende que hai que analizar que pode facer mellor o Estado e que pode facer mellor Galicia. Porque pensar en clave federal —como dicía o profesor Máiz nun recente encontro do meu partido— é o xeito de superar as tensións territoriais promovendo a cooperación e o diálogo fronte á confrontación e á imposición, promovendo emocións positivas e inclusivas fronte a aqueles que promoven as negativas e excluíntes porque, por se non se decataron, no século XXI a independencia foi substituída pola interdependencia.

Eu son coruñés, galego, español, europeo e cidadán do mundo; é dicir, a miña identidade é múltiple; e pertenzo á república das letras como pertenzo ao reino da natureza e pertenzo á miña terra galega como pertenzo á miña península coruñesa, como pertenzo a esa outra terra que é un pequeno planeta azul que algúns chaman Gaia, que xira arredor dunha estrela. E todos somos —tamén vostedes e vostedes— polvo de estrelas e minúsculas partículas viventes nun tecido cósmico infindo que non remata nin por asomo nos Ancares nin se esgota en Madrid.

Nada máis e seguiremos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ¡Eu son polvo de estrelas! *(Risos.)*

Bos días, señor presidente, señorías.

O primeiro é facer un pequeno inciso, á vista do que manifestou o señor presidente. Eu fun un dos deputados e deputadas desta Cámara que fun ver, inspeccionar o que me deixaron —moi limitado— dos expedientes das residencias. Como consecuencia diso, preguntamos e pedímoslle á Xunta de Galiza que remitira os expedientes á Fiscalía; non sei se o fixeron todavía, pero iso pode dar unha idea do que vimos e do que nos pareceu o que vimos. *(Aplausos.)*



Tamén nesa liña de explicación, gustaríame que nos dixera por que no 2010 se vendeu a participación pública, o 45 % da participación pública, en Sogaserso. E despois por que iso, vendido ás caixas por 45 millóns, á volta de 5 anos permitiu un pelotazo de 5 millóns de euros a favor de DomusVi. (*Aplausos.*) Privatizar recursos públicos en beneficio de pelotazos privados. (*Aplausos.*)

E despois, bueno, agora que entrou dona Marta xa non, pero xunto con Noa, permítame que empece con iso, son deputado por Ourense e son cidadán de Ourense; penso que ata que entrou dona Marta era o único. E por iso quero facerlles un rogo ao Partido Popular, xa que falan tanto de Ourense, aínda que lles importa bastante pouco. Pedímoslles que faciliten, que permitan a moción de censura. Que permitan a moción de censura, que remate con este Goberno do que vostedes son responsábeis e que está tendo nefastas consecuencias para a cidadanía de Ourense; sei que non lles importa moito, a nós si porque estamos sufrindo moito. E son os responsábeis porque vostedes alimentaron dende hai anos —con recursos públicos, por certo— a don Gonzalo Pérez Jácome. Despois, sabendo que era letal, fixérono alcalde. Despois participaron no Goberno e abandonaron o Goberno, e neste momento a cidadanía non sabemos se o Partido Popular está ou non no Goberno de Ourense. O que si sabemos é que temos unha cidade paralizada, onde para atender as persoas en situación de emerxencia social —para atender as persoas, non as súas necesidades— teñen que tardar seis meses. Non hai actividade cultural no concello e o sector cultural está esmorecendo. Non temos orzamentos nin plan de urbanismo. Sigán preocupándose do cambio de sede.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tabarés, á cuestión, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Non, isto é a cuestión. Estou falando de transferencias, de transferencias de dereitos e transferencias de dignidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Á cuestión.

Señor Tabarés, segunda chamada á cuestión.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Ben, sobre a iniciativa. Avanzamos o noso voto favorable. Temos presentada a emenda.

E inicialmente a nosa moderada satisfacción porque, despois do Pleno anterior, onde esa defensa pechada da obra de Javier de Burgos, que vai cumprir 200 anos, esa división provincial, mesmo da negación da capacidade de decidir da cidadanía mesmo dentro da Constitución, pois esta iniciativa parecíanos un pouco de aire fresco ou polo menos esperanzadora. E apoiábamola e apoiámola no sentido desa intención de incrementar o autogoberno, de que o Partido Socialista —o PSdG, se existe— considere que a capacidade de xestión de recursos públicos e das necesidades e dos intereses de Galiza non é unha teima nacionalista, senón que é bo para os galegos e para as galegas e para este país. E nese sentido apoiámola entendendo que non é excesivamente ambiciosa, e mesmo ten un pequeno erro. Non é excesivamente ambiciosa porque é unha mera reprodución doutra lexislatura anterior, pero é moito máis cativa que o xa acordado por este Parlamento, tamén polo PSdeG en 2008, mesmo en 2019. E agora pedimos menos competencias. E, por certo, nalgunha persoalmente



o meu desconcerto, non entendo como se pide demarcación xudicial e non se pide a planta xudicial. Eu aconséllolle que mire ese proxecto, seguro que xa o fixo ese proxecto que aprobou o Goberno do Estado, de Lei de eficiencia organizativa do servizo público, onde parece que, en lugar de descentralizar ou mesmo desconcentrar, o que se está é con tendencias centralizadoras e levando a Madrid necesidades nosas, necesidades só nosas.

E despois penso que, agás un erro pola miña parte —penso que non—, pero pídense cando menos unha competencia que xa está transferida. Obviamente está transferida na época do bipartito, porque aí si concordo que dende o ano 2009 non houbo ningunha transferencia para Galiza. Transferíronse 78 competencias a diferentes comunidades, a practicamente todas as comunidades, agás Murcia e Galiza. Mesmo o Goberno de Rajoy transmitiu e transferiu competencias de millóns de euros a comunidades como Canarias, Madrid, Castela-León, Castela-A Mancha, a Rioxa, millóns de euros... Para Galiza ningún. A pesar de que o Partido Popular no 2009, en plena crise, ou sexa que o Partido Popular pode transferir competencias e xestionar ao mesmo tempo —entendemos que mesmo nunha situación de crise sería unha cousa boa—, anunciaron un compromiso de reclamar 70 espazos competenciais. Ningún. En 2010 o señor Rueda anunciou a transferencia, a reclamación ao Estado de 17 competencias: inspección de traballo, xestión do dominio marítimo-terrestre, ordenación do litoral, tránsito, conca hidrográfica, etc. Nada. En 2012 prometeron o mesmo; en 2016 prometeron o mesmo. Nada, anuncios, anuncios, anuncios sen cumprir ningún, niso si que son constantes. Xa o facían en 2009 e ségueno facendo en 2021, anuncios, anuncios, anuncios sen efectividade práctica para o pobo galego, sen efectividade ningunha.

Pero o cerne do problema ¿cal é? Pois en esencia que están máis cómodos facendo oposición; facendo oposición ao Estado, facendo oposición aos concellos, facéndose oposición nese exceso xa de paroxismo, facéndose oposición mesmo a si mesmos, o propio Partido Popular faise oposición ao Partido Popular. Pero intención de solucionar os problemas, de xestionar, ningunha.

Poño dous exemplos. Un, a policía galega. Teñan a capacidade, porque xa está formalmente creada, para desenvolver o corpo nacional de policía galega. Nada, están máis cómodos pedindo axentes para a Unidade de Policía Adscrita, pois xa sexa Lugo, xa sexa para Ourense, xa sexa para Vigo e indefinidamente. O mesmo coa Policía Nacional española, máis axentes. Mesmo protestan pola organización, pola centralización do 091 de Ourense e Lugo na Coruña, cando é unha medida acordada, executada neste caso polo Partido Socialista, pero acordada polo señor Cosidó. ¿Non sei se se acorda do señor Cosidó? —famoso polos whatapps—. Pois cando foi director xeral da Policía esas centralizacións acordounas el, e estanse facendo oposición a si mesmos.

E agora coa súa emenda de reclamación do IVE, efectivamente apoiamos esa reclamación dos 200 millóns de liquidación do IVE de 2017. ¿Pero que imos facer? No 2017 reclamamos iso, no 2018 outra vez, no 2021, 2022 ou 2023 volvemos facer o mesmo. ¿Non sería mellor...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sería mellor... Hai... como lle chaman... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, home, non, iso de contaxio, que fala sempre o presidente. *(Murmurios.)*



Ben... Iso é, pois que teña coidado con iso.

Ben, en fin, en lugar de estar reclamando esta liquidación de 2017 para volver repetir iso en anos sucesivos, ¿non sería mellor cambiar o sistema de financiamento e o sistema de liquidación para que foramos nós os que liquidemos e que sexamos solidarios co Estado español, mesmo con Madrid, co que corresponde? ¿Pero que ocorre? Que no canto de resolver o problema de vez, estamos moito mellor facendo oposición puntualmente por motivos puntuais, por motivos casuais ou conxunturais ao Estado español.

Hai que arranxar os problemas dos galegos e das galegas e non simplemente limitarse a facer oposición á oposición, ao Partido Popular, a quen corresponda. Non, non é ese o noso traballo nin é para o que nos pagan nin o que se nos pide aos representantes do pobo.

E, por último, explicarlle a razón da nosa emenda, que é unha dupla razón. Por unha banda e no *statu quo* actual e ao abeiro do insatisfactorio marco normativo que temos, o que pretendemos é incrementar o noso autogoberno equiparándoo a outras nacións do Estado ou equiparándoo mesmo con outras rexións do Estado. Non ser menos que ningún, non perder a nosa condición de nacionalidade histórica, porque a nosa condición de nacionalidade histórica non se debe a un feito obxectivo que fora plebiscitar o Estatuto en 1932. ¿O que se debe a que é?; a un feito subxectivo, a que o pobo galego en 1932, en 1846 e no século XXI ten ansias de soberanía, e iso é o que determinou a condición inventada na Constitución de nacionalidade histórica. Non existía o termo xurídico de nacionalidade.

E, por último, a nosa emenda é para comprobar o seu grao de involución, porque simplemente é unha reprodución dun acordo parlamentario do 23 de xaneiro de 2019. Un acordo parlamentario da Comisión 1ª —si, señor Puy—, un acordo parlamentario da Comisión 1ª, cunha transacción do Partido Popular acordado por unanimidade. Por tanto, non só é incrementar o noso autogoberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...senón que é retratarlle o seu proceso de involución.

E aínda que teñan a maioría parlamentaria, que non a maioría social...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...este proceso... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...é unha cuestión, eu son de letras, pero é unha cuestión matemática. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E que poidan impor as súas posturas (*Aplausos.*) e posicións regresivas involucionistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...non rematarán coas arelas de progreso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...do pobo galego e da soberanía do pobo galego.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, permítanme comezar contestando novamente ao señor Arangüena Smith, voceiro de Vox neste Parlamento, que, despois de regalar profusamente carnés da súa organización, volveunos regalar outra *performance* con isto do fascismo e eu quero sumarme. Eu quérome sumar á defensa dun socialista obrigado a abandonar unha lista despois de ser o máis votado, o señor Orozco, ao que vostedes tiraron porque llelo exixía o BNG e En Marea. E eu pregunto: ¿será que o señor Orozco era menos socialista que o señor Villarino? ¿Será que BNG e En Marea eran máis fascistas que o PP? ¿Ou será que o Partido Socialista de Galicia acabou de converterse nun perfecto chiste? Son vostedes un chiste, non banalicen o fascismo, que é unha cousa moi seria para que veñan vostedes dicir aquí as chorradas que dixeron hoxe, e dígollo así de contundente, chorradas. (*Aplausos.*) Defenden a lista máis votada. ¡Digan a verdade! Defendemos que se respecte a lista máis votada cando é do PSOE. E cando lle ofrece un pacto o Partido Popular para respectar iso en todo os concellos, ¿que é o que dixeron? Non, iso é o que lles preguntaba a vostedes e lles preocupaba a vostedes Ourense. A vostedes o que lles preocupaba era botar ao señor Baltar, que o que lles fastidia é que lles leva gañando as eleccións dende que se inventaron, iso é o que lles fastidia.

Pero eu quero comezar falando xa desta cuestión, agradecendo aos grupos da oposición que se sumen a esta defensa do autogoberno de Galicia porque creo de verdade que o PPdeG levaba demasiado tempo defendendo en solitario os intereses do país e toda axuda é benvinda, toda axuda é benvinda. (*Murmurios.*)

Eu só poño dúas condicións: que a axuda sexa sincera e que sexa coherente. Porque a experiencia vostedes entenderán que nos fai ser desconfiados. Este grupo quere crer, pero xa saben aquilo de que o gato escaldado foxe ata da auga fría.

Non puidemos contar coa súa axuda en temas tan decisivos como a defensa da industria electointensiva, meses de mentiras para aprobar un estatuto absolutamente insuficiente. Nin na



defensa dos traballadores das Pontes, aos que deixaron absolutamente tirados. Nin na reclamación dun trato xusto nos orzamentos de España; diciánnos que tiñamos que estar contentos porque se pagaban as pensións, que debe de ser que cos anteriores gobernos non se pagaban.

Tampouco contamos coa súa axuda no pago da débeda dos galegos, incluído o IVE, esa débeda que teñen con nós dos impostos e das impostas. ¿Verdade?

Tampouco contamos con vostedes na defensa do dereito civil galego, atacado polo Goberno central. Nin sequera contamos con vostedes para defender a capacidade lexislativa da Cámara da que forman parte. Onte pedíronnos aquí arriar a bandeira da protección da saúde dos galegos. Sen bilateral, sen intentar chegar a un acordo, sen esperar á resolución do recurso pendente. E aínda o dixeron, pasaron 14 meses e non temos anda. Efectivamente, é que ese é o drama. Pasaron 14 meses de pandemia e non temos nada porque hai un Goberno que é o *perro do hortelano*, que nin legisla nin deixa legislar. ¿E que pedimos nós? Eu pido o mesmo que pedía o outro día o presidente González Laxe: instrumentos de lealdade entre o Goberno do Estado e as autonomías. E por iso pedimos a celebración dunha conferencia de presidentes, pedimos diálogo e pedimos cogobernanza de verdade, a que vostedes levan negando meses, señorías, meses. Pero estamos dispostos a tender a man novamente. Agora, sempre que esta vaga proposta que nos fan hoxe de autogoberno vaia acompañada de compromisos reais. Porque non podemos esquecer, señorías, que para poñer vostedes o señor Sánchez na Moncloa os grupos que hoxe ocupan a oposición non dubidaron en perpetrar unha fraude, unha fraude, esa fraude chamada pacto de PSOE e BNG, coa que quixeron enganar primeiro os galegos e ademais pasar por enriba das institucións de Galicia. Neste pacto do papel mollado, no que, por certo, de financiación faláron nada, tan interesante que lle resultaba, señor Tabarés, nin unha palabra, vostedes arrogáronse a potestade de convocar a Comisión Mixta de Transferencias no primeiro trimestre de 2020.

Primeiro usurpan as funcións das institucións, ¿que lexitimidade ten vostede e o seu partido para convocar unha comisión de transferencias? Ben, acabamos de entender, como vostede aínda non entendeu que 42 suma máis que todo o que suman vostedes xuntos, claro, cuestionan a democracia. ¿Pero como van entender a democracia se non coñecen a matemática básica? (*Aplausos.*) É que ese é o seu problema, señorías. Pero arrogáronse iso.

E despois firmaron un pacto. Están orgullosísimos do pacto. O Atlas Rego que caía sobre as súas espaldas o peso de Galicia enteira.

Prometeron a bonificación de peaxes da AP-9 para o 2020. ¿Que tivemos? Subida de peaxes en 2020, subida de peaxes en 2021. E onte... Por certo, da eliminación da peaxe de Redondela que está comprometida para 2018 seguimos esperando, dixéronnos que a ver se para o verán. Pero é que onte aínda escoitamos que a subida de peaxes lla imputaban a Ana Pastor.

Boletín Oficial del Estado. «Sistema de compensación de la inversión realizada y del mayor coste de la conservación de la autopista AP-9. Como sistema de compensación por la inversión realizada, así como por las demás obligaciones que Audasa asume en virtud del presente convenio, es decir, la totalidad de las inversiones necesarias para la ejecución de las obras y su posterior conservación y ex-



plotación, se establece un incremento extraordinario de tarifas en los recorridos con pago directo de los usuarios de la autopista AP-9 en todos sus tramos del 1 % anual acumulativo durante 20 años». Firma, 18 de novembro de 2011, el ministro de Fomento, José Blanco López. (*Murmurios.*)

O problema, señorías, é que vostedes pasaron de usar a mentira como escusa a converter a mentira na súa estratexia política, menten por costume, menten por convicción e menten sen ningún recato. É unha vergoña.

Prometeron o 50 % da Lei de dependencia xa, para esta lexislatura. Xa quedou descartada polo Goberno, xa nos dixeron que non a van cumprir.

Prometeron a derogación da reforma laboral, e hoxe presumen duns ERTE que querían derrogar e aos que hoxe se agarran como se fora a pedra de salvación do paro en España.

En definitiva, señorías, bueno, prometeron ata a derogación da reforma... Prometéronnos o ceo e trouxéronnos a nada, ou, peor, trouxéronnos o Goberno máis antigalego da historia da democracia.

Míre, a PNL do PSdeG presenta unha escolma de transferencias nas que o que máis destaca, se mo permiten, son as ausencias: nin unha palabra da AP-9, nin unha soa referencia á débeda.

Pola súa parte, o BNG presenta unha emenda manipulando intencionadamente un acordo do Parlamento. Galicia non quere as mesmas competencias que outras comunidades autónomas, señoría, o que queremos os galegos é decidir cales son as competencias que a nós nos interesan. Non confundan a cidadanía, porque eu pídolles coherencia, era outro o que lles pedía sinceridade e coherencia. ¡Home! Comprenderán vostedes que o coherente é que as prioridades do autogoberno galego non as decida o lehendakari vasco, non as decida o honorable, o molt honorable president da Generalitat, nin que as decida a oposición de Galicia. O razoable, o coherente será que as decida o presidente, lexitimamente elixido polos galegos, que por moito que lles proa se chama Alberto Núñez Feijóo, señorías, ¡coherencia!, ¡coherencia! (*Aplausos.*)

Prometéronnos a transferencia da AP-9, pero non falan nada na súa proposta. ¡Oia! Prometeron unha AP-9 libre de peaxes e, ao mesmo tempo que nolo prometían, prométenlle a Europa que van estender as peaxes a todas a autovías españolas.

Da débeda económica con Galicia, debe de ser que non lles interesa atender as necesidades dos galegos. Iso si, veñen aquí en todos os plenos e exixennos que reguemos Galicia de cartos, pero a billa péchannola.

Pedíronnos, e ofrécennos así vagamente na listaxe, o dominio marítimo-terrestre. ¡Oia! Pero nós queremos as competencias ao dominio marítimo-terrestre para protexer a industria que existe alí; vostedes queren un dominio marítimo-terrestre xestionado unha vez que está arrasado, arrasado, que é o que pretenden.

Para o PPdeG, creo que é razoable, deben ser os galegos os que deciden o autogoberno de Galicia, sen máis límite, por certo, que o marco constitucional que os galegos e o conxunto



dos españois nos demos. Nós pedimos un trato igualitario. Vostedes poden criticar a Rajoy porque foi restritivo, é criticable, pero foi equitativamente restritivo. Agora négóciase as transferencias non pensando no Estado, senón en función dos intereses partidistas do señor que está presidindo o Goberno.

E di que Rajoy non lle deu nada a Galicia, ¡pero se nos deu os incentivos fiscais por cumprimento que nos quitou o PSOE! Pero ¿como que non lle dou nada a Galicia?

Mire, onte escoitei o señor Bará dicir que a diferenza entre o PP e o BNG era que o PP tiña o Estatuto como teito e o BNG o Estatuto como solo, non é certo. Nós temos o Estatuto como solo, o que temos como teito é a Constitución, porque nos cobre a todos, nos ampara a todos e nos protexe a todos. Vostedes, o que prefiren é deixar os galegos sen teito, ao raso, sen máis cobertura que a súa demagogia, esa visión enfermiza en que só existe democracia se a presiden vostedes.

Mire, vamos ser serios, vamos ser rigorosos, vamos empezar a facer as cousas ben e vamos intentar aprender dos erros do pasado. Destes cambalaches do pasado temos todos, deberíamos ter todos polo menos cumprida e tomada a conta do problema que nos trouxeron, cando todo eran parabéns e abrazos co nacionalismo, ese ao mesmo que acaba de criticar agora o señor Arangüena, é unha cousa sorprendente, ese nacionalismo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...co que gobernaron vostedes un estatuto que despois tombou o Constitucional.

Eu quero recordar aquela premonición do señor Zapatero: «*Dentro de diez años, España será más fuerte, Cataluña estará mejor integrada y usted y yo lo viviremos*». Queira Deus que o presidente Feijóo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...teña mellor visión de futuro da que amosaron ata agora os socialista en España.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)
Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNANDEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer ao señor Tabarés o seu voto favorable, igual que foi o noso onte para a súa iniciativa. E di que esta iniciativa non é excesivamente ambiciosa, párcelle que non é excesivamente ambiciosa. Bueno, non será excesivamente ambiciosa, pero



inclúe a transferencia que vostedes puxeron enriba da mesa onte e 29 máis; polo tanto, cremos que é suficientemente ambiciosa aínda que a vostede non llo pareza.

E logo fala dunha consideración que eu teño que tratar de contrarrestar, iso de non ser menos que ninguén. Eu faláballe antes do federalismo como forma de pensar a democracia e articulación territorial en positivo. En positivo, con emocións positivas, incluíntes, como a cooperación e o diálogo. Non ser menos que ninguén non é unha emoción positiva e ademais leva á emenda que propuxeron vostedes, que non imos aceptar, con todo o respecto, porque pretenden mimeticamente que calquera competencia que teña outra comunidade a teña Galicia. E non sei, non quero reducir isto ao absurdo, pero se mañá o País Vasco pois pide a transferencia da pelota vasca, non creo que Galicia teña mimeticamente que pedir a transferencia das cuestións relacionadas coa pelota vasca.

Respecto, señor Pazos, fálanos de cuestións orgánicas do PSdeG e compáraas co caciquismo e o feito antidemocrático que se está producindo en Ourense, cando se trata de expulsar o candidato máis votado e de silenciar o candidato máis votado por parte do jacobaltarismo. Non compare vostede, e eu non me meto nas cuestións orgánicas do Partido Popular, méteme no seu caciquismo, nepotismo e corrupción, e iso é o que me preocupa, non os seu problemas orgánicos. *(Aplausos.)*

(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Dinos que non banalicemos o fascismo. Bueno, onte o señor Pazos chamoume Arangüena Smith; hoxe repite e chámame Arangüena Smith. A verdade, non lle pillei o chiste onte ata que dándolle — é vostede un tipo moi simpático e gracioso, pero non lle pillei o chiste—, ata que, dándolle voltas despois con alguén chegamos á conclusión que era unha comparación con Ortega Smith; comparación, efectivamente, que non me ofende particularmente, pero que teño que dicirlle que é desafortunada. Porque, mire, eu son neto dun médico que foi oficialmente expedientado, laboralmente represaliado no ano 1936 por simpatizar simplemente co Partido de Azaña. E son fillo dun pai que figuraba na lista de persoas a depurar —a depurar en xeral— no golpe de Estado de 1981 por ser do Partido Socialista. Así que non veño da mesma tradición que vostede e o señor Smith. E vostedes pertencen a un partido fundado polo tío do señor Puy que nos anos 60 se facía fotos, o tío do señor Puy, co puño en alto e uniforme de falanxe. Ademais de que son vostedes os que gobernan con Vox en distintas institucións deste país; por exemplo, nos gobernos de Murcia ou Andalucía.

E, indo á materia, o Goberno de Emilio Pérez Touriño tivo do Estado doce transferencias, competencias, en catro anos. Nesa época ao señor Rueda parecíanlle moi poucas; de feito, dicía que eran traspasións. Pero logo en doce anos nin unha transferencia, nin traspasión, nin traspasazo, nin nada, cero. E nunha entrevista na TVG o 15 de decembro de 2017 o señor Rueda recoñeceu que o Goberno do PP dixo que non se podían facer máis transferencias, iso era todo. O Goberno de Rajoy dicía que non, *¡pum!*, aí acabouse o autogoberno. É dicir, a explicación para non avanzar no autogoberno era simplemente que a Rajoy non lle gustaba, pero si facía transferencias ao País Vasco e a outros, e vostedes calaban, que é o que fan habitualmente nesas situacións.



Incriblemente, na mesma entrevista o señor Rueda dicía que máis autogoberno significa máis capacidade para poder intervir nas cousas que melloran o día ao día dos galegos, sen poñerse colorado, porque o señor Rueda vive instalado na mentira e na propaganda dun xeito tan descarado que nunca se pon colorado cando solta as trolas máis grandes. E, de feito, visto o caso do señor Conde, parece que esa naturalidade na mentira é unha condición *sine qua non* para chegar a ser vicepresidente co señor Feijóo. E certamente, en materia de mendacidade é dificilmente superable, porque o PP prometía en 2020 os mesmos traspasos de competencias que en 2009 tras non lograr ningún en once anos.

E así, en cada elección unha sarta de mentiras, e o Goberno do señor Feijóo móstrase agora, parece ser, partidario de pedir transferencias a Madrid, cando nos sete anos de Rajoy o seu desinterese polo tema foi total e absoluto como dixeran. Porque a vostedes —e remato— non lles interesa o autogoberno, senón a confrontación, como amosa a emenda que nin vou cualificar porque é un pastiche incualificable e evidentemente non a imos aceptar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

¿Si, señor Puy?, ¿para que pide a palabra?

O señor PUY FRAGA: Si, polo artigo 76.3.

O señor Arangüena, co que eu persoalmente me solidarizo co sufrimento da súa familia na ditadura, xa que nos ten...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento. Parece mentira que vostede non coñeza o regulamento, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estoulle dicindo... El pediuno... ¡perdón! ¡Perdoen un momento! Pediu o artigo, pediu a palabra en base ao regulamento artigo 76.3. Pediuna el, o señor Puy, que se entende é que cando a dignidade dun grupo pode ser nun momento lesionada, e por iso eu acabo de concederlla. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Non, perdoe, iso é o que hai.

Señor Puy, está vostede no turno que lle corresponde segundo o artigo 76.3

O señor PUY FRAGA: Volvo a comezar, volvendo a solidarizarme en nome do Grupo Popular co señor Arangüena e coa súa familia polo sufrimento causado pola represión franquista que afectou o seu pai e o seu avó, e nós desde logo deploramos ese feito.

Dito isto, na súa intervención pronunciou cualificacións do noso partido que non podemos admitir baixo ningún concepto. E, polo tanto, eu pediríalle que retirara as cualificacións que



dixo de que o Partido Popular é un partido corrupto, un partido indecente e todo iso que dixo dunha tacada e nunha frase.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena.

Déanlle voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar, o señor Puy comezou a falar sen citar o artigo do Regulamento que o habilitaba para tal.

E en segundo...

(Interrupcións.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón!, ¡Por favor! Xa lle respondín ao señor Arangüena que si que mencionou o artigo. Ao mellor non o escoitou, pero todos somos humanos, señora Paula Prado, e todos nos podemos equivocar. Ao mellor non o escoitou, pero estoulle dicindo eu que o dixo.

Xa está aclarado.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non explicou o motivo polo cal o solicitaba, o artigo citouno, claro que si, pero non explicou o motivo. Porque, se me permite, señor presidente, eu non descualifiquei o Grupo Parlamentario Popular, eu fixen unha serie de consideracións aquí sobre determinadas traxectorias e fixen unha serie de consideracións sobre determinadas cuestións que eu considero que son mentiras ou fixen unha consideración sobre un caldo de cultivo fascista, pero non os acusei a vostedes de ser fascistas nin nada parecido. E, por tanto, non vou retirar ningunha das miñas verbas.

Por certo, tamén teño que dicir, dado que agradezo as palabras do señor Puy sobre a miña familia. A miña familia non sufriu especialmente no franquismo, sufriron moito máis moitísimas outras familias. Eu simplemente digo que veño de certa tradición e como o señor Pazos me chama Arangüena Smith pois véxome obrigado a dicirlle que non me parece correcto dun xeito educado e razoable.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena, polas súas palabras. Pero el fíxolle unha petición expresa de retirar algo que podía molestar a un grupo. ¿Vostede retira iso? Non o retira. Colócame nunha tesitura de ter que chamalo á orde.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Podería ser... un momento, ¡perdón! Colócame nesa tesitura, eu teño que ver como o resolvo. Perdoen vostedes, deixen pensar, hai que pensar un pouco.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señora Rodil, por favor, ten vostede un turno.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu pido, en base...

O señor PRESIDENTE: ¿en base a que artigo?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...en base ao artigo que nos autoriza, permita e garante a observancia do regulamento en calquera momento e para preguntar en que artigo se recolle que unha petición por alusións, ou o artigo 76.3 deriva nunha réplica e se abre un debate, porque en moitísimas ocasións ao noso grupo tamén se nos teñen proferido descualificacións, referencias que fan ademais, ou poñen en cuestión a dignidade do noso grupo e da nosa organización, e non se abre aquí, como acabamos de ver, un debate.

Nós o que pedimos na observancia do regulamento é equidade e tamén xustiza á hora de distribuír as palabras en base aos distintos artigos que se contemplan no Regulamento da Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Teñamos un pouco de sentido común.

Vamos ver, artigo 76.3, vou ler, vou ler o regulamento. «Cando a alusión afecta ao decoro e á dignidade do grupo parlamentario, o presidente poderá concederlle a un representante daquel o uso da palabra, por un mesmo tempo e as condicións que establecen os apartados 1 e 2». É un tempo equivalente a tres minutos.

Eu concedinlles a palabra ao portavoz do grupo parlamentario e el, en base a esa palabra que lle concedín, faille unha petición a vostede, e por iso eu lle traslado a vostede esa petición. Eu estou en todo momento observando o regulamento. O que lle pido, por favor, é que teñamos un pouco de sentido común en como utilizamos os vocabularios que poden lesionar un grupo. Se non, en todo caso sempre colocarán a Presidencia nunha tensión, que, bueno, ás veces é interesante, pero non creo que sexa o motivo fundamental polo que estamos neste Pleno, que é provocarlle unha tensión ao presidente. *(Risos.) (Murmurios.)* Se iso cren que é o obxectivo fundamental, pois bueno. *(Apaga e vámonos.)* Entón..., pois non, non imos apagar, e porque aquí non se acendeu nada. Entón imos deixar a cousa con tranquilidade, e imos...

Si, ¿señor Puy?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)



O señor PUY FRAGA: Dado que o señor Arangüena non atendeu a nosa petición, eu pídlle á Presidencia, sen ánimo de causarlle tensións adicionais, que examine a declaración que fixo o señor Arangüena e que xulgue se afecta ao decoro do grupo e, polo tanto, da Cámara, e polo tanto convén retirala do *Diario de Sesións*.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Bueno, perdón. Bueno, eu iso, vamos ver (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) Perdón, pero, por favor. Bueno, eu xa dixen o outro día que eu podería observar en calquera momento. Por favor, señor Arangüena, séntese, de momento, porque aínda... non, pero espere.

En todo momento eu teño a capacidade de revisar o que se di, eu precisamente non estiven en todo o debate, polo tanto teño que ser consecuente, vamos revisar. (*Murmurios.*) Vamos revisar exactamente que é o que se di aí e permítanme que eu, antes de tomar unha decisión, revise. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o que aquí se verteu, vamos ver, porque este grupo sente que se se atentou contra a súa dignidade. Vámolo revisar. (*Protestas.*)

Bueno, e imos votar. Dou por pechado este debate. Non, dou por pechado este debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dou por pechado este debate.

Señor Arangüena, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Xa está. Imos revisar a ver o que lin eu. Por favor.

Imos votar. Rematou o debate. Imos votar.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a proposición non de lei... Eu compréndoo, isto tamén vai no cargo, por iso que hai que tomar isto con tranquilidade, e eu procuro tomalo con tranquilidade, e, polo tanto, pídlles a todos que teñan o respecto que deben ter en todos os grupos. Pero imos estar sosegados e tranquilos, que nos vén ben a todos, ¡eh!, polo ben da democracia tamén.

Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar.

Hai unha transacción que non se aceptou ao parecer. Votamos.

—Estes pensan que é tan fácil de resolver, pero os asuntos hai que trillalos. (*Risos.*)— Fácil... Opinar, opina calquera. (*Risos.*)



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera.

É posible que igual saltara unha. É posible. Entón, teño que volver á 3.

Votamos entón a 3, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición no de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera. Non se acepta esa transacción. Votamos.

Votación da Proposición no de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego



ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández.

Non estiven no debate, non sei se aceptou as emendas. Non. Polo tanto, votamos.

Votación da Proposición no de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, Pablo e dona Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Voulles ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, e que di así:

«O Parlamento de Galicia, ante a difícil situación humanitaria que se está a vivir nos campamentos de refuxiados do Sáhara, quere expresar o seu apoio e solidariedade ao pobo sa-



harauí e ao seu lexítimo representante, a Fronte Polisaria, de conformidade cos principios enunciados na Carta das Nacións Unidas, e na resolución aprobada pola Asemblea Xeral e o Consello de Seguridade das Nacións Unidas.

Ante a actual situación de conflito armado, apelamos á responsabilidade das partes para acelerar o proceso negociador e atopar unha solución pacífica ao conflito que respecte os dereitos e as liberdades do pobo saharauí. Consideramos imprescindible que Nacións Unidas, a través do seu secretario xeral, nomee un enviado ou representante especial para o Sáhara occidental, con plenas garantías democráticas e de respecto aos dereitos humanos da poboación saharauí.

Recordamos ao Goberno español que debe facerse cargo das súas obrigas, como potencia administradora, defendendo os acordos internacionais e os dereitos humanos do pobo saharauí, esixindo no seo dos foros e organizacións internacionais o cumprimento dos acordos internacionais e a liberación dos activistas saharauís que permanecen de forma ilegal nas prisións de Marrocos.

Solicitamos a adopción das accións políticas e diplomáticas necesarias por parte do Goberno español e da Unión Europea, para esixir ao Reino de Marrocos o respecto aos dereitos humanos e democráticos do pobo saharauí, cumprindo cos compromisos adquiridos coa misión de Nacións Unidas para o referendo no Sáhara Occidental MINURSO.

Exhortamos o Comité Internacional da Cruz Vermella a que asuma as súas responsabilidades ante os acontecementos que están a ter lugar no Sáhara Occidental, dado que as dúas partes en conflito son asinantes da Convención de Xenebra.

E, por último, instamos o Goberno galego e español a intensificaren a axuda humanitaria e a cooperación coa poboación saharauí, que resiste en condicións infrahumanas nos campamentos de refuxiados, contribuíndo a aliviar así as extremas condicións de vida dos seus habitantes e a cubrir as súas necesidades alimentarias, educativas e de aloxamento.

De maneira moi especial, queremos solicitar que se realicen todas as actuacións necesarias para subministrar vacinas contra a Covid-19 do pobo saharauí, como elemento imprescindible para previr unha expansión incontrolada da enfermidade, de consecuencias imprevisibles no contexto da precariedade sanitaria existente nos campamentos de refuxiados». (É aprobada por asentimento.)

Isto é o que di a declaración institucional, e moitas grazas por todo. (Aplausos.)

Alteración no desenvolvemento da orde do día

E agora continuamos coa orde do día. Hai unhas alteracións da orde do día, que creo que xa as coñecen.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de dialogar coa sociedade co obxectivo de



iniciar e dar cumprimento ás accións requiridas polo Consello de Europa para cumprir a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias antes do 1 de agosto de 2023.

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizóns, señor presidente.

En decembro do 2019, o Comité de Ministros do Consello de Europa emitía o novo informe periódico que advertía máis unha vez do incumprimento do acordo asinado polo Estado español coa Carta europea das linguas rexionais e minorizadas. Reiterábanse nese informe as deficiencias na política lingüística e educativa da Xunta de Galiza, que estaban a comprometer severamente o progresivo avance da normalización do galego e consecuentemente o cumprimento da Lei de normalización lingüística.

Naquel informe, o Comité de Ministros advertía —máis unha vez, insistimos— na diminución preocupante de galegofalantes, na quebra de transmisión interxeracional do galego, así como da súa presenza “insuficiente” (*sic*) no ensino, para cuxa reversión, propuña eliminar as limitacións á docencia en galego que regula o actual Decreto do plurilingüismo.

Recentemente, o Goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa nun informe en que nega as limitacións ao ensino en galego en Galiza —como si verificou o Comité de Ministros— e afirma o éxito do modelo plurilingüe galego, sustentándose —afirma— nas avaliacións do Goberno galego.

No BNG reiteradamente demandados ao Goberno que fixese públicos os resultados dos informes, das avaliacións anuais a que obriga a disposición adicional quinta do amentado decreto, mais o Partido Popular nunca achegou ningunha avaliación propia, polo que seguimos a descoñecer cales son as avaliacións que foron entregadas polo Goberno da Xunta ao Goberno español.

O Comité de Ministros do Consello de Europa fixo público agora un novo informe de avaliación a medio termo onde se constatan de novo os incumprimentos xa amentados e insta a informar das accións tomadas para cumprir co tratado internacional antes do 1 de agosto de 2023. Ao mesmo tempo, desde a comunidade socioeducativa galega estase a ofrecer unha nova, dialogada e consensuada proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza; presentada, por certo, aos grupos desta Cámara na pasada campaña electoral.

No BNG estamos a demandar quincenalmente á Mesa da Comisión de Educación e Cultura a comparecencia dun representante destes colectivos plurais que asinan a proposta mencionada, para explicala, para dar conta dela neste Parlamento como Cámara de representación do pobo galego. A única resposta que no BNG conseguimos por parte do Partido Popular até en cinco ocasións foi o seu continuo veto.

Por todo isto, formulamos neste Pleno a seguinte pregunta ao Goberno: ¿comprométese o Goberno da Xunta a dialogar coa sociedade galega co obxectivo de atender os requirimentos reiterados polo Consello de Europa para mudar a política lingüística educativa e cumprir o tratado internacional antes do 1 de agosto de 2023?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Reposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, preguntanos se dialogamos como formación política e como Goberno. Eu téñolle que dicir que si, dialogamos todos os días con Galicia. De verdade que nos entenden porque nos apoian. Creo que hai diálogo constante e iso é porque vivimos nunha Galicia que é unha Galicia tolerante, que é unha Galicia plurilingüe, que é unha Galicia inclusiva, que temos todos un gran aprecio polo galego. Pero, bueno, vostede pide diálogo pero dá a sensación de que é un diálogo un pouco trucado, segundo a súa visión, porque vostede fala de diálogo pero comeza falando de que hai que derogar un decreto para comezar. Pois, oe, poñendo unha serie de liñas que certamente fan que sexa un diálogo trucado.

Igual que cando vostede di que acaba de presentar unha proposta de bases para a normalización do ensino en Galicia e pono como unha liña que está consensuada, apoiada por todo o mundo, cando non é certo, hai moitos sindicatos educativos que non a apoiaron, e eu diría que é máis ben parcial. Porque incluso o que vostede di e o que vostede plantexa en certa medida racharía un dos grandes consensos que tivemos en materia lingüística en Galicia, que é a propia Lei de normalización lingüística. Creo que aí é unha forma moi curiosa de pedir diálogo.

En todo caso, vostede fixo unha referencia ao Goberno central, a un informe que enviou o Goberno central, que, por certo, como vostede sabe —porque vostede o apoia— é do Partido Socialista. ¿Que é o que nos di este informe relativamente ao modelo lingüístico galego? Pois a verdade é que os plantexamentos que lle traslada ao ámbito europeo pois son creo que positivos. O Goberno do Estado, do Partido Socialista, di que en Galicia está implantado un sistema de ensino totalmente bilingüe, nós defendémolo; tamén vemos que o defende neste caso o Partido Socialista —os seus socios— sempre en todas as institucións onde poden. E tamén di este informe que non existen limitacións ao ensino do galego en Galicia, sendo o seguimento dun sistema de ensino bilingüe.

Creo que iso é o que estamos facendo aquí, temos —como vostede sabe— un modelo propio, un modelo que se basea no equilibrio das linguas, que se basea na elaboración dentro de cada centro dun plan lingüístico. E creo que isto ao final nos dá plenas competencias en galego e nos dá plenas competencias entre o galego e o castelán.

En Galicia a lingua non é un problema, é un exemplo de convivencia. E, a verdade, os resultados son o que nos din, que a lingua galega continúa, ten e continúa tendo os índices de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con linguas cooficiais. Ese dato é un dato oficial, é un dato que dificilmente é cuestionable. E, por suposto, tamén nos di que temos os mellores niveis de coñecemento e de competencias —entender, falar, ler e escribir— en comparación en ambas as linguas co resto das comunidades autónomas bilingües.



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...co cal creo que diálogo, por suposto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu turno.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

(Aplausos.)

Réplica. Señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Mencionar a palabra consenso xunto co Decreto do plurilingüismo actual é absolutamente incompatíbel, señor conselleiro, *(Aplausos.)* porque o único consenso que conseguiron foi o de toda a sociedade fronte á súa decisión unilateral de aproballo e aplicalo.

Coas mentiras pódese chegar moi lonxe, señor conselleiro, mais o certo é que non se pode volver. O camiño do Partido Popular en materia de política lingüística, infelizmente para a sociedade galega, naceu dunha mentira negacionista hai doce anos; mentira volveuse e mentira é sen retorno. Abandonen, por favor, dunha vez por todas a indiferenza ante o devalo tan perigoso da nosa lingua.

Seguimos a ignorar cales son eses informes que a Xunta entregou ao Estado para dar resposta aos mandados do Consello de Europa. Eu mesma soliciteinos amparada no artigo 9 do Regulamento desta Cámara, e vostedes —o Goberno— non nos facilitaron, como non me teñen facilitado ningunha da documentación que levo pedida. Un novo desafío desa transparencia invisíbel que vostedes practican. *(Aplausos.)*

Mófanse e mófase aquí agora coas súas palabras, señor conselleiro, do pobo galego sobre o que é a súa columna vertebral, que é o idioma. Renegan das súas posibilidades estatutarias, incumpren os acordos dun tratado internacional. E aquí tamén temos que dicir que parece que o consentimento do Goberno Socialista, que, polo que se ve, non contrasta os informes e as avaliacións, esas supostamente que manda o Goberno da Xunta.

Abandonen o negacionismo ao que se someteron desde que gobernan, respecten os acordos internacionais, escoiten —si— a sociedade galega, dialoguen con ela porque teñen unha alternativa de futuro que están dispostos a falar, a compartir para o futuro do galego. Cumpran co artigo 5º do Estatuto de autonomía, que están a celebrar agora no seu 40 aniversario, que os responsabiliza como axentes únicos para fomentar o emprego do galego en todos os pla-



nos da vida e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Si, ese coñecemento que non está garantido e que agora si está finalmente avaliado no exemplar que acabamos de coñecer, no resultado do estudo de avaliación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora QUEIXAS ZAS: ...ao rematar o alumnado.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Queixas, terminou... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, terminou o seu tempo.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, por favor, terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Peche da pregunta. Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora deputada, nin este Goberno nin este partido renegan nunca do que somos, nós somos galegos e temos dúas linguas: unha propia e dúas oficiais. Está no Estatuto que vostedes non votaron. Pero somos galegos e non renunciamos en ningún momento ao que somos nin ao que nos identifica, pero nós nunca intentamos, por outra parte, xogar coas cartas marcadas. Porque vostede fala de consensuar, fala de diálogo e fala do conxunto da sociedade, pero ao final só falan dunha parte desa sociedade, da que coincide con vostedes desde a perspectiva ideolóxica. Que nos parece correcto, pero non intente confundir unha parte co todo.

E, claro, vostede plantéxanos que falemos de datos e eu quero falar de datos. Datos que, por certo, moitas veces o BNG os nega, falando de negacionismo. Vamos poñer datos comparativos con outros territorios e evolutivos no tempo, creo que é o importante. Mire, hai moi pouco coñecemos os datos do Informe PISA —non negará vostede o Informe PISA—. ¿Que nos di o Informe PISA? Que Galicia é a comunidade onde o alumnado fala as dúas linguas con máis facilidade? Dío o Informe PISA. Dinos tamén o Informe PISA que o 96 % do alum-



nado afirma falalo ben ou bastante ben, e que pode conversar perfectamente con outras persoas; por certo, a comunidade autónoma de España onde temos a maior capacidade de facelo, moi por riba das outras comunidades con lingua propia; por iso digo que é bo comparar. Tamén nos di, por certo, este informe que os mozos galegos son os máis tolerantes de España; e moito máis tolerantes que naqueloutras comunidades autónomas bilingües, que, por certo, están nos últimos postos. E creo que iso é moi importante: a convivencia, a tolerancia e o respecto.

Bueno, vostede tamén sempre plantexa un negacionismo. Os datos do IGE do ano 2019, que nos fan unha visión —antes falei espacialmente agora falo temporalmente—, ¿que nos din estes datos? Que no ano 2019 o número de galegofalantes se incrementou. ¿Que nos di? Que se reforza como lingua maioritaria. Dinnos tamén estes informes do IGE de toda Galicia —non só dunha parte concreta de Galicia— que a lingua galega ten os índices de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con linguas cooficiais. Creo que ese é un dato para estar sanamente orgulloso, porque ademais o logramos sen ningún tipo de confrontación, e sen ningún tipo de persecución a ningunha das dúas linguas que temos en Galicia.

¿E que nos di tamén este informe? Que houbo unha repunta respecto ao ano anterior onde se fixo a enquisa, que foi no ano 2015, unha repunta desde a perspectiva de que falan hoxe —naquel momento no ano 2019— galego máis persoas na nosa comunidade autónoma que hai 5 anos, sobre todo nos ámbitos da familia e entre os máis novos. E creo que eses son datos fundamentais. E falo de toda Galicia, non dunha parte de Galicia en concreto, e cunha metodoloxía oficial, señora Queixas.

En todo caso, mire, Galicia ten un modelo propio...

O señor PRESIDENTE: Terminou, señor conselleiro. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...do uso das nosas linguas que dá resultado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Terminou o tempo.

Grazas.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)



Pasamos ao punto 5, interpelacións.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes.

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día, señor Rueda.

Vou empezar a miña intervención cunha cita: «Por culpa do bipartito, Galicia non ten nin Policía Autonómica nin competencias en materia de tráfico. Galicia non conta con competencias policiais propias, a diferenza do que acontece en Cataluña, País Vasco e mesmo Navarra». ¿Sabe quen dixo isto na primavera de 2009? Díxoo Alfonso Rueda, que creo que é vostede, ¿non? Vostede dixo isto —non sei se é outra persoa— no ano 2009. E dixo tamén: «O bipartito só conseguiu 14 traspasos de asuntos menores». O bipartito conseguiu 14 traspasos en 4 anos e vostedes, cero traspasos en 12 anos. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza, señor Rueda, aí está o balance. Debería caerlles a cara de vergoña, pero dálles igual, polo que se ve dálles igual.

Pero vaíamos por partes porque este tema ten moita historia, ten moitos antecedentes. O primeiro podemos situalo no Consello da Xunta do 8 de outubro de 2009, no que fixo aquela declaración solemne o señor Feixóo —que falou antes o seu compañeiro Pazos dos seus dotes adiviñatorios; desde logo, aquí non os tivo—, dixo: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia». Nese Consello da Xunta vostede presentou un informe para solicitar o traspaso de 17 competencias, e ademais acordaron —teño aquí a nota de prensa— de maneira urxente pedir a convocatoria da Comisión Bilateral de Transferencias. E naquel momento vostedes pedían que se negociasen 7 transferencias que xa viñan previamente negociadas do anterior Goberno, concretamente: museos, arquivos, bibliotecas, bolsas de axuda ao estudo, inspección de traballo, tráfico e seguridade viaria; e outras 10 novas que vostedes engadían, que eran: autoestradas, AP-9 e AP-53, as concas hidrográficas, a ordenación do litoral, meteoroloxía, organismos de investigación mariña, expedición de titulacións náutico-pesqueiras, vixilancia pesqueira e seguridade a bordo das embarcacións. Pois pasaron 12 anos disto que vostedes declararon urxente naquel momento e estamos igual, non avanzamos nada. E xa lle dixen onte que non é que non avanzamos, é que empeoramos, estamos peor, quedamos atrás porque outras comunidades si que deron pasos adiante e nós non o conseguimos.

E isto é responsabilidade do Goberno da Xunta, presidido polo señor Feixóo e por vostede que ten as competencias de Vicepresidencia, e polo tanto é o encargado de negociar eses traspasos.

E a primeira pregunta que lle queremos facer é que fixeron nestes 12 anos, por que traizoaron os acordos deste Parlamento que houbo varios acordos ao respecto, e por que traizoaron ademais os acordos da Xunta, do Consello da Xunta.



¿Vostedes séntense orgullosos deste nefasto balance? ¿De que Galiza sexa xunto con Murcia, xunto con Murcia, a única comunidade que non conseguiu ningunha transferencia nestes 12 anos? ¿Están orgullosos deste balance, señor Rueda?

Pero claro, vostedes queren facerse pasar durante moito tempo polo que non son, pero ao final acabaron quitando a máscara e, por fin, dicindo unha verdade. Despois de mentir moitas veces acabaron dicindo unha verdade. Foi na campaña das xerais de 2019 cando no seu programa de goberno puxeron: *Aprobaremos una moratoria que paralizará la cesión de competencias a las comunidades autónomas*. Isto en abril do ano 2019. Pero a verdade chegaron tarde, porque esa moratoria xa a declarou o señor Núñez Feixóo no ano 2009, cando decidiu vetar, atrancar todo o proceso das transferencias que estaba en marcha.

E deixouno claro tamén o señor Casado. *España no puede transferir más competencias a las comunidades autónomas, esto ya no se aguanta. Hay que reforzar la nación*.

E o señor Feixóo que é un perfecto replicante, dixo: *España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas*. Esta é a verdadeira cara ideolóxica do Partido Popular, o centralismo máis recalcitrante. Agradecemoslle a sinceridade, que dixeran por unha vez unha verdade clara como deixaron escrita no programa e nestas declaracións.

E así chegamos ao famoso acordo do 23 de xaneiro do 2019, que o teño aquí escrito, que está clariño. Foi interpretado pola prensa, por toda a prensa nunha dirección: que estabamos pedindo a equiparación de Galiza con Euskadi e Cataluña, porque se deduce diso perfectamente o acordo tomado. Pero o primeiro aspecto que se propoñía alí era que o Goberno da Xunta demandase a convocatoria da Comisión de Transferencias. ¿Que fixeron vostedes para cumprir ese acordo? ¿Para pedir a convocatoria da Comisión de transferencias? ¿Para demandar as competencias que xa estaban demandadas ou en tramitación ou acordadas? ¿Para pedir outras que xa conseguiran outras comunidades autónomas, as que máis tiñan? Porque supoño que nos quereremos equiparar aos que máis teñen, non aos que menos teñen. Non a Murcia. ¿O seu modelo competencial é o de Murcia? Supoñemos que non, teremos que equipararnos aos que máis teñen.

E despois veu o acordo de investidura entre o BNG e o PSOE de xaneiro de 2020, que tamén fala claro: avanzar no reforza da capacidade de decisión do autogoberno galego mediante a proposta de convocatoria da Comisión mixta de transferencias Estado-Xunta, primeiro trimestre de 2020, para programar durante a presente lexislatura, programar durante a presente lexislatura —tome nota— a activación da transferencia da totalidade das competencias pendentes recollidas no Estatuto, así como das competencias que foron obxecto de consenso no Parlamento galego. ¿Van vostedes executar, velar polo cumprimento deste acordo igual que o acordo do 23 de xaneiro de 2021?

E aquí é que estamos nun paradoxo, resulta que o BNG desde a oposición ten que facer de goberno, ten que defender os intereses do país, ten que defender a transferencia de competencias porque vostedes desde logo non o fan. Vostedes polo que se caracterizan é pola incapacidade, pola incomparecencia nesta defensa e pola incompetencia.



E a realidade é que fixemos nós o traballo, puxémosllo en bandexa xa llo dixemos onte. ¿Que fixeron vostedes por activar estas propostas, por convocar esa comisión mixta? ¿Cal é a súa axenda para esta lexislatura? ¿Cales son as prioridades que ten o Goberno da Xunta, que ten o Partido Popular? ¿Que previsións teñen? ¿Que calendario?

Xa sabemos a estas alturas que dominan perfectamente o xénero epistolar. Daquela tamén lle ían mandar unha carta ao vicepresidente do Goberno central, non sabemos que pasou, pero ben, mandáronlle unha carta ao señor Iceta, que xa lle respondeu, que van convocar unha reunión; pero queremos saber que lle queren propoñer, cal é a folla de ruta. ¿É o acordo do Parlamento galego do 23 de xaneiro do 2019? ¿É aquel acordo do 2006 das 70 transferencias? ¿É o acordo do Consello da Xunta do 2009? ¿Cal é a súa folla de ruta, señor Rueda?

Hai moitos temas abertos nestes momento, de moitas transferencias que xa están acordadas ademais recentemente neste Parlamento. E dicíamos que non avanzamos, que quedamos atrás. E a realidade é que non estamos xogando na primeira división, a división das nacionalidades históricas. E non lle vou contar todas as transferencias que están neste momento negociando por exemplo Euskadi ou Nafarroa.

Queremos saber cal é a súa axenda de transferencias. ¿E ademais non cree que esa axenda se debería negociar neste Parlamento? Faremos unha proposta nese sentido na moción derivada desta interpelación.

Vostedes neste tema actúan con absoluto desleixo, con galbana, con desconfianza, ¿e saben por que? Porque vostedes non creen no autogoberno. Non queren máis competencias. Vostedes confórmanse con ser unha especie de deputación ampliada, vostedes queren un país ou unha rexión bonsái, en miniatura. E se asumen estas demandas é porque desde o nacionalismo se fai esta presión, se fai esta exigencia, se fai este traballo. E seguiremos sendo exixentes, seguiremos sendo un martelo pilón para bater, para que ao final se acabe esta moratoria decretada polo Partido Popular.

Pero tamén lle queremos deixar clara unha cousa, señor Rueda, señores e señoras do Partido Popular, xa saben que nós non nos conformamos con iso. O BNG quere superar este barco, quere un novo status político para Galiza, un status de nación. Queremos construír agora non a Galiza que nos deixaron despois do franquismo en 1981, senón a Galiza de 2050, a Galiza do futuro. O futuro non está escrito, en todo caso o futuro tense que escribir coas letras da ciencia, da investigación, da innovación, da dixitalización, da intelixencia artificial, do ecoloxismo, do feminismo. Esa é a Galiza que xa está aquí, a Galiza que vén, a Galiza que temos que construír e o BNG desde logo vai traballar arreo para conseguilo. Porque nós como BNG, como nacionalistas queremos máis que o que temos, querémolo todo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Bará, vostede empezou cunha serie de citas, xa sei por outras intervencións súas que as citas [...], dende logo a de 14 traspasiños e estou de acordo que, en fin, o que fixeron moitos deles eran de competencias, desde logo, non o que nos contaron, e moitas delas a mesma desgaxada para que dera máis, pero non daba 14 en ningún caso, co cal eu 14 non puideron dicir porque vostedes é que están contando unha historia que nin sequera era así. Non conseguiron 14 traspasos nin moito menos. Xa falarei diso.

Pero mire, o que lle vou dicir é que eu nesta interpelación o que vou intentar transmitir, porque é o que sentimos realmente, é que nos tomamos o tema do autogoberno de Galicia moi en serio, cunha óptica diferente. Vostede todo consiste en ser unha nación, o demais dá igual, e nós o que queremos é ser respectados e ter un autogoberno forte, con competencias que se poidan exercer. Iso quere dicir que estean financiadas e que se nos respecte no seu exercicio.

Esta é a diferenza fundamental e iso deberían telo claro todos os grupos desta Cámara. Onte cando falamos da competencia de tráfico asistimos a unha pelexa, unha máis entre o Grupo Socialista e o Grupo do BNG, reclamándose cada un ao outro. E a ver campionato de... un que está gobernando en Madrid e o outro que aquí quere que sexamos unha nación, un ou o outro a ver quen é máis campión do autogoberno. E, señor Arangüena, hoxe volveu outra vez, tiven ocasión de velo ao final. Púxose nervioso como se pon moitas veces e eu cheguei a parte dos insultos, non sei exactamente o que dixo antes, pero supoño que falaría desa enorme cantidade de competencias que están pedindo e que despois dende logo, se ve que o Goberno central non está disposto nin a empezar a falar diso. E diso intentarei falar tamén entre esta primeira intervención e a segunda.

Vostedes levan moito tempo discutindo sempre que falamos de autogoberno de Galicia e falar de autogoberno de Galicia é falar dun verdadeiro sistema de financiamento que nos dea simplemente o que nos corresponde, da devolución do IVE —xa vimos o que está pasando agora—, da transferencia de tráfico, onte mesmo. Ben, discuten moito entre vostedes, a ver quen sae máis lucido na foto da loita polo autogoberno, a ver quen é máis campión do autogoberno e de que crezamos en competencias.

Claro, iso si, despois chega o momento de demostralo e vostedes asinan, efectivamente, un papel. Vostede onte sacou o tema do papel que asinaron, que nos venderon de xeito rimbombante —perdoe que llo diga— porque así foi, o que dixeron e o que escribiron, e o que nos transmitiron que significaba ese acordo que se dicía que a Comisión mixta de transferencias, efectivamente, Estado-Xunta de Galicia para a activación e programación na lexislatura da transferencia a totalidade das competencias pendentes recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, así como daquelas competencias que teñan sido obxecto de consenso no Parlamento galego, iso ía cambiar a historia de Galicia. Conseguiran vostedes en media hora o que non conseguira o Partido Popular en tantísimos anos de goberno desta comunidade histórica.



E todo iso nolo contaron, todo iso o proclamaron, deixaron, iso si, a parte da transferencia da AP-9, tiña o seu propio apartado, porque era tan importante que iso xa non era nos 3 primeiros meses, era na primeira media hora. Todo iso o dicían e todo iso nolo contaron, e de todo iso hai que falar cando falamos de autogoberno.

Despois claro, onte nos explicou que non se activou porque houbo unha pandemia. Entón, claro empezaron a xustificar o inxustificable. Vostede ten que explicar por que un ano e medio despois esa comisión que se ía activar en 3 meses e que vostedes conseguiron dobrándolle a man ao goberno a cambio dun apoio que era decisivo ou iso dixeron as dúas partes que asinaron ese convenio, porque pasou case un ano e medio despois e non houbo nada. Entón, claro, vostede empeza a dicir, claro é que houbo unha pandemia, é que non se puido facer nada. E que nós centrámoslles o balón e vostedes solo tiñan que empuxalo. Un porteiro que non tiña gañas, ningunha gana, xa o estamos vendo, de deixarse meter ese gol e que ao final dende logo lles tomou o pelo a vostedes e intenta tomarllo tamén á Xunta de Galicia e a través da Xunta de Galicia a todos os galegos e galegas, señor Bará.

Di vostede que esa comisión mixta de transferencias non se reuniu pois iso, porque había pandemia. E claro, estaba o Goberno central moi ocupado, ese Goberno central que mantivo coa Xunta de Galicia máis de 300 vídeo conferencias sobre todo tipo de asuntos. Comigo mesmo 20, 25, 30, sobre todo tipo de asuntos cando estabamos en plena primeira fase, cando nos dixo o señor Sánchez que venceramos o virus e, polo tanto, xa non nos tiñamos que preocupar, xa había que falar doutras cousas, cando volvemos á segunda ola, á terceira... Nunca fomos chamados para nada que tivera que ver con esta Comisión de transferencias. Nunca nada e vostedes o desculpa, e lle parece ben. E iso é entendible, polo tanto non hai que criticalo. ¿Como se van preocupar destas cousas? ¿Como quere que o tomemos en serio cando onte lle escoitamos todos dicir que é lóxico que non se falara de transferencias? É lóxico que o Goberno non tivera un minuto para falar de todo isto.

Hai que tomarse en serio o autogoberno de Galicia, señor Bará, dígollo de verdade, hai que tomalo en serio. Isto non é unha cuestión de proclamas, de propaganda, de ránking, 30, 40, 70, ata onde dea o Estatuto. Vostedes sempre están cos números e despois con nada máis. Mire, non é algo para fardar sen ter nada detrás. Vostedes xa fardaron moito. Eu estaba no ano 2009 e estaba nos anos de oposición cando vostedes gobernaron no Bipartito. Vostedes estaba tamén, formaba parte do goberno. Cantas cousas nos contaron. Viña aquí, esa historia que vostede nos contou onte, que nos contou hoxe, xa nola contou o señor Quintana co mesmo. Era o campión do autogoberno, o campión das transferencias. Déralle a volta á historia de Galicia, canto conseguía, estábanlle dobrando a man a cambio do seu apoio —o do apoio era verdade, ao señor Zapatero—, estábanlle dobrando o brazo e estaban conseguindo que Galicia medrara en competencias moitísimo.

Pois mire, perdoe que llo diga a maioría das competencias eran competencias menores. E a maioría das que nos contaron que estaban pechadas, despois chegamos, as reclamamos, porque lle recordo que as reclamamos todas e 10 máis, e nos dixeron que diso nada, empezaron a poñer excusas. Non había nada pechado de todo o que nos contaron. Toda esa historia, todo ese conto que vostede nos contou como parte dese goberno, que nos contaron, despois veuse a verdade: que non había nada, que non había ningunha vontade do Goberno



do señor Zapatero. Tampouco a houbo despois, e dixémolo como Xunta de Galicia, que había competencias que se tiñan que traspasar e, desde logo, o Goberno do señor Zapatero, que como vostedes dicían que o deixaban todo pechado, nin despois o Goberno do señor Rajoy, nin despois, por suposto, o Goberno do señor Sánchez, estaban nin está polo labor.

¡Oia! Claro que falamos neste Parlamento de competencias. Claro que aprobamos unha Senda Galicia con moitas competencias antes das eleccións xerais do 19 para que quen as gañara se ocupara inmediatamente. Non soubemos absolutamente nada, vostede vaise ao formal porque non lle queda outro; non, é que hai que pedilo formalmente, é que cando se manda unha carta hai un efecto máxico, e que o problema é que vostedes, como non mandan a carta, pois, mire, acabámola de mandar a petición, concreto, señor Iceta, xa hai máis dun mes; si, contestounos dicindo que si, ¿e que?, como lles dicían a vostedes, boas caras, nin unha mala palabra nin unha boa acción. ¡Oia! Nin eses tres meses, vostedes que medían o tempo tan concreto e con tan curtos prazos, pois xa vai consumido dende a carta do señor Iceta a terceira parte desa prazo campión que vostedes tiñan e non sabemos absolutamente nada. ¿Que soubemos en medio? Moitas cousas: que nos recorre unha Lei de saúde sen falar antes con nós; que agora se empeza a ver que tiñamos razón Galicia e outras comunidades autónomas cando dicían que nos furtaban unha parte importante do noso financiamento... Todas estas cousas que tamén é o respecto e o autogoberno das que vostedes sempre foxen, porque é todo cuestión dun *ranking* de intentar poñerse medallas vacías, porque ao final non hai competencias, non hai nada, señor Bará. Vólvollo dicir, vostedes non conseguiron practicamente nada no bipartito, fixeron moitísima propaganda, pois claro, non contaban perder as eleccións e non contaban con que viramos que todo aquilo era verdade. Pedimos a comisión, pedimos seguir co traspaso de competencias. ¿Sabe o que encontramos, señor Bará?, ¿sabe o que encontramos? O que lle dicía antes, moitísimas excusas e, iso si, un recurso, á Lei de caixas, niso se transformou a Comisión Mixta de Transferencias. Señor Chaves e señor Zarrías, que agora os teñen moi escondidos no Partido Socialista por evidentes razóns, e eu enténdoo. Pero foi o que encontramos, e tivéronnos así un montón de tempo; e cando lle dicíamos: ¡Oia! ¿E o traspaso de competencias, todo isto que nos dicían que estaba pechado, todo isto que estamos reclamando as 10 que pedimos a maiores? Non, non, diso non hai nada que falar, diso non hai nada que dicir.

E isto é a realidade, isto é a verdade de todo ese traballo que vostedes fan tan ben e que se transforma en absolutamente nada. Isto é a realidade dun ano e medio despois desa Comisión Mixta de Transferencias que se ía abrir aos tres meses e que ía cambiar o futuro de Galicia.

Polo tanto, fágalle, de verdade, un favor, fagámoslle todos un favor a Galicia, dende logo vostedes tamén. Imos esixir, porque iso é autogoberno, respecto, eficacia e lealdade, porque as competencias hai que saber o que se pide, a quen se lle pide e como se pide; e hai que saber que o importante é conseguir cousas, e non facer estatísticas, nós esiximos respecto e esiximos concrecións, non esiximos estatísticas.

A vostede gústanlle moitísimo os números, os traspasos, as comparacións. Eu dende logo non quero, como membro do Goberno da Xunta de Galicia, compararme con Cataluña, nin moitísimo menos. Eu xa sei que é o seu modelo, pero o que lles importan son os *rankings*, os *rankings* vacíos que non levan a nada.



Enterarnos pola prensa de que nos presentan un recurso, enterarnos pola prensa de que hoxe, por exemplo, aquí está o secretario de Estado de Seguridade para falar da seguridade do Xacobeo sen avisar a Xunta de Galicia en absoluto. Enterarnos de que van catro meses de Xacobeo sen saber cal vai ser o apoio que nos vai dar o Goberno central. Enterarse de que nos obrigan a ir aos tribunais para que nos dean aquilo que é noso. Todo iso é falta de respecto e todo iso é falta de respecto ao autogoberno, e niso imos traballar; despois están moi ben outro tipo de cousas, pero, se mo permite, non son tan importantes.

Nós desde logo imos pedir, só pedimos, esperemos que nos fagan caso e que se active a transferencia de competencias. Priorizamos as que cremos que son importantes, veremos o caso que nos fan.

Miren, mentres que aquí haxa un Partido Socialista absolutamente submisivo, é que é a tormenta perfecta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...o Goberno central —remato xa señor presidente— sabe perfectamente que aquí o Partido Socialista nunca lle vai botar nada en cara e, se ven que vostedes seguen empeñados nos *rankings* vacíos, na propaganda e en desculpar o indisculpable e que non se concrete nada, pois entón, dende logo, teñen máis fácil todos aqueles que non queren que o autogoberno de Galicia creza. Nós queremos que creza o autogoberno e queremos que creza dende o respecto e niso imos seguir.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a rolda de réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rueda, dixo vostede que vostedes defendían o autogoberno en serio, ¿en serio?, ¿está falando en serio? Vostedes que foron incapaces en doce anos de convocar, de demandar a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias. ¿Isto é serio? Vostedes que en doce anos non conseguiron nin unha soa competencia para Galiza, ¿isto é serio?, ¿esa é a súa defensa seria do autogoberno? Isto é un auténtico fiasco, señor Rueda, é unha auténtica calamidade, un desastre, iso é pura incompetencia, (*Aplausos.*) pura incompetencia o que fixeron vostedes nestes doce anos.

E fala vostede de tráfico e seguridade viaria, que o tiñan vostedes nesa declaración de máxima prioridade do ano 2009 que levou vostede. ¿E que fixeron nestes anos? Se vostedes mesmo aquí votan en amarelo, votan abstención, porque non cren realmente nesta competencia, non cren; nin cren na policía galega, xa o vimos ao longo destes anos. Hai unha Lei de policía galega e vostedes non quixeron desenvolvela. Teremos que ser nós desde a oposición quen os obrigue a desenvolvela e a crear tamén, a asumir a transferencia do tráfico e seguridade viaria.



E alégrome de que fale do acordo de investidura, porque iso o que demostra en último termo é que a vostedes lles proe ese acordo, non o poden evitar, é que se lles mira ás leguas a incomodidade.

Efectivamente, ese punto 1 di que hai que convocar a Comisión Mixta, pero non é o BNG quen a ten que convocar, pódea convocar o Goberno central ou pódea pedir o Goberno da Xunta, ¿vostedes pedírono desde xaneiro de 2020?, ou é que lles temos que facer nós tamén o traballo de pedir a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias.

E, claro, alégrome de que me fale da AP-9. Efectivamente, o BNG puxo un punto específico nese acordo sobre a AP-9, porque é un asunto de máxima transcendencia para este país, é un asunto de máxima aldraxe para este país e hai que acabar con esa aldraxe, por iso puxemos un punto concreto, no que falabamos da transferencia da competencia tamén e da rebaixa das peaxes. E grazas a ese punto, a ese acordo, a esa demanda, dun acordo de investidura, que non foi un acordo de lexislatura, recórdolle que foi un acordo tamén para impedir que seguise gobernando o partido da Gürtell naquel momento, pois grazas a ese acordo estamos falando hoxe de rebaixas nas peaxes da AP-9, e queremos que se apliquen canto antes, por suposto.

De aquí do que se trata de falar, señor Rueda, é do balance do Partido Popular, ¿que conseguiron vostedes?, ¿que balance presentan vostedes? Fala de escusas, ¡ah!, escusas, *parole, parole, parole...* Escusas son as que trae aquí vostede: é que no PSOE non nos fixeron caso, cando estaban en Madrid gobernando, o señor Zarrías e o señor Chaves pasaron de nós. Pero é que despois viñeron os seus e tomáronos como o pito do sereno, o Goberno do señor Rajoy (*Aplausos.*), estiveron seis anos gobernando. É que iso é humillante. O que dixó aquí vostede é absolutamente humillante, porque neses anos houbo 16 transferencias a sete comunidades, mentres a vostedes os trataban como un felpudo o seu propio partido en Madrid. É que ¿como pode vir aquí dicir iso, señor Rueda? Vostedes non defenderon os intereses de Galiza, as competencias de Galiza, non reclamaron nada, vostedes actuaron como un Goberno nesta materia, podemos falar de moitas máis, completamente inútil e incapaz.

E, mire, di vostede que estamos no medio dunha pandemia, efectivamente iso pode dificultar moitas cousas, pero que nestes anos, nestes últimos anos, están en marcha negociacións, xa desde hai anos, desde que gobernaba o señor Rajoy, e avances en transferencias con Euskadi, non lle vou recordar aquí o que pasou coa A-68, unha autoestrada que foi transferida; con Nafarroa, que se está negociando neste momento a transferencia de tráfico e seguridade viaria; con Andalucía, que xa conseguiu hai moito tempo a transferencia de Costas, que nós non temos, sendo tan importante para nós o litoral e a costa; con Canarias, que está agora tamén negociando as transferencias de Costas... E nós estamos quedando atrás, señor Rueda, e iso é responsabilidade do Partido Popular, do Goberno da Xunta do Partido Popular (*Aplausos.*) que non reclaman. Escusas, escusas é o que nos trouxo vostede aquí.

Polo tanto, remato, vostedes queren un país pequeno, un país tutelado, un país bonsai ou, incluso peor aínda, un país eucalipto. E nós queremos un país grande, un país forte, un país en plenitude, un país carballo. E por iso imos pelexar para conseguir todas as transferencias



pendentes para chegar ao máximo teito competencial, pero queremos ir máis alá. Porque, como lle dixemos,...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...queremos trazar o futuro da Galiza do século XXI, da Galiza do 2050. E ese futuro téñeno que escribir as xeracións de hoxe, non pode ser un futuro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...trazado, escrito polas xeracións e polas normas, polos corsés herdados do franquismo en 1981.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas.

Señor Bará, vostede empezaba a súa réplica dicindo, claro, que como me atrevo a dicir que o Goberno da Xunta de Galicia, o Partido Popular, supoño que tamén estaría pensando niso, a dicir que falamos do autogoberno en serio. É que ese é o gran problema, é que vostedes, entre outras moitas verdades absolutas das que se cren na única posesión, isto é unha delas. Entón, aquí do autogoberno só poden falar vostedes, e polo tanto, se se fai algo, fano vostedes e, se o facemos nós e non se consegue, a culpa sempre é nosa, non é da outra parte, que é a que ten que ceder competencias que nós pedimos, porque, claro, como nós non podemos falar en serio destas cousas, se non hai resultado, tamén a culpa é nosa. E así estamos nesa roda que ao final non leva a ningunha solución.

Xa vexo que vostede non foi capaz de facer ningunha réplica a algo que é unha verdade como unha casa, non conseguiron nada na época do bipartito, non conseguiron nada. Iso hai que ver, se imos á hemeroteca, a de veces que viña o señor Quintana e, insisto, vostede que estaba nese Goberno, dicindo que aquilo era o acabouse, que estabamos baleirando o Estado das competencias e que era unha lexislatura histórica para o autogoberno de Galicia. Nada de nada; competencias menores na súa inmensa maioría, desgaxadas para parecer máis e nada avanzado respecto das outras. E isto é o que había, e non sería, ¿como vostede pode dicir que non pedimos en doce anos, nunca? Pedímolos un montón de veces, é que vostedes no Parlamento diciánnos: ¡Oia! que está todo feito, adiante; fomos alá, pedimos 10 máis e dixéronnos que nada de nada, moitísimas veces, neste Parlamento, por escrito, publicamente, nada de nada de nada.

¡Home!, Polo tanto, que veña vostede a dicir que é que non pedimos nada e que toda a historia se retoma cando vostedes fan ese acordo histórico do que, mire, ao final ten razón, nós



falamos porque falan vostedes, o problema é que non fala ninguén máis, daquilo que nos dixeron que ía ser a bomba e que ía cambiar a historia de Galicia e que hai que ver o que conseguiron. Dende logo, non fala nin o Partido Socialista nunca aquí, non me estraña, porque a ver como lle lava a cara un Goberno que pasa absolutamente disto, nin fala ninguén máis.

E, polo tanto, iso ao mellor quere dicir, sinceramente, xa sei que molesta moito que llo diga, pero cada día que pasa e cada mes se demostra que é verdade, o tempo dános a razón, nunca mellor dito nisto, é que lles tomaron o pelo, absolutamente.

E, miren, o señor Iceta, eu non sei, espero que saiba, teño as miñas dúbidas, que saiba nin sequera que hai ese acordo firmado con votedes, para avanzar en tres meses que se convocara todo e que todo se planificara e que tiveramos ese nivel de autogoberno fantástico que vostedes dixeron que conseguiran.

E claro que fixeron un apartado especial para a AP-9. Primeiro voulles dicir unha cousa que lles fastidia moito, é que o señor Feijóo conseguiu nunha mañá moitísimo máis do que vostedes dicían que conseguían nese acordo histórico. (*Aplausos.*) E isto é así, e isto é así. E pódolle dicir que nada do que conseguiu o señor Feijóo falando con lealdade, como nós queremos falar co Goberno central, ten nada que ver co que estaba asinado con vostede, nin houbo ningunha referencia. É que eu dubido que realmente o teñan en conta e que o teñan nos seus pensamentos. Alá eles, demostran a falta de lealdade e a falta de concreción e, se quere dicir, a falsidade ás veces cando se firman acordos que non se pensan cumprir. E iso é o que fixeron con vostedes, absolutamente. E, polo tanto, nós xa sabemos o que nos toca, que é loitar para crecer no autogoberno. E vólvolle dicir, o autogoberno consiste en ser respectados, consiste en que nos dean o financiamento necesario para poder exercer as nosas competencias, aquelas ás que aspiramos, pero tamén as que temos. E supoño, señor Bará, que estará de acordo, en que antes de pedir novas competencias, que dende logo as pedimos, o que haberá que pedir é financiamento para as que xa temos.

É que non é normal que nos estean furtando cartos dende o Goberno central para darlles a outras comunidades autónomas que claro que avanzan máis rápido, pero é que niso consiste o Goberno do señor Sánchez, en darlles máis a aqueles que o sosteñen no Goberno, é o seu único obxectivo. E, polo tanto, para darlle máis a un, terá que quitarlles máis a outros. ¿A quen lle está quintando? A Galicia, coa súa complicidade, que di que a culpa é nosa, non de quen nos tiña que dar cousas e non as está dando. É que así é imposible, señor Bará, así é imposible, con esa complicidade, con ese *statu quo* que sabe o Goberno central que ten en Galicia, cun partido que está satisfeito cun papel que firmou, papel mollado non vale para nada, e que lle importa poñerse medallas en *rankings* sen contidos, e cun Partido Socialista sucursal aquí, que lles vai lexitimar calquera cousa e que vai mirar para outro lado cando están todos os días facéndolles auténticas aldraxes ao Goberno da Xunta de Galicia, a través do Goberno da Xunta de Galicia, aos galegos, pois así nos vai ir.

Polo tanto, non lle vexo moito futuro a isto, nós desde logo ímolo intentar. Mire, preguntábame que que axenda de competencias imos plantexar, con cal imos ir. Na carta ao señor Iceta xa llo dicíamos. Primeiro, que acordemos respecto da Lei de saúde que nos recorreron sen previo aviso e, dende logo, mostrando un trato absolutamente desi-



igual con outras comunidades autónomas, supoño que niso tamén estará de acordo en que é crecer no autogoberno respecto ás competencias propias que nos dá o Estatuto de autonomía de Galicia. E, segundo e fundamental, xa priorizamos a AP-9 e dominio público marítimo-terrestre.

Vostedes, ademais, fixeron aí unha cousa vergonzante, queren salvar algunhas cousas. Nós queremos salvalo todo, toda a actividade económica que está no dominio público en Galicia queremos salvala. Non unha parte, como queren facer vostedes, condenando o resto, e non só a Ence, senón outras moitas. Nós queremos salvar toda a actividade económica.

Polo tanto, imos pedir iso, e espero que teñamos o seu apoio, e espero que todo este furor que lle dá para dicir que non facemos nada, en canto empecen as negociacións de todo o que estamos facendo, vostedes o apoiem, e que non vaian outra vez cos seus socios, aquí en tantas cousas mirando para outro lado, porque así Galicia non crece e dende logo así non se defende Galicia, e nós dende logo non a queremos defender así. Probablemente por iso levamos 12 anos co apoio maioritario dos galegos e vostedes seguen intentando poñerse medallas que en realidade non existen.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da Covid-19 nos centros hospitalarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señorías, ¿que pode acontecer nunha sociedade, ou máis ben en concreto nun sector político, cando normalizamos certas cuestións que criamos xa superadas hai anos, como poñer en cuestión o sistema democrático? Moita xente preguntase por que non entrou Vox en Galicia, e a resposta deuna o presidente galego Feijóo e Baltar, ao pedir a cabeza de Rafael Rodríguez Villarino, elixido democraticamente nas urnas pola cidadanía en Ourense. Grave erro, señorías do Partido Popular, rectifiquen, nunca é tarde para retomar o bo rumbo. Miren ao mundo do deporte, os bos deportistas son humildes na vitoria e tamén na derrota. Acepten quen gañou as eleccións en Ourense, sexan humildes, e non insistan en borrarlo do mapa, porque quen decide é a cidadanía.

Quero comezar por lembrar as 2.384 persoas falecidas por Covid, das cales 790 faleceron nas residencias de maiores, e por suposto as súas familias. Pero, tamén lembrarnos daquelas persoas que sufriron outro tipo de enfermidade sen diagnóstico ou tratamento en tempo e forma, converténdose en vítimas secundarias da Covid.



Tamén lembrar especialmente as persoas maiores en residencias que non faleceron ou non se contaxiaron, pero quedan cunha ferida na alma por vivir un pesadelo que permanecerá na memoria das súas retinas para sempre.

A apoderada xeración silenciosa, ou a dos nenos da posguerra, esas persoas que naceron entre aproximadamente 1930 e 1948, esa xeración que levantou o país, cunha educación baseada na cultura do esforzo, a humildade e o sacrificio que precisaron para superar momentos moi duros, sen ter outra opción nin posibilidade de protesta. Esta xeración mirou aos ollos á guerra, cara a cara, con ollos de nenos. Esta xeración podería perfectamente explicarnos de viva voz o que viviron aqueles nenos e nenas españois da súa xeración, que tiveron que fuxir na guerra nun ferrocarril sos, sen pai, nin nai, nin ningún familiar para converterse noutros países en menores estranxeiros non acompañados, ou o que é o mesmo MENA, sobre os cales a ultradereita que vostedes, señorías do Partido Popular, meteu nas institucións, verten odio. E toda a nosa condena, por suposto en canto a verter odio sobre os menores; son nenos e nenas que están indefensos e aos que temos que axudar. Solidariedade.

O virus cebouse cos maiores, con estea xeración que sacou adiante ao país, esa xeración que axudou os seus pais, que criou os seus fillos para logo axudar aos mesmos a criar os seus netos. Xeración humilde, traballadora e de gran fortaleza para afrontar o que se lles puxera por diante. Hoxe, inmersos no proceso de vacinación, somos conscientes de que a chegada das vacinas foi realmente o que logrou frear o desmadre do virus, que chegou con retraso respecto doutras comunidades autónomas, pero, aínda así, case 800 persoas faleceron en residencias de maiores a causa da Covid.

A proposta do Grupo Socialista dende o principio foi clara: pedimos que se elaborase un protocolo de evacuación de todos os positivos nas residencias de maiores. ¿Por que? Porque, en liña co que solicitaban os especialistas na materia, como por exemplo a Sociedade Galega de Xeriatria, e en base a diversos estudos, demostrábase que o impacto de contaxios e abruptos tal e como sucederon en Galicia reducíase significativamente evacuando inmediatamente todos os positivos en tempo a un hospital ou residencias intermedias, que para iso estaban. Non aceptaron esta proposta, totalmente lóxica e avalada, e os contaxios multiplicábanse mentres a calidade de vida dos negativos empeoraba notablemente en detrimento da súa saúde cognitiva, física e mental tras as duras restricións derivadas da convivencia con positivos.

Hoxe coñecemos a Covid-19, pero ¿que pasará se xorde outro virus nun futuro inmediato ou non tan inmediato? Temos que prepararnos na prevención, porque se trata dunha cuestión de saúde pública.

Por iso, dende o Grupo Socialista consideramos necesario que se elabore un protocolo preventivo e rigoroso ante enfermidades infecto-contaxiosas en centros de atención residencial para maiores. Adiantémonos e preparémonos; para iso é necesario elaborar previamente por parte do Goberno galego un informe rigoroso e transparente que investigue o acontecido durante a pandemia nos centros de atención residencial en Galicia.

O día 13 de marzo de 2020, o presidente de España, Pedro Sánchez, anuncia o estado de alarma e tras iso declárase a emerxencia sanitaria en Galicia. Pero as residencias de maiores



en Galicia xa arrastraban numerosas irregularidades xa coñecidas polo Goberno actual que está nestes momentos en Galicia na etapa precovid.

Anos antes, o propio colectivo de traballadoras das residencias comunicaban a través de numerosos escritos estes feitos, e así tamén o famoso informe do Consello de Contas de 2018, que resaltaba como, por exemplo, aumentaban o número de prazas residenciais privadas, á vez que o número de inspeccións baixaban.

Pero tamén nos preguntamos, porque se fala moito das residencias privadas, pero preguntámonos ¿por que non se cobre o total de prazas nas residencias públicas galegas?, coa lista de agarda que temos, señora conselleira. ¿Cal é a porcentaxe de ocupación nos centros residenciais públicos?

De todo isto é coñecedora a máxima responsable de política social en Galicia —que xa era conselleira na anterior lexislatura, e ademais con anterioridade ostentou o cargo de directora xeral de Maiores—. De por que non se tomaron medidas terá que explicalo vostede, señora conselleira. O que está claro é que existe unha clave na supervisión das residencias mediante a inspección, e xa o solicitamos dende o Partido Socialista en numerosas ocasións; é preciso aumentar o número de técnicos de inspección da Consellería de Política Social. ¿Por que? Porque somos a segunda comunidade autónoma con menor número de inspectores de toda España, en concreto tan só 7 inspectores para a supervisión de —¡atención!— 264 residencias en toda Galicia, tal e como recalcou o periodista Manuel Rico no seu libro sobre a investigación nas residencias.

É urxente incrementar significativamente o persoal de inspección, porque o equipo técnico de inspección, formado por profesionais, está a tragar un marrón que non lle corresponde, derivado da falta de toma de decisións políticas por parte dun Goberno galego que leva a unha presión laboral e emocional inasumible en moitos casos.

Atrévase o presidente de Galicia, Feijóo, a vir aquí a esta Cámara hoxe facer demagogia de baixo calado, sobre cuestionar os propios profesionais, que presume ademais de 300 inspeccións en plena pandemia, cando no ano 2011 sen pandemia facíanse 418. ¿Como é posible? Entón, cos datos sobre a mesa, ¿quen está a valorar os profesionais e quen non? Entendemos que, cos datos sobre a mesa, quen está cuestionando realmente, porque as palabras son palabras pero os feitos son o que marcan a predisposición a valorar os propios profesionais, quen está a cuestionar os profesionais é o propio Goberno galego. Rectifiquen e asuman a toma de decisións que vai en detrimento da calidade dos propios profesionais.

Señora conselleira, a cidadanía que eu teño a honra de representar é tan digna como a que representa vostede. ¿Por que, tras solicitar os datos da Covid en residencias de maiores centro a centro, por todos os mecanismos posibles, por escrito, en Pleno, en Comisión, polo artigo 9, non se aportan? As residencias de maiores aportaban relixiosamente os datos ao Goberno galego diario porque así o estableceu o Goberno galego que o tiñan que facer, polo tanto os datos están na súa posesión. ¿Por que non os entregan? ¿Por que os agochan? ¿Por que teñen no seu poder eses datos e non os entregan, cando é o seu deber? Están incumprindo a obriga democrática que debe nutrir da información solicitada para exercer debidamente a supervisión que a cidadanía galega nos encomendou no rol de oposición.



Dende o ano pasado solicitamos unha información, á cal temos dereito, e que están censurando por parte dun Goberno galego que non entendemos por que non dá esta información e, por suposto, tampouco o entende a cidadanía galega. E así o reflectiron incluso os propios medios de comunicación, que relataban como a Xunta e o PP se negaban a que o Parlamento saiba cantas persoas faleceron por Covid en cada residencia. Queremos ter esta información para poder facer o noso traballo, señora conselleira. *(Aplausos.)*

En canto ao novo modelo de residencias, ¿por que tanto secretismo, señora conselleira?, ¿por que aínda non se avanzou ao respecto?, ¿por que noutras comunidades autónomas xa teñen regulado un modelo na propia normativa de cara á nova construción das residencias e aquí aínda non, cando estamos falando de que se van construír novas residencias? Temos que ter xa un modelo serio e estrito para poder levar a cabo esas novas residencias en base a esa nova normativa que precisamos tanto.

A dignidade das persoas maiores segue en xogo cando as infantilizamos tomando decisións á marxe das mesmas. Non pode ser que non tiveran liberdade de dereitos para poder saír ou entrar no seu centro, como relataba o propio presidente da Sociedade Galega de Xeriatria, cando xa estaban todas as persoas maiores inmunizadas na residencia.

Polo tanto, é urxente, señora conselleira, elaborar un protocolo preventivo, específico para enfermidades infecto-contaxiosas no contexto residencial, primando a evacuación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...de todos os positivos a centros intermedios e hospitais, segundo o criterio clínico.

Xa acabo, señor presidente.

Elaborar un estudo que investigue o acontecido durante a pandemia da Covid no contexto residencial; que aporten de xeito urxente os datos e cifras que solicitamos e que temos dereito a eles como representantes da cidadanía, de falecementos por Covid desglosados por centro residencial; e, por suposto, transparencia e información respecto ao novo modelo residencial. Déixenos traballar, señora conselleira.

Temos que incrementar significativamente os equipos de inspección. Escoiten, déixenos aportar para mellorar a vida das persoas en Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Ortega. Ten vostede despois outro turno.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señora Ortega, moi bos días.

Señora deputada, a verdade é que pensei que viñamos hoxe aquí falar de residencias, e eu vexo que vostede prefire hoxe falar do señor Villarino, do deporte, de Vox e de non sei cantas outras cousas máis, pero a verdade é que, por respecto a esta Cámara e por respecto aos galegos, voume centrar nas residencias.

Non lle podó negar tampouco hoxe que sentín un certo asombro ao ler a interpelación que vostede me formula.

Primeira pregunta: se a Xunta vai elaborar un protocolo de evacuación de todos os positivos de Covid-19 das residencias galegas. Resposta, dende hai 1 mes as residencias de maiores de Galicia non teñen casos positivos de Covid-19. Cero casos positivos de Covid entre os usuarios e cero casos positivos entre traballadores. *(Aplausos.)*

Segunda pregunta da súa interpelación: se a Xunta vai achegar os datos de contaxios e falecementos de Covid-19 nas residencias galegas. Resposta, señora Ortega, estivemos máis de 1 ano dándolle diariamente todos estes datos á opinión pública. *(A señora Ortega Otero pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señora Ortega, como vostede di, centro a centro, todos os datos se lle deron á opinión pública e que ademais están publicados en todos e cada un dos medios de comunicación de Galicia.

Eu penso que así quedan xa respondidas o cen por cento das cuestións que vostede me trasladada hoxe na súa interpelación. Pero, non obstante, como creo que aínda me queda un pouco de tempo, gustaríame dicirlles algunhas cousas máis.

Dóennos todas e cada unha das familias que perderon un ser querido nas residencias de maiores de Galicia, pero esta dor non nos impide ver a realidade. Galicia é a comunidade da península onde as residencias de maiores resistiron mellor a pandemia e estes datos son moi claros. Os falecementos en residencias supoñen a nivel nacional o 39 % do total; en Galicia 6 puntos menos, o 33 %. No conxunto de España desgraciadamente faleceron arredor do 10 % das persoas que vivían en residencias, en Galicia menos da metade. Moito menos que en países como Francia, Austria, Reino Unido, Bélxica, Suecia, Estados Unidos ou os Países Baixos. E Galicia é tamén a comunidade da península con menor exceso de mortalidade nas residencias, segundo os datos que elabora o Consello Superior de Investigacións Científicas, pouco sospeitoso de parcialidade ou de estar baixo o influxo da Xunta de Galicia.

Esta extraordinaria resistencia non é froito da casualidade, senón que se debe por riba de todo ao esforzo, ao compromiso e ao cumprimento estrito dos protocolos e dos plans de continxencia por parte dos traballadores das residencias, por parte dos usuarios, e tamén este cumprimento por parte de todos os familiares, aos que lles quero trasladar unha vez máis o noso profundo agradecemento.

Os traballadores no ano máis difícil das súas vidas deron o mellor de si, sen peros, sen atenuantes, para salvagardar en todo momento a vida e o benestar das persoas maiores e das persoas con discapacidade. Por iso merecen todo o recoñecemento que lles poidamos dar.



É certo que Galicia —como toda España, como toda Europa, como todo o mundo— afrontou unha pandemia inédita ante a que as residencias de maiores non estaban preparadas ao cen por cento, nin aquí nin en ningún outro lado nin institución. E para axudar as residencias que tiñan contaxios, a Xunta de Galicia foi pioneira na posta en marcha de residencias integradas, onde as persoas maiores positivo con coronavirus recibisen unha atención especializada. Esta decisión pioneira foi reproducida despois por comunidades nas que o seu Partido Socialista ten responsabilidades de goberno; comunidades como a Comunidade Valenciana, Cantabria e País Vasco, así que deducimos que tan mal non funcionarían.

As condicións de derivación a estas residencias integradas, señora deputada, foron sempre as que marcaron os médicos, estrito criterio clínico. Cada caso analizouse individualmente. E penso que os expertos que acudiron á Comisión de Reactivación xa explicaron todas estas medidas e estes protocolos e estes procedementos moito mellor ca min.

Por indicación sanitaria e tamén ao longo da pandemia, unhas 600 persoas pasaron polas residencias integradas de Galicia. Pola residencia de Baños de Molgas, de Porta do Camiño, do Cegadi ou de Bo Día en Vigo. Nestas residencias integradas o heroísmo tivo nomes propios, nomes como o de Ana Belén, o de Raquel, o de Néstor, o de Tino, o de Nacho, o de Miguel, o de Chema, o de Xendi. Grandes profesionais sanitarios e sociosanitarios que non dubidaron en ningún momento acudir onde máis necesarios eran, nun momento onde as incógnitas superaban as certezas. A súa dedicación, como a de todo o sector —e falo de todo, do público, do privado, da iniciativa social— todos estes traballadores ben merecen hoxe un aplauso unánime de toda esta Cámara. *(Aplausos.)*

A verdade é que acabo de ver como os deputados e as deputadas do Partido Socialista e como os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego non aplauden agradecéndolle o traballo de todos estes profesionais das residencias de Galicia. A min a verdade é que me resulta triste e me resulta realmente decepcionante, como estes traballadores estiveron ao pé do canón durante esta pandemia sanitaria, *(Murmurios.)* como estes traballadores estiveron á altura de Galicia, pero vexo que moitos deputados e deputadas destas Cámara non están hoxe á altura dos galegos. *(Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio. Por favor.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Sobre os datos de residencias, eu penso que pouco hai que dicir que non se dixese xa. Non hai máis que buscar en Google para atopar os datos que a Xunta de Galicia lles facilitou en todo momento cada día durante máis dun ano a todos os medios de comunicación. E os datos están aí, están aí á vista de calquera. Están á vista de calquera cidadán de calquera parte do mundo para quen os queira consultar. Pero non todos os gobernos autonómicos poden dicir hoxe o mesmo.

E unha vez, señora Ortega, que están xa respondidas e ademais moi extensamente as súas preguntas, creo que podemos estar de acordo en que agora tamén é o momento en que toca mirar cara a adiante. Toca aprender, por suposto, de todo o vivido, e toca tamén non contribuír a espallar a sombra da dúbida sobre un sector que sinceramente non o merece.

Os galegos pasamos moitas noites sen durmir pensando nos usuarios das residencias, pero dende hai un mes, afortunadamente, non temos novos contaxios nas residencias de maiores. Pero tanto os maiores como os máis novos podemos estar nestes momentos un pouco máis tranquilos.

O pasado 27 de decembro comezou a campaña de vacinación nas residencias e en tan só dous meses estaba practicamente completa esta vacinación e todo o mundo recibira o pinchazo, agás algúns novos ingresos ou persoas que nun primeiro momento declinaron vacinarse e despois afortunadamente cambiaron de opinión.

Hoxe en Galicia o 94,3% dos usuarios das residencias xa están vacinados, 3 puntos por riba da media nacional. Hoxe en Galicia nas residencias fálase xa de futuro, dese novo modelo en que estamos a traballar e que estamos a impulsar coa colaboración dos expertos e que tamén esperamos a colaboración do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Hoxe en Galicia, grazas ao éxito da vacinación nas residencias son os lugares máis seguros que hai. Hoxe en Galicia as persoas maiores que viven nas residencias están recuperando progresivamente esa placidez e a súa vida cotiá. E con elas e as súas familias eu alégrome moito e quero transmitirles que a Xunta de Galicia, como sempre, estará aí ao pé do canon como dende que todo isto comezou. E seguirá estando sempre, sempre, sempre ao lado das persoas máis vulnerables de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Ortega Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, parece mentira que caia en tal demagogia. Eu rógole que pida desculpas, xa non só a esta Cámara, a todos os deputados e deputadas, senón que lles pida perdón aos profesionais do sector por usalos reiteradamente politicamente con demagogia barata



(Aplausos.) e por cargar contra a oposición neste sentido cando non recibe os profesionais do sector nin as súas familias, que esta semana pediron a súa dimisión, señora Fabiola García, por mentir reiteradamente; iso mesmo dixeron os familiares. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora ORTEGA OTERO: Señora conselleira, a prepotencia e a frialdade non son boas conselleiras para dirixir o departamento de Política Social nunha comunidade como Galicia. ¿Por que non se trasladaron as persoas que pasaron por residencias integradas, o total de positivos? ¿Por que? Non me respondeu, por que non se trasladaron o total de positivos ás residencias integradas e aos hospitais. ¿Por que non se fixo? ¿Por que non se cubriron o total de prazas das residencias integradas, señora conselleira?

Con toda a experiencia que ten vostede despois de anos dirixindo como conselleira ou directora xeral de Maiores —que xa pasou por varios cargos e sempre no mesmo sector— polo menos é chamativo que propostas que traemos á Cámara dende o Partido Socialista que as vote en contra e logo saque titulares coa dita proposta como que é... Pois o máis normal, se lle gusta a idea, é que vote a favor, que non practique a propia incoherencia e que despois teña que pasar un bochorno como o desta semana, que fai a bombo e prato o Plan galego para a soidade non desexada —a proposta, por certo, dun acordo desta Cámara, a proposta do Partido Socialista— e que na foto declaran que é un Plan de soidade en acordo cos concellos, cos municipios galegos. E eu preguntolle, señora conselleira, ¿que municipios?, ¿que concellos?, ¿os de Cuenca? Porque a Federación Galega de Municipios non sabe nada, non ten nin idea do que presentaron hai dous días, non é coñecedora do asunto. ¿Recoñece que non llo comentaron á Fegamp? ¿Non llo dixeron? Pois teñen que falar cos concellos; se non, entendemos que é unha posta en escena simplemente e que o que están a vender é puro márketing e que non se están preocupando polo tema.

En fin, se lles gusta unha proposta, aínda que sexa do Partido Socialista, teñan humildade e digan que si, e déixense axudar, porque os tempos non están para vender fume nin márketing senón para remar todos xuntos e xuntas polo ben dos galegos, señora conselleira. (Aplausos.)

Seguimos agardando os datos requiridos polo noso grupo. A Xunta esixiulles a todas as residencias de Galicia un reporte diario dos datos Covid, e nós, a condición dos representantes da cidadanía e baixo o amparo, por suposto, da normativa que rexe unha democracia, esiximos que se nos dea traslado deses datos. Que vostedes responden e nos remiten aos datos da Xunta de Galicia, que, como saben, non son datos desglosados centro a centro. Non nos traten de parvos, señora conselleira, porque non me están tratando de parva a min, están tratando de parvos a cidadanía que representamos. E non é xusto e é o seu deber, que vostede non é conselleira dunha empresa privada, senón conselleira dunha Administración pública autonómica, o seu deber é presentar os datos cando se lle requiren. Así que fágao de inmediato. E, por suposto, non negue que os datos están aportados, porque os propios medios xa o dixeron: a Xunta e o Partido Popular néganse a que o Parlamento saiba cantas persoas faleceron por Covid nas residencias centro a centro. Fágano mirar porque isto non pode ser, non pode seguir así, e penso que están ninguneando e facendo un uso da maioría inapropiado e antidemocrático por non aportar os datos que require a propia oposición.



E, como responsable máxima de políticas sociais en Galicia coas competencias en materia das residencias de maiores antes, durante e despois da Covid, é urxente elaborar un informe investigador do que aconteceu nas residencias de maiores centro a centro, para que poidamos ter a información, poidamos facer o noso traballo como deputadas e deputados e representantes lexítimos da cidadanía. Non censuren máis información.

O luns publicaban a seguinte noticia os medios, unha demora das residencias públicas en Vigo, en concreto de 550 días e alertan de desvíos respecto do lugar de orixe de 150 quilómetros. Este é un exemplo do que pasa en Vigo e no resto de provincias e concellos de Galicia, señora conselleira. Non estamos para presumir, estamos para solventar as deficiencias que leva arrastrando moitos anos o modelo residencial en Galicia e que vostede é responsable en condición de conselleira...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...en condición de directora xeral e non fixo nada. ¿Por que teñen as residencias públicas sen cubrir o total de prazas e coa falta que fai nestes momentos teñen prazas baleiras sen cubrir nas propias residencias da Administración? ¿Por que, señora conselleira?

Agora virá aquí e aproveitará que eu non teño réplica para botarlle a culpa ao Goberno central, que ten vostede as competencias, pero seguramente é o que faga.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: En fin...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora ORTEGA OTERO: A Administración... —remato, presidente— ...a Administración é coñecedora da situación que viviamos dende o ano 2012. Isto dino as traballadoras do sector, coas que non fala, por certo.

Falen, dialoguen coas traballadoras e con todas as partes do sector, empápanse da realidade para xestionar con eficiencia e deixen de usar os traballadores para cargar contra a oposición politicamente, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra para a réplica a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente e señora deputada.

Vostede falábame agora da Estratexia galega contra a soidade non desexada. Por certo, a primeira comunidade autónoma a nivel nacional que vai contar cunha estratexia seria, dialogada



e consensuada co terceiro sector. Unha estratexia que a Xunta de Galicia elaborou da man das entidades sociais de Galicia. ¿Vostede di que non? ¿Estivo vostede nas reunións? (*Murmurios.*)

Unha estratexia que a Xunta de Galicia elaborou co terceiro sector, coas entidades sociais, que son as que están aí todos os días do ano ao pé do canón atendendo e mimando as persoas maiores.

Estas liñas xerais desta estratexia trasladáronse á Fegamp e, posteriormente, agora que unha vez está presentada esta estratexia, reunímonos cos municipios de Galicia para avaliar todas as medidas que son necesarias para sempre coidar e atender as persoas maiores, ben sexa nun centro residencial, ben sexa no seu propio domicilio, que é onde a maioría das persoas maiores queren continuar vivindo.

En canto, señora Ortega, aos traslados das persoas maiores que eran positivos en coronavirus, ben sexan os traslados a unha residencia integrada, ben sexa os traslados a un centro hospitalario, señora Ortega, non o deciden os políticos, non o decido eu, non o decide o conselleiro de Sanidade, que está hoxe aquí. Os traslados das persoas maiores positivas en coronavirus decídenos os médicos, estrito criterio clínico, estrito criterio médico. Eles son os que deciden se unha persoa maior onde mellor vai estar coidada se é na residencia, se é nunha residencia integrada ou se é nun centro hospitalario.

Señora Ortega, eu vólvollo dicir, a opinión pública coñece de sobra todos e cada un dos contaxios de persoas maiores que viven en residencias en Galicia. Se non, explíqueme vostede por que cada mañá vostede se levantaba, lía o periódico e vía onde había contaxios. Os medios de comunicación non ían chamar porta a porta a todas as residencias para preguntarlle, ¿hoxe hai positivos? E porque a Xunta de Galicia de forma transparente e dándolle un exemplo sen precedentes ao Goberno central, dándolle un exemplo ao resto das comunidades autónomas, sempre foi transparente con todas e cada unha das persoas contaxiadas nas residencias de maiores de Galicia.

Eu do Goberno central, señora Ortega, non tiña hoxe a intención de falar, e menos non podo falar do Goberno central con respecto ás residencias de maiores, porque o Goberno central non deu pancada, o Goberno central estivo desaparecido durante toda a pandemia sanitaria. (*Murmurios.*) O exvicepresidente Pablo Iglesias desatendeu as residencias de maiores, (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) fomos as comunidades autónomas as que estivemos aí ao pé do canón, coidando os traballadores, coidando os maiores e apoiando as súas familias. (*Aplausos.*) Foi Galicia a que estivo aí ao pé do canón, non o seu Goberno socialista, nin o Goberno do exvicepresidente Pablo Iglesias. Menos mal que xa non está.

Miren, señorías, traballamos todos moi duro durante todos estes meses e seguiremolo facendo sempre. E traballamos moi duro cun único obxectivo, que é o benestar das persoas maiores e o benestar das persoas con discapacidade de Galicia.

E estamos traballando nestes momentos para mellorar todo aquilo que se pode mellorar e estamos traballando para perfeccionar todo aquilo que xa funciona. Pero a verdade é que non imos admitir en ningún caso leccións de partidos que deron un exemplo claro do que



non se pode facer e do que non se debe facer. Un Goberno que ocultou datos, un Goberno que ata cae en liortas internas para aclarar algo tan básico como é quen coordinou os equipos de desinfección. A verdade é que Galicia, dende a estabilidade que sempre nos representa, se centrou en todo momento en frear esta pandemia. E fixémoslo con 4 ferramentas fundamentais que foron: a prevención, a anticipación, a dotación de protocolos e tamén a axilidade e a contundencia na reacción.

E agora que por fortuna as residencias de maiores xa están inmunizadas, tócanos aprender a convivir con esta nova situación. A seguir dotándonos sempre do máximo nivel de protección e tamén darlles toda esa seguridade ás persoas maiores e ás súas familias.

A experiencia demostrounos que Galicia é unha comunidade responsable, a experiencia demostrounos que Galicia é unha comunidade loitadora e que fixo fronte a esta pandemia con todas as ferramentas que estiveron en todo momento ao seu alcance. Agora tamén nos toca mirar para diante e planificar o futuro mellor. E niso estamos traballando, non lle caiba dúbida, señora Ortega, sen descanso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á última das interpelacións.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Hai un sentimento xeral de que a atención primaria está avanzando cara a unha deterioración imparábel. Sentimento na poboación, nos profesionais e as probas da progresiva descapitalización son múltiples e evidentes.

Antes da chegada da pandemia xa tiña moitas dificultades, explicitadas aquí neste Parlamento polos profesionais, pola poboación. Foi unha das áreas máis prexudicadas por anos de recortes das políticas levadas a cabo polo Partido Popular, 11 anos de recorte progresivo.

O investimento per cápita en Galiza en atención primaria é máis baixo que a media do Estado. No Estado é de 206,73 euros e en Galiza de 182,3. E a Covid veu tensionar ao máximo a aten-



ción primaria, ao dirixir unha parte xa escasa dos recursos existentes cara á atención á pandemia. Tivo que dar resposta á pandemia á custa dos esforzos tremendos dos profesionais, atendendo a demanda ordinaria, os crónicos, os agudos, facendo seguimento das persoas que pasaban e pasan a Covid na casa —sigo a dicirlle que o hospital máis grande segue sendo o que se atende desde a atención primaria—, cribados, vacinas... sen máis reforzos.

E se algunha lección nos deixou a Covid, señor conselleiro, é a importancia de ter unha atención primaria forte e ben dotada para protexer a poboación. Se o seu reforzo, o cambio de modelo, era unha emerxencia antes da pandemia, agora é máis que imprescindible facer ese cambio de modelo.

Esta constatación da importancia de ter un sistema de saúde forte onde a atención primaria xogue un papel chave, fixo pensar que a Xunta de Galiza, o Partido Popular e vostede, como máximo representante e responsable da sanidade do noso país, ía tomar nota e rectificar esa política de 11 anos de deterioración constante da atención primaria, 11 anos de acoso e derribo, e fixo albergar a esperanza de que se ía proceder a un impulso e a mellorar esa atención primaria.

Que despois dese esforzo tremendo feito polas e polos profesionais, sería poñer en marcha medidas para rematar con esa sobrecarga asistencial crónica, rematar coa precariedade.

Mais a realidade é que, moi ao contrario, o Partido Popular está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo, e por iso mantén a atención primaria colapsada, con falta de profesionais e sumida nun pozo que cada día é máis e máis fondo, señor conselleiro.

No medio da maior pandemia que temos coñecido, o normal sería que nos orzamentos se destinaran cantidades importantes para acometer eses retos que tiña por diante a atención primaria. Mais o Partido Popular non o fixo, o orzamento de 2021, 45 millóns de euros menos en atención primaria que no ano 2009. En termos absolutos, que se foramos ver as comparativas de aumento da vida e demais estaríamos nuns datos tremendamente máis elevados.

O déficit de profesionais en atención primaria é máis que evidente. No orzamento de 2021 só se contemplan 85, aínda que logo vostedes fagan moitos anuncios por terra, mar e aire.

E lamentamos constatar como, efectivamente, o Partido Popular afonda no afastamento dos servizos públicos na vez de aproveitar para achegalos á poboación.

E hai medidas que, tomadas ao principio da pandemia, podían ter xustificación, mais que a día de hoxe, finais de abril do ano 2021, non teñen ningunha xustificación. E non teñen ningunha xustificación, señor conselleiro, que un ano, máis dun ano despois de iniciada a pandemia, se siga dificultando o acceso aos centros de saúde. E estase producindo unha inequidade manifesta; segundo a área sanitaria e o centro de saúde que lle corresponda a cada persoa, a situación é diferente. E iso non é que o digamos nós, non é que o sufran todos os días os galegos e as galegas, senón que, por exemplo, a Xerencia da Área Sanitaria de Santiago contestoulle por escrito a unha persoa que fixo unha reclamación precisamente



por esa dificultade, esa imposibilidade de acceder ao centro de saúde. E a Xerencia contéstolle que cada centro sanitario ten instauradas unhas medidas organizativas e de protección propias. É dicir, cada centro de saúde fai o que considera, non hai aquí un protocolo unificado de coordinación, de seguimento por parte do Sergas. E por iso o primeiro que lle teño que preguntar hoxe, señor conselleiro, é ¿por que non existen protocolos claros e unificados para a aplicación en toda a atención primaria para o acceso aos centros de saúde? ¿Por que cada centro actúa segundo considera? Nuns pódese, noutros non se pode. Ten que haber con esa inequidade.

Non é ningunha xustificación que un ano despois as dificultades para solicitar cita sexan enormes. Non se permite solicitar cita presencial nin a través da web, nin vía telefónica, nin nos propios centros de saúde. Ten que pasar antes o filtro dunha consulta telefónica para que o médico, a médica valore se é precisa unha atención presencial ou non.

E póñolle un exemplo práctico realizado onte na miña propia persoa. Entrás na web e o primeiro que che salta é este carteliño, señor conselleiro, o primeiro que salta é este carteliño que pon: «Debido á situación xerada pola Covid-19, todas as citas rexistradas desde Internet serán de atención telefónica. Se necesitas unha cita presencial, contacta directamente co teu centro». E logo o que che salta é que unha cita pedida onte a primeira é para dentro de dúas semanas. 12, dúas semanas. *(Aplausos.)*

Tráiolle isto aquí para que non me diga que son casos puntuais. Esta é unha realidade á que se enfrontan miles de galegos e galegas todos os días. E, se se lle ocorre a alguén, ben pois vou probar telefonicamente, o que che salta é un robot automatizado que che di exactamente o mesmo. A cita só pode ser telefónica e para dentro de dúas semanas.

E, se te achegas ao centro de saúde para dicir que necesitas unha cita presencial, o que che din é que antes tes que ter unha cita telefónica para que o médico valore se é necesaria a presencial ou non.

Eu dende logo, señor conselleiro, preguntome se de verdade considera que os galegos e as galegas non son quen de saber se necesitan que os vexa un médico ou non. Se cre que é preciso chegar a este nivel de infantilización da poboación para que non poida determinar se ten unha doenza que precisa ser vista presencialmente e que non se pode contar por teléfono. Gustaríame que me contestara a esa pregunta, se cre que os galegos e as galegas non teñen capacidade de discernir se necesitan que os vexa un médico ou unha médica ou non. Porque vostedes queren converter a atención sanitaria nun buzón de voz, nun teléfono robotizado, que, se lle doe aquí, pulse un; se lle doe alí, pulse dous; e iso non é a medicina, señor conselleiro. *(Aplausos.)* Iso non é a medicina. Porque o elemento fundamental da atención primaria é a presencialidade, o contacto directo entre profesionais e doentes.

E eu a segunda pregunta que lle quero facer, señor conselleiro, é, de verdade, ¿por que nos centros de saúde non poden estar, con todas as medidas, co sistema de limpeza que sexa necesario, as persoas ir ao seu médico e por que si son posibles estas imaxes nas salas de espera dos hospitais?, ¿por que nos hospitais si, estas son as habituais nas salas de espera dos hospitais, das consultas dos hospitais, e en atención primaria non? ¿O risco de contaxio



non é igual en atención primaria que en hospitalaria, señor conselleiro? ¿Por que a atención primaria pechada a cal e canto dificultando o acceso? Gustaríame tamén que me contestara a esa pregunta.

E tamén non é de recibo que se siga mantendo a falta de continuidade na asistencia, que, por non cubrir profesionais, por non cubrir vacantes, se teñan que enfrontar os profesionais a ver doentes que non coñecen, o cal ralentiza a súa atención, ou os doentes que teñen que contar un día a un, outro día ao outro que é o que lle pasa e que non haxa calidade na asistencia que reciben, señor conselleiro.

O contacto e a relación profesional-doentes é un dos piares da atención primaria, un pilar que o Partido Popular ten dinamitado, fixo saltar polos aires ao transformar unha parte moi importante da demanda en consultas non presenciais e en consulta telefónica. As consultas telefónicas, telemáticas, señor conselleiro, teñen que ser un instrumento de apoio, un complemento, mais a atención sanitaria non pode exercerse a distancia e menos en atención primaria, é fundamental o contacto directo.

A valoración física, ver diante o paciente, que o paciente e o profesional se poida mirar aos ollos para ver como lle vai, e a atención presencial, a consulta presencial debe ser a norma e non a excepción, e vostedes están intentando darlle a volta a esta situación.

E mentres isto ocorre, señor conselleiro, a sanidade privada medra, medran cada día as persoas que acoden á sanidade privada, pero non por gusto, senón porque non teñen resposta na sanidade pública, e esa é a folla de ruta que parece que está implementando o Partido Popular.

E tamén medran os profesionais que marchan directamente para fóra, que van á sanidade privada, que piden a suspensión de chamadas, porque están obtendo mellores condicións na privada ou noutros lugares que vostedes aquí non lles están ofrecendo. A falta de profesionais, de recursos, non se solucionan con APP, nin con telemedicina, nin con chamadas telefónicas, señor conselleiro, senón con máis recursos, máis planificación e poñer luces longas de cal é a realidade, as necesidades que ten a sanidade pública do noso país.

E por iso, a outra pregunta que lle quero facer nesta primeira intervención é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... ¿cal é a planificación que ten vostede para solucionar estes graves problemas que ten a atención primaria? ¿Cal é a folla de ruta que ten para que a atención primaria non chegue a un camiño de non retorno, que xa está a piques de estar nel?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señorías, bo día.

Señora Prado, falamos neste Pleno de atención primaria; por suposto, vaia por diante o noso recoñecemento e agradecemento ao labor que fan os profesionais de atención primaria, os médicos, as enfermeiras, os PSX e todos o persoal que forma parte dos equipos de atención primaria, papel fundamental antes da pandemia e durante a pandemia e, por desgraza para vostede, señora Prado, despois da pandemia tamén serán fundamentais.

Dicía que falamos de atención primaria, e teño que corrixirlle algunhas cousas da súa interpelación. Gústame en xeral o ton conciliador que temos habitualmente no ámbito da sanidade, pero hoxe creo que non vai ser o caso, porque vostede, como vén facendo habitualmente o Bloque nestes últimos meses, fai unha absoluta politización partidista da atención primaria. Conceptos como descapitalización, acoso e derribo, dinamitización, son conceptos aos que xa estamos acostumados nas carpas que montan diante dos centros de saúde, nos medios de comunicación, isto é o habitual. Pero, como dicía..., carpas que nós por certo non montamos diante dos centros de saúde, que algún concello do Bloque ten especial querencia por poñer carpas diante dos centros de saúde. Dicía que ten un par de cousas que me permita que lle corrixa, primeiro non son once anos, son doce, o partido Popular leva coas rendas da sanidade pública dende hai doce anos e non once, e fundamentalmente non son doce anos do que vostede di, senón que son doce anos de crecemento. De crecemento cando a situación económica era a máis complicada vivida nas últimas décadas, falo do ano 2009, e agora nunha situación que non viviramos no último século, nunha pandemia, que veu modificar todas as previsións e a organización en todo o ámbito sanitario. A pesar disto, Galicia conta este ano cun orzamento cun nivel de investimento en atención primaria que nunca antes tivo, un incremento nos dous últimos do 11,2 % e que supón o 31,2 % do presuposto global da consellería. Polo tanto, é falso que se teñan producido recortes neste ámbito, aínda que como di o refrán: «vostede insista, que algo queda».

Vostedes propoñen retroceder ao ano 2009, pero nós queremos seguir avanzando. Outro retroceso, que vostede formulaba na súa pregunta, aínda que hoxe non o fixo, pero quero aproveitar para comentar, porque o sacará noutro momento vostede ou alguén do seu partido, é volver ás xerencias de atención primaria, que é un modelo que xa está superado. É curioso que neste caso o Bloque mire cara a Madrid, por exemplo, como referente dun servizo de saúde que ten aínda xerencias de atención primaria, e non mire, por exemplo, ao País Vasco, que é un servizo de saúde que xa optou, como Galicia, pola xerencias de atención integrada, que é un modelo, por certo, ao que tenden todos os sistemas de saúde.

Nós queremos avanzar e para iso Galicia conta cun Plan para a atención primaria dende o ano 2019, señora Prado, 2019–2021, que no seu día se consensuou cos profesionais, xa que os obxectivos foron pactados con eles. Ese plan responde ás necesidades de modificar as formas de traballo da organización, o aumento das patoloxías únicas, que iso vostede o recollía moi ben, froito dese envellecemento da nosa poboación, fai necesario a optimización dos recursos, recursos por outra banda escasos especialmente no ámbito da medicina de familia ou na pediatría de atención primaria. Hai que reformar eses recursos, como dicía, para aten-



der esa demanda que ten mudado nos últimos tempos, ao mesmo tempo que tamén facía o perfil da nosa poboación.

Así, constituíronse 10 grupos de traballo con 123 profesionais, ademais de contar tamén cos colexios profesionais e as sociedades científicas, especialmente as de atención primaria, por suposto. Fixéronse, sobre sete liñas estratéxicas e 52 obxectivos, 200 accións prioritarias; non lle estou falando de 2009, estoulle falando de 2019. Nestas accións prioritarias, o 100 % das accións a curto prazo están iniciadas e o 96 %, finalizadas; e, das accións a medio prazo, o 88 % están iniciadas e o 32 %, xa rematadas. Todo iso tendo en conta que durante moitos meses a pandemia fixo moi difícil poder avanzar en determinadas cuestións. Acadamos, ademais, a cobertura do 100 % das 45 prazas novas que se crearon en 2019, das que vostede, por suposto, non falou. Temos cuberto o 80 % das 102 prazas creadas en 2020, e estamos en proceso de cubrir 161 novas prazas creadas en 2021; en total suman 306 novas prazas en atención primaria.

Ademais, o plan prevía un investimento de 8,6 millóns de euros que está executado: 2,5 millóns en mobiliario especialmente clínico pero tamén mobiliario en xeral e o resto, 6,1 millóns, en equipamento clínico, como por exemplo: 1,95 millóns de euros en electrocardiógrafos, 475; 641.000 euros en 239 hólteres de presión arterial; 261 desfibriladores; ou 27 ecógrafos ou 26 retinógrafos.

Para o seguimento do plan, cóntase cun consello técnico de atención primaria, un grupo independente de expertos que verifican que se están dando os pasos que se fixaron por parte dos grupos de traballo, e que neste ano xa serviron en dúas ocasións. Ademais, as quince comisións sectoriais creadas para avanzar na implantación do plan veñen marcando cales serán os vindeiros obxectivos nos que deberemos traballar. As últimas que serviron foron as matronas, as de enfermaría e os fisioterapeutas, que presentaron conclusións aliñadas co plan estratéxico galego. Estas en concreto levan feito un esforzo en definir a organización do persoal e fixar que servizos debe prestar cada categoría. A previsión é contar con todos os documentos de traballo aprobados polo Consello Técnico antes do comezo do verán para pasar despois á fase de valoración, de implantación e conclusións.

Paralelamente, desenvolvemos tamén os obxectivos fixados a través dun documento denominado *Por unha primaria vertebradora do sistema de saúde*, elaborado por 16 expertos de atención primaria independentes. O documento avoga por unha maior autonomía dos centros, cousa que a vostede parece que lle molesta en canto á organización dos circuitos Covid. Tamén aposta por innovar e xestionar recursos humanos a nivel local, así como permitir novas asignacións de funcións entre profesionais. Tamén mellorar a xestión da demanda de cara a unha mellor monitorización co fin de optimizar os recursos. Ademais, propón a potenciación das figuras dos xefes de servizo e os coordinadores de servizo, elixidos a través dos concursos nos que se valore un proxecto de plan de saúde local cun enfoque de medicina comunitaria, da que vostede, por certo, non dixo nada.

Tanto o plan como o documento vertebrador teñen como obxectivo común o fortalecemento da atención primaria. Por certo, propósito tamén fixado polo presidente en varias ocasións. No marco do que nos fixa tanto o plan como o documento vertebrador, o Sergas está anali-



zando agora coas distinta áreas sanitarias un documento de base para os futuros plans de saúde locais, dos que falaba antes e que aprobará cada servizo de primaria en cumprimento do novo modelo.

Os plans locais de saúde deben contar cun proxecto específico adaptado ás necesidades de cada territorio no que se recollan os obxectivos a medio prazo, entre os que deben figurar reducir a saturación das axendas, a abordaxe da xestión da demanda ou a relación primaria-hospital, servizos sociosanitarios e a propia comunidade.

Estance, ademais, definindo cursos de formación de liderado para os futuros xefes e coordinadores de servizos. Para continuar mellorando coa atención presencial, tíñamos fixado o obxectivo do 40 % ao rematar o ano pasado, obxectivo, que por certo se cumpriu; e para este ano temos fixado o obxectivo do 60 % ao rematar o ano, en todas as xerencias integradas, e forma parte ademais do seu acordo de xestión.

Os centros unicamente contan coa limitación dos espazos á hora de acoller o foro permitido para poder citar presencialmente. Dende a Consellería de Sanidade —e vouno dicir moi claro— non se deu ningunha instrución para que se promova a atención telefónica. Vou repetilo, dende a Consellería de Sanidade non se deu ningunha instrución para que se promova a atención telefónica. Vostede sabe que é así, que aínda así de que hai menos atención presencial da que debería haber, e quero pensar que non está poñendo en dúbida o labor dos profesionais, porque son eles os que deciden que pacientes se ve en presencial e en telefónica. Era así antes da pandemia, a ferramenta de atención telefónica —supoño que o saben— está en marcha dende o ano 2013, e, cando un paciente plantexaba a atención telefónica, o profesional decidía se o atendía telefónica ou o atendía en presencial. Isto era así, señora Prado, antes da pandemia. O paciente pedía atención telefónica, cando o paciente pedía unha cita antes da pandemia, dábaselle a cita que saía para o seu facultativo, para a súa enfermeira e, ao rematar, preguntáballes ao paciente se el consideraba que esa atención podería ser telefónica ou presencial. Bueno, era así, antes era así.

Coa chegada da pandemia establécese a conveniencia, froito da situación que vivimos, de que todas as demandas foran vistas polos facultativos e era o facultativo e é o facultativo o que decide se ten que ser visto en presencial ou en telefónica. Como digo, nós apostamos pola atención presencial, como non pode ser doutro xeito, pero tamén apostamos pola non presencial, e cremos que debe volver ser, como era antes, un acordo entre o médico e o paciente. Non hai que olvidar que estamos falando de atención primaria, onde maioritariamente os facultativos coñecen perfectamente o seu cupo e coñecen os seus pacientes e as súas necesidades; non é o caso de atención especializada ou hospitalaria.

Como dicía, este era o plantexamento e este segue sendo. Estamos nun momento no que é moi seguro acudir aos centros de saúde, xa que no primeiro momento se vacinou todos os profesionais de atención primaria, exactamente igual que os da UCI ou das unidades covid de planta; e tamén agora mesmo, gran parte dos usuarios, aqueles que pola súa idade frecuentan máis o centro de saúde, tamén están nun proceso de inmunización importante.

Señora Prado, xa existen protocolos claros unificados no acceso á atención. De feito, elaboramos en maio de 2020 o Plan de reactivación asistencial en atención primaria en relación coa infección



polo coronavirus, coa colaboración das sociedades científicas, colexios e un grupo multidisciplinario de profesionais de primaria para protocolizar a atención en cada un dos centros de saúde. Neste documento detállase o momento da recuperación de cada unha das tarefas que se realizan nos centros de saúde, foi elaborado en maio, como dicía, e segue vixente dende entón. Aínda que pasamos unha segunda, unha terceira e mesmo algúns poden dicir unha cuarta ola, en ningún momento tomamos decisións para volver limitar as actividades en atención primaria. Mantense o mesmo nivel de actividade nos centros que no verán, exactamente o mesmo.

Nós seguiremos traballando para a consecución dese obxectivo de acadar unha elevada porcentaxe de presencialidade, traballaremos, por suposto, cos facultativos e así estamos a facelo, aínda que seguimos apostando, como dicía, por compatibilizar a atención presencial e a non presencial.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...imprescindible para resolver determinadas cuestións recorrentes que precisan que os pacientes poidan facelo sen acudir ao centro de saúde.

Ademais, tamén, dentro desa aposta pola atención non presencial, queremos poñer máis ferramentas, e de feito na aplicación Sergas Móbil, eu sinto que non lle guste a tecnoloxía, señora Prado, pero a nós gústanos compatibilizala coa presencial, temos incorporada unha ferramenta para que esa consulta non presencial poida ser ademais con videochamada.

E tamén reforzamos, como vostede sabe, o sistema de PSX, e o sistema de chamamento cun sistema informático que nos permite detectar chamadas que fai o paciente ao centro de saúde, que non poden ser contestadas nun momento determinado e que despois son contestadas de xeito remoto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro, ten despois outro turno.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro: está moi ben vir aquí sacar peito dicindo que reconece o labor dos profesionais, pero o mellor recoñecemento que lles pode facer aos profesionais son condicións profesionais dignas, *(Aplausos.)* rematar con axendas de 50, 60 e 70 citas diarias, rematar coas prolongacións de xornada. Ese é o recoñecemento que lles ten que facer aos profesionais, reconecer o seu traballo con condicións laborais dignas.

E, mire, é que non sei moi ben por onde empezar a contestarlle cuestións que vostedes hoxe puxo aquí encima da mesa. Mire, a min o que me molesta é a desatención na que están os galegos e as galegas, iso é o que me molesta a min. Iso é realmente o que me molesta.



Igual que eu non estou en contra da tecnoloxía, o que estou é en contra de que vostede pretenda substituír os profesionais por tecnoloxía, en vez de que sexa un complemento. O que me molesta, non soamente a min, senón aos galegos e ás galegas, que ven que non teñen unha atención sanitaria de calidade, e que vostedes pretendan que vía teléfono poida normalizarse unha atención que en moitos casos necesita ser presencial. (*Aplausos.*)

E mire unha cuestión: eu non vin aquí descualificar nada que non estea aí na realidade, e voulle ler o que di o informe do Consello de Bioética de Galiza, que vostede coñece perfectamente, e ese informe o que di é que hai deterioración e perda de calidade, deterioración e perda de calidade pola restrición e pola non consulta presencial. Dio o Consello de Bioética, di que a atención telefónica pon en risco a calidade asistencial. A atención presencial debe ser a regra de ouro. Todo isto non o di o BNG, non o di esta deputada, dio o Consello de Bioética de Galiza, consello asesor da súa consellería ao que vostede parece que non lle fai absolutamente ningún caso. (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Vostede non pode vir aquí, como máximo responsable da sanidade pública do país, dicir que van intentar a ver se é posible que aumente a atención presencial. Vostede ten que ter claro cal debe ser a atención presencial, que casos deben ser atención presencial e cales quedan para a atención telefónica. E a atención telefónica pode ser para cuestións burocráticas, para dar un resultado, para facer un seguimento, pero non para un diagnóstico; e iso é o que está pasando aquí hoxe en día. Porque vostede di que debe ser un acordo entre os galegos, debe ser un acordo entre profesional e doente. ¿Pero que tipo de acordo cando o doente non pode decidir? Un acordo é unha negociación entre as partes, pero se eu digo que quero atención presencial e o médico di que non, a cuestión é que non, e vostedes non poden tratar así os galegos e as galegas como se foran nenos dun ano. Teñen capacidade para decidir se se encontran mal e necesitan que os vexa un médico, non esperar dúas semanas a unha cita telefónica, a unha chamada telefónica para que logo, despois desa conversa, o médico decida se é preciso ou non é preciso, porque nese medio, ¿que fai a xente?, ir á privada a que os atendan. Iso é o que vostedes pretenden e é a meta de chegada a onde queren que se vaia parar. (*Aplausos.*)

E vostedes, o persoal esgotado, con prolongacións de xornada, a poboación desatendida. Esa é a realidade que hai detrás do seu plan de mellora de atención primaria. Efectivamente, vostedes puxeron en marcha o que lle chamaron «*Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*», e nese plan dise por activa e por pasiva que a atención primaria debe ser o eixe vertebrador do sistema. ¿Como pode ser o eixe vertebrador do sistema con menos orzamento?, que vostede se atreva aquí, por certo, a dicir que ten máis cartos a atención primaria hoxe que hai 12 anos..., podemos convocar unha sesión monográfica para que poña os números encima da mesa. Dende logo, os orzamentos non reflicten iso, os orzamentos reflicten que aínda ten 45 millóns de euros menos, así que, se fóramos ao acumulado, deixaron de investir case 2.500 millóns de euros nestes 12 anos na atención primaria, co cal eixe vertebrador, ¿con que recursos?, ¿con que profesionais?, ¿e con que folla de ruta, señor conselleiro?

Mire, o que é unha evidencia é que a sanidade do futuro que dicía e propaga o Partido Popular é isto, substituír profesionais por consultas telefónicas, eliminar o maior valor da atención



primaria, que é a proximidade e a accesibilidade, e dende logo no BNG non estamos de acordo, igual que non están de acordo miles de galegos e galegas, e moitos miles de profesionais.

É urxente implementar unha estratexia que permita normalizar a atención primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa de antes da pandemia, nin moitísimo menos, unha situación previa de axendas interminables e de masificación, senón de poñer en marcha un novo modelo que elimine esa situación da atención primaria, que garanta recursos, que garanta profesionais e que garanta unha atención sanitaria de calidade, que é a que hoxe non se está dando no noso país.

E eu fágolle varias propostas, señor conselleiro. Primeiro, que garanta a atención presencial a todos os galegos e galegas que consideren que a necesitan, e que o garanta xa, non que sexa un obxectivo para final de ano, porque aínda estamos en abril, señor conselleiro, que o garanta xa.

Que estableza protocolos unificados para que unha persoa que necesite a atención presencial a poida ter non dependendo de que centro de saúde lle toque, senón que a teña cando a precisa.

Que poña en marcha sen máis dilación ese Plan de mellora da atención primaria, co aumento progresivo dos orzamentos ata chegar ao 25 %, facilitando a capacidade resolutiva, o acceso directo ás probas diagnósticas desde a atención primaria, acompañada dun plan de ordenación de recursos humanos, onde se identifique claramente que persoal falta e que se convoquen esas prazas.

E que, diante da escusa de que non teñen médicos para contratar, dunha vez por todas poña en marcha eses equipos multidisciplinares, coa incorporación de especialidades onde hai profesionais suficientes, como é psicoloxía clínica e como é a terapia ocupacional, como é fisioterapia, para descolapsar esas axendas e para permitir unha mellor calidade asistencial.

E remato, señor presidente; o que non é de recibo é que na situación na que estamos vostedes persistan na precariedade laboral, que, estando rematado neste momento dentro duns días os MIR de 4º ano, de médicos de familia, lles sigan a ofertar contratos de 15 días rotatorios por non saber en que centro de saúde cando son tan necesarios. ¿E que vai facer unha parte importante deses MIR que rematan? Ir para a privada ou marchar para fóra, porque vostedes aquí non lles ofrecen as máis mínimas condicións laborais para que queden. E esa é a súa folla de ruta, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente e señorías.

Señora Prado, bueno, eu comezaba antes a miña intervención pois recoñecendo e poñendo en valor e agradecendo o esforzo de atención primaria. Vostede, ademais de descapitalizar,



acoso e derribo, dinamitar, etc., fala, creo que con bo atino, desas 50-60 citas diarias. Bueno, eu quero tamén sumarme a ese recoñecemento por esa actividade que están a facer, contrariamente ao que vostede di, que parece que estamos poñéndolle trabas e mandando a xente á privada. Pois quero recoñecer esas 50-60 citas diarias que están a facer, moitas delas grazas precisamente ao formato telefónico. E quero recordar que, e vostede dicíao tamén, no seguimento dos pacientes diagnosticados de Covid, dos 115.000 ou 120.000, sumando os que temos agora mesmo diagnosticados en Galicia, unha parte importante do seu seguimento foi por parte dos profesionais de atención primaria, e loxicamente supoño que aí me dirá que si, e non pode ser doutro xeito que non presencial. Supoño que non pretenderá que os pacientes positivos vaian aos centros de saúde.

Feita esta referencia a ese esforzo grandísimo que están a facer os profesionais de atención primaria, eu quero seguir insistindo na filosofía que defendía anteriormente. Eu creo efectivamente na presencialidade, pero tamén creo nas novas tecnoloxías, e nada máis lonxe, pode escoitar a este conselleiro nin a ninguén da nosa consellería, en que a tecnoloxía substitúa ningún profesional.

Mire, Galicia hai moitos anos que está na vangarda da tecnoloxía, especialmente en atención primaria; é aínda a día de hoxe das poucas comunidades autónomas que ten integrada a historia clínica electrónica, precisamente para que o médico de atención primaria teña todas as ferramentas posibles. Por exemplo ten a interconsulta, unha ferramenta que permite que o médico de atención primaria poida facer unha interconsulta non presencial co seu colega de hospital e evitar un desprazamento do paciente ao hospital e ao centro de saúde. Ferramentas que están aí e podía poñer múltiples exemplos.

Polo tanto, non vaia por esa liña. Nós queremos que a tecnoloxía axude aos pacientes, axude aos profesionais e, en definitiva, axude ao sistema para poñer os actos médicos onde aporta máis valor.

Estamos traballando en desburocratizar a atención primaria, estamos traballando, como vostede ben sabe, en que a enfermaría asuma roles adicionais. Por exemplo, traballando na prescrición, no programa de prescrición que permita que a enfermeira poida manter unha prescrición, axustala ou incluso suspendela, para que o facultativo non teña que facer ese traballo. Estamos traballando co persoal administrativo para que as demandas administrativas poidan ser canalizadas dende ese nivel. E, por suposto, para poñer as ferramentas para que o médico faga actos que lle aporten valor, a el e ao paciente. E, por suposto, cremos nese mutuo acordo que comentaba eu ao principio, do que ten que ser presencial e o que non ten que ser presencial, e, como digo, aí é a onde queremos ir.

É certo, porque parece que a pandemia foi en marzo do ano pasado, en xaneiro deste ano tivemos unha ola, curiosamente a máis alta de todas as que tivemos. E nese contexto aínda neste momento podemos entender que os facultativos de atención primaria opten neste momento por traballar dese modo non presencial.

Como dicía antes, non é unha directriz da Consellería de Sanidade que non se poida acceder aos centros de saúde. Os centros de saúde —fixemos a mesma campaña específica con me-



dios de atención primaria— son centros de saúde abertos e seguros. Seguimos manténdoo, e volvo insistir, en que non estamos a favor das carpas instaladas diante dos centros de saúde para que a xente espere fóra. Esa non é a nosa filosofía, ao mellor dalgún concello si, pero non é a nosa.

E seguimos traballando cos profesionais de atención primaria para que progresivamente, segundo vaíamos saíndo desta situación, a porcentaxe de presencialidade aumente. Pero seguimos defendendo tamén que o criterio do que se mira en presencial e o que se mira en non presencial é exclusivamente a día de hoxe facultativo, e de aí non nos vai facer cambiar.

E, falando da situación actual, bueno, voulle dicir porcentaxes de presencialidade dalgún facultativo do Servizo Galego de Saúde: 97 %, 70 %, 74 % e 96 %. Estes son exemplos arbitrarios de presencialidade de certos facultativos ou de moitos facultativos da nosa atención primaria. Como dicía, rematamos o ano co 40 % da presencialidade, e seguiremos traballando con eles, da man deles, con protocolos e de forma axeitada para que esa porcentaxe aumente.

Tamén teño que dicir, vostede ía nesa liña, que a actividade de atención primaria non só diminúe, non só desescapitaliza, non ten un acoso e un derribo, senón que aumenta, señora Prado. Levamos nestes primeiros meses máis actividade que no 2019 e que no 2020, nos tres primeiros meses do ano. Polo tanto, a atención primaria está facendo un labor excepcional no seguimento dos pacientes e está utilizando as ferramentas que están na súa man e garantindo sempre o seu bo resultado asistencial.

Os investimentos —que vostede sempre fala deste tema—, mire, se facemos unha comparación do ano 2021 cos últimos orzamentos do ano 2009 —cóllole ese guante de facer ese monográfico de comparación—, no capítulo I hai 94 millóns de euros máis, no capítulo II 4,5 millóns de euros máis e no capítulo VI 35 millóns de euros máis. E vostede dirá, bueno, ¿e onde baixa? Pois voulle dicir onde baixa: gastamos 134 millóns de euros menos en receita farmacéutica, porque dende o ano 2009 utilizamos un concepto novidoso, que son os xenéricos. Aí é onde está o menor gasto en atención primaria. Pero, repito, 94 millóns máis no capítulo I, 4,5 no capítulo II, e 35 millóns no capítulo VI.

Fala vostede de precariedade; bueno, pois supoño que non se enterou do contrato de continuidade que lles ofrecemos aos médicos de atención primaria hai pouco tempo. Un contrato de 3 anos, ¡3 anos!, que pode acabar nunha praza na OPE, cun soldo 62.000 euros brutos anuais, incluíndo dúas gardas ao mes. Se a vostede isto lle parece precariedade, pois podemos falalo tamén nese monográfico.

En definitiva —repito—, creo que temos que seguir traballando; por suposto, temos que agradecer —repito— ese traballo á atención primaria. Contamos cun plan concreto, medidas concretas, que vostedes, coma sempre, só piden orzamento e máis persoal; estaría ben que nas vindeiras ocasións trouxeran aquí cal é a súa fórmula de organización, de melloras de servizo, algo que non sexa volver ás antigas herdanzas xa superadas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): En todos os ámbitos, tamén no sanitario, estase apostando pola abordaxe multidisciplinaria en Sanidade, e vémolos coa implantación das unidades poscovid, por exemplo. E para poder coordinar todas as cuestións que temos formulado e aplicar as conclusións das comisións encadradas no plan, así como seguir desenvolvendo os obxectivos destes dous plans que comentaba fixados ao plan de atención primaria e ao documento vertebrador, e tal e como lle adiantei en anteriores comparecencias, mañá o Consello da Xunta aprobará a creación da Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...que deberá traballar na aplicación desa futura sanidade despois da pandemia, e especialmente no ámbito da atención primaria, que debe ser o nivel asistencial central de todo o sistema sanitario galego.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao último punto da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día deputados e deputadas.

Bo día, vicepresidente primeiro.

¡Democracia xa en Ourense! *(Aplausos.)*

Saúdo a Asociación dos Servizos de Festas de Galicia, que nos están vendo neste momento.

Galicia, como todas e todos sabemos, é o país do milleiro de festas; gastronómicas, históricas, relixiosas... Non hai vila, pobo ou cidade que non teña a súa festa. Bueno, mellor dito, non había.

Na situación pandémica actual o sector dos servizos das festas é un dos sectores económicos máis golpeados, posto que os ingresos de case a totalidade destas empresas ou persoas autónomas do ámbito das verbenas son escasos ou nulos dende a declaración do estado de alarma provocada pola Covid-19.



Ao paro total da actividade, obrigado por mor da normativa estatal e autonómica, súmase tamén o temor dos concellos e das comisións de festas a programar as verbenas en cada concello, o que ten o sector das festas sumido nunha situación moi preocupante por canto o horizonte de contratacións para este verán se prevé similar ao do anterior; necesitan un protocolo específico para eles.

Diante desta agónica situación, as empresas do sector dos servizos das festas mantivo dende o mes de xullo varias xuntanzas co Goberno galego co propósito de que este abrise unha liña de axudas directas que facilite o mantemento destas empresas. Pero, unha vez pasadas as eleccións autonómicas, só tiveron unha xuntanza no mes de agosto; desde ese mes non foron recibidos máis por parte da Xunta de Galicia, reclamando unha xuntanza co Goberno galego.

Este sector está suxeito na súa maior parte a unha temporalidade tamén laboral que vai normalmente de abril a outubro e por iso é necesario atender as súas particularidades. O servizo necesita unha compensación por todos os meses non traballados; os servizos das festas non puideron desenvolver a súa actividade dende o final da tempada, é dicir, dende outubro de 2019, o que supuxo unha paralización radical da actividade que supera xa o ano e medio. As razóns polas que este colectivo non se puido acoller ás axudas económicas da Xunta de Galicia foron que só unha parte destas empresas estaban en situación de alta cando se declarou o estado de alarma, posto que se trata dun sector claramente estacional.

E na segunda liña de axudas para autónomos con traballadores en ERTE, publicada pola Xunta de Galicia, tampouco puideron acollerse a ela polo mesmo motivo, polo que non tiñan traballadores contratados cuxa actividade fose pechada nese momento.

A Xunta de Galicia ten que sacar unha liña de axudas directas para as empresas ou persoas autónomas deste sector. Hai que ter en conta que boa parte deste persoal non puido acceder a outras prestacións debido precisamente á temporalidade dos seus contratos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, bueno, a verdade é que, lendo o texto da súa pregunta, dá a impresión, que teño que dicir que despois na súa intervención —e alégrome— non se confirmou, de que, lendo a redacción, parecía que estes colectivos que, por outra banda, son moi *sui generis*, e dígoo porque a efectos de reunións non son reunións conxuntas. Vostede parece que os mete a todos no mesmo paquete, non o están, requiren e merecen un tra-



tamento separado. E parecía que están sometidos a estas restricións por algún tipo de capricho ou arbitrariedade dirixido especialmente a fastidiar determinados colectivos. Agardo que esteamos de acordo en que non é así e que todo vén motivado por decisións que se toman no Comité Clínico e que afectan a moitos sectores de actividade aos que loxicamente despois hai que axudar, pero non só a Xunta de Galicia —porque está moi ben pedirlle contas á Xunta de Galicia, é a miña obriga darllas— pero tamén lle poden axudar moito os concellos, e mesmo ao que vostede pertence, que non dedicou un só euro de axuda directa a estes colectivos que o están pasando mal e, polo tanto, poden ser axudados por todo o mundo como o están sendo por nós. Porque, efectivamente, tivemos reunións con eles, varias, ademais; e reunións útiles e para chegar a acordos, non só económicos —que tamén, e agora falarei deles—, senón tamén para que poidan —que é o que queren todos os colectivos especialmente damnificados na súa actividade pola pandemia— poder traballar. E acordamos uns protocolos xa no verán pasado, eu creo que, se non fomos a primeira, fomos a segunda comunidade autónoma en pechar un protocolo de actuación para que puideran traballar dentro das lóxicas restricións durante o verán pasado cando o presidente do Goberno e o seu líder do partido a nivel nacional dicía que xa estaba a pandemia vencida e, polo tanto, non tiñamos que preocuparnos de nada. Menos mal que nos preocupamos e fixemos un protocolo, que é certo que tiña moitas restricións e que despois non foi acompañado, en moitos casos polo lóxico temor ou descoñecemento, por moitas comisións e mesmo por moitos concellos que son os tradicionais contratistas destes colectivos, sobre todo de orquestras, que non o fixeron nin moito menos como un ano normal.

¿Que fixemos nós? Pois dar axudas. Primeiro, axuda a través da Axencia Galega de Turismo, 1,1 millóns de euros para contratacións de actuacións de orquestras, que, por mor da pandemia, a maioría deses cartos se traspasaron este ano e seguen totalmente viventes. E axudamos tamén a través do ocio nocturno —pero aquí tamén hai moitos músicos implicados— e para a programación de concertos en canto se poidan facer, 800.000 euros de axuda que hai aí tamén. E, por suposto, están os dous plans de rescate da Xunta de Galicia, dos que logo lle darei detalles. Por certo, ten algún dato mal, non é certo —ou enténdolle da redacción da súa pregunta— que estea limitado a traballadores afectados cando se crea o estado de alarma. Con que acrediten un mínimo de catro meses e un máximo de nove durante os anos 2018 e 2019 xa poden, como a través dos autónomos de tempada —dígoo porque enténdín da súa redacción que non poden— xa poden beneficiarse.

Pero na segunda parte dareille datos para que vexa que, efectivamente, nós estamos traballando. Ogallá que algúns concellos e ogallá sobre todo que o Estado no terceiro plan de rescate se anime a facelo tamén.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente primeiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.



Señor vicepresidente primeiro, máis de 4.000 familias viven deste sector. Dentro deste sector hai polbeiros, cantineiros, pirotécnicos, electricistas, os das carpas, etc. Son moitas, moitas as familias que o están pasando moi mal e o Goberno do señor Feijóo ten que atendelos, ten que escoitalos e ten que axudalos porque as competencias son súas. *(Aplausos.)* ¡Son súas! *(Aplausos.)* Non dos concellos nin das deputacións, son súas as competencias. *(O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, non, ¿non son súas?, vale.

Antes das eleccións autonómicas reuníronse con eles prometéndolles axudas; despois desa reunión e despois de moitas chamadas fixeron unha única reunión na que non se falou de nada novo, o que se dixo foi un resumo da anterior reunión anterior ás eleccións. Este sector está indignado porque despois de múltiples peticións de reunións coa Xunta de Galicia non obtiveron resposta. Non entenden por que o Goberno do señor Feijóo non quere reunirse cun sector tan importante en Galicia como é o das verbenas. Non saben cal é o motivo para non reunirse. A manifestación de hoxe é porque non poden máis, están ao límite dos seus recursos económicos e ven como o Goberno galego non os escoita. Están desesperados, temen non sobrevivir economicamente a esta pandemia.

Este sector solicita unha xuntanza coa Xunta de Galicia, axudas directas, e ofrécense para colaborar coa Administración autonómica para elaborar un protocolo e así poder valorar o comezo da súa actividade. Eles son os primeiros que queren festas seguras, trasladárono en todas as nosas reunións que tivemos con eles: eles queren festas seguras, ¿como non? Pero queren comezar a súa actividade porque o verán está aí. Se o Goberno do señor Feijóo non fai o seu traballo, será a fin deste sector. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Señora Gallego, insístolle, a verdade é que, se os trata como un só sector, nótase que non ten moitas reunións con eles; e, se ten moitas, non lles presta moita atención.

E outra cousa, pódolle asegurar, se vostede queda tranquila pensando que eles tamén quedan cando lles din —como efectivamente lles din— que non lles poden axudar porque este é un tema de competencias e vostedes non teñen ningunha competencia nesas leis previstas hai moitos anos, que din que en caso de pandemia unha deputación se ten que poñer de perfil. Se cre que quedan tranquilos, non quedan tranquilos en absoluto, déixanos absolutamente tirados, *(Murmurios.)* todos temos que axudar e nós os primeiros. E é indecente que vostede sosteña que non pode facer nada porque é un tema competencial, esta é unha competencia que nos atinxe a todos, axudar a este sector vai na obriga e, se quere, na conciencia de todos os responsables públicos, *(Aplausos.)* polo tanto, nós ímolo facer. *(Aplausos.)* ¡Ímolo facer! *(Aplausos.)* E nunca escoitará a Xunta de Galicia reunirse cun colectivo e dicirle á cara..., hai que ter moita cara para dicirlles: non podemos facer nada porque non sei que dun tema competencial. Iso é absolutamente falso.



Polo tanto, voulle dicir que nós estamos cumprindo coa nosa obriga, ao contrario do que fan outros. 1,1 millóns do ano pasado traspasados este ano na súa práctica totalidade; 0,8 para a contratación de actuacións musicais a través do ocio nocturno; máis de 3 millóns de euros, señora Gallego, nos dous plans de rescate. Vostede fala de sector, para que vexa que son varios sectores.

E agrupando CNAE, varios deles —porque podería aínda facer grupos máis diferentes e máis numerosos—: orquestras e similares, solicitudes do primeiro plan de rescate, 356; solicitudes do segundo plan de rescate —atenderemos a maioría—, 681; atraccións de feira, varios CNAE, 457 pagadas no primeiro plan de rescate, 923 recibidas e esperamos atender a súa inmensa maioría no segundo plan de rescate; venda ambulante, 695 pagadas no primeiro plan de rescate, 909 solicitadas no segundo plan de rescate; pirotecnia, 24 solicitudes no primeiro plan de rescate, e empresas pirotécnicas, 29 pagadas todas, 29, solicitadas e agardo que atendidas no segundo plan de rescate. Máis de 3 millóns de euros especificamente, señora Gallego. ¿Pero como pode dicir que non recibiron axudas? ¿Pero como poden dicir que non estamos cumprindo a nosa obrigación?

Mire, acabamos de sacar, ademais, hai uns días unha orde específica para persoal do sector do espectáculo que por unha serie de disposicións normativas estatais quedaron fóra de calquera axuda aberta e, polo tanto, a Xunta de Galicia tamén lles vai axudar. Iso engádese a todo o demais. Polo tanto, non diga vostede, claro, se a comodidade é cruzarse de brazos e de dicir que é un tema competencial, pois, si, esta é a nosa competencia, igual que a súa; a diferenza é que a Xunta de Galicia a atende e vostedes póñense de perfil e pasan de todo. Xa veremos agora no terceiro plan de rescate a ver se chegan os cartos dunha vez e a vez se nos deixamos do rolo de atender CNAE, non atender CNAE, que é moi propio do Goberno central para non facer nada. Aquí vai de perda de recadación por non poder traballar, vai de non ter ingresos e vai de axudar a xente sen burocracias excesivas, sen leas e sen poñerse de perfil. Agardo que a Xunta de Galicia o poida facer no terceiro plan de rescate tamén e agardo que o Goberno central, polo visto coa súa colaboración, non poña impedimentos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a María do Carme González Iglesias e 3 deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da actividade de construción, reparación naval e do emprego no estaleiro San Enrique (antigo Vulcano), de Vigo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde.



O estaleiro Vulcano, sinal de identidade do barrio obreiro de Teis, na cidade de Vigo, cunha traxectoria de 100 anos construíndo barcos, constituía unha das principais unidades produtivas do sector naval vigués. Cunha notábel relevancia en termos de impacto socioeconómico, tanto en postos de traballo directos e indirectos como en mobilización da industria auxiliar.

Vulcano chegou a ter 1.000 traballadores altamente cualificados e dispón dunhas magníficas instalacións para facer barcos. No ano 2019 o estaleiro solicitou a liquidación voluntaria e o pasado ano Vulcano pasou a mans dun novo propietario que xa ten propostas de traballo para o futuro e está traballando.

Durante todo o procedemento concursal da empresa a autoridade portuaria —por aquel entón presidida por Enrique López Veiga— despregou unha ofensiva administrativa e xudicial co obxectivo de impedir a transferencia dos dereitos concesionarios de Vulcano a Marina Meridional, a actual propietaria, e resolver a concesión de Vulcano co fin de rematar coa actividade de construción e reparación naval, e destinala a outros usos, concretamente os referidos a loxística de contedores.

A recente sentenza do Tribunal de Conflitos Xurisdicionais pon en mans do Porto de Vigo a decisión sobre a finalización da concesión portuaria do estaleiro de Teis, vixente ata o ano 2027. Mais a Autoridade Portuaria parece ter présa en extinguir esta concesión para sacala de novo a concurso.

A resolución da actual concesión requirirá dun acordo expreso do Consello de Administración do porto, no que están representadas a Xunta de Galiza, o Concello de Vigo e outras administracións públicas. E aí é onde entran vostedes, conselleiro, ¿cal é a posición da Xunta de Galiza con respecto á concesión dos terreos da antiga Vulcano? ¿Aposta o Goberno galego pola continuidade da construción naval nos terreos portuarios de Teis? ¿Que medidas ten previsto adoptar o seu Goberno para asegurar a continuidade da actividade naval e do emprego no estaleiro San Enrique de Vigo?

No BNG témolo claro, esta parcela ten que dedicarse a reparar e construír barcos, e calquera outra opción suporía un duro golpe para a industria naval viguesa e para as empresas auxiliares. Organizacións sindicais, empresariais e a sociedade civil de Vigo xa mostraron o seu rexeitamento a calquera uso distinto á actividade naval. Tomen a decisión correcta para que non se rescinda a concesión, para que a construción naval siga en Teis e para que os traballadores que estean na casa sen cobrar recuperen o seu emprego. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señora González, salvo no ton que empregou vostede na súa intervención, que non sei por que quere trasladar un desacordo con respecto á Xunta de Galicia, creo que, efectivamente, podemos encontrar puntos de acordo, porque seguro que estamos de acordo na importancia que ten o sector naval na ría de Vigo e no conxunto de Galicia como sector estratéxico, e seguro que estamos de acordo en que Vigo non pode perder capacidades instaladas no sector naval. E, polo tanto, se estamos nese punto estaremos nun escenario de acordo.

Igual que estamos de acordo en que, efectivamente, a decisión sobre o futuro da concesión non será nin do presidente da Autoridade Portuaria de Vigo nin da Xunta de Galicia. Vostede teno trasladado, que, efectivamente, vai ser unha decisión que teña que tomar o Consello de Administración da Autoridade Portuaria e, polo tanto, tanto o Goberno central como os concellos de Vigo e Redondela, a Cámara de Comercio, a Confederación de Empresarios de Pontevedra, a propia CIG e a Cooperativa de Armadores de Pesca de ARVI, teremos todos que defender a actividade industrial neses terreos, teremos que defender os empregos e, polo tanto, teremos que defender un futuro para o conxunto dos traballadores. E farémolo no contexto, señora González, de diálogo e buscando sempre solucións. Solucións para o sector naval, solucións para o emprego.

No que tamén seguramente estará de acordo comigo é en que ese proxecto terá que ser un proxecto que teña todas as garantías. Terá que ter todas as garantías, en primeiro lugar xurídicas e, polo tanto, haberá que avaliar o contido e a resolución do Tribunal de Conflitos Xurisdicionais, e terá que ter todas as garantías dende o punto de vista do proxecto industrial, polo tanto dos investimentos, polo tanto da carga de traballo, polo tanto das garantías de xeración de emprego. E creo que nese punto, señora González, tamén estaremos de acordo e, polo tanto, nós actuaremos con toda a responsabilidade, buscando ese futuro dos empregos, buscando tamén o diálogo, o consenso con todas as partes e, sobre todo, dándolle absoluta prioridade á continuidade da actividade industrial neses terreos e, por suposto, tamén lle daremos prioridade no seu conxunto a que Vigo manteña as súas capacidades instaladas no sector naval, porque esa é a nosa prioridade dende o punto de vista dun sector estratéxico como é o sector naval.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Ten razón, conselleiro. Eu xa lle dixen que a decisión a toma o Consello de Administración da Autoridade Portuaria do Porto de Vigo, na que tanto vostedes, o Partido Popular, como o Partido Socialista teñen representación; gobernan no Estado e gobernan en Galiza. Está nas súas mans, teñen a maioría dos votos para rexeitar o venres cando se eleve a iniciativa para sacarlle a concesión a Vulcano, teñen os votos para que non se leve a cabo e para que Vulcano ata 2027 poida seguir facendo barcos nos terreos de Teis.

Non enganen a cidadanía, conselleiro, dicindo que non é decisión política cando o é. É unha decisión política que teñen que tomar vostedes e o venres é o momento de facelo. (*Aplausos.*)



Sempre nos din vostedes que o PP, que o Partido Popular que está gobernando na Xunta de Galiza, aposta polo sector naval en Vigo, pero con proxectos viables, bla, bla. Vulcano, o estaleiro San Enrique agora mesmo ten unha empresa con carga de traballo e con futuro, con traballadores esperando a que os chamen para poder traballar. Xa se perderon dous contratos. O venres non permitan que se lles rescinda a concesión do terreo e seguirán traballando, e San Enrique, Estaleiros San Enrique terá futuro.

Vigo é unha cidade industrial, señor conselleiro, xa perdemos 5.400 empregos industriais na cidade dende que vostedes gobernan e algunhas responsabilidades terán. Teñen vostedes as competencias de industria na comunidade autónoma. Garantan que Vulcano e os terreos de Teis...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...sigan para o sector... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moi ben. Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, coma sempre, o Bloque Nacionalista Galego instando este Goberno a que non cumpra a lei, coma sempre. (Murmurios.) É dicir, vostede estame dicindo que nós, non neste caso, senón a Autoridade Portuaria de Vigo non lle ten que retirar a concesión. Dío o Tribunal de Conflitos Xurisdicionais de forma moi clara, señoría. O que instou a liquidación voluntaria e, polo tanto, instou a esa liquidación e á perda da concesión foi o propio estaleiro, e, polo tanto, creo que non debería desviar o foco do problema e, polo tanto, que vostede unha vez máis pretenda enganar a cidadanía, e así dende logo, señora González, non vai encontrar un futuro Vulcano. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Nós, como Xunta de Galicia, sempre mantivemos a nosa posición clara con respecto a Vulcano e, polo tanto, sempre defendemos que tería que ser un proxecto sólido dende o punto de vista de carga de traballo, de investimentos, de xeración de emprego. E, se non é así, nós loxicamente non defendemos ese proxecto. Vostede parece que xa ten claro cal é ese proxecto de futuro, nós neste caso non o temos pero, en calquera caso, terá que ser o propio Consello de Administración o que terá que ter conta dese proxecto e se realmente ten esa posibilidade de futuro.

Dende logo, a única forma de defender o proxecto de Vulcano é con todas as garantías xurídicas e con todas as esixencias dende o punto de vista do proxecto, e aí é onde sempre se situou a Xunta de Galicia e onde se vai seguir situando loxicamente para garantir o futuro e, sobre todo, o mantemento da actividade industrial e dos empregos.

O que sorprende é que o Bloque Nacionalista Galego veña unha vez máis falar de política industrial, cando vostedes en ningún momento están polo labor de defender o emprego in-



dustrial, o seu interese é nulo, é simplemente un interese partidista. Vostedes están permanentemente no non, están no non para garantir a viabilidade da industria naval. Curiosamente que queiran defender os postos de traballo de Vulcano e non queiran defender os postos de traballo da industria auxiliar de Ferrolterra, que depende da construción naval e que vostedes lle están retirando o seu apoio. Igual que lles retiran o seu apoio aos empregados e á industria auxiliar da Central das Pontes, lle retiran o seu apoio a calquera proxecto eólico ou de minaría sostible, aínda que cumpra todos os criterios e toda a legalidade e, por suposto, lle retira calquera tipo de apoio aos traballadores de Ence. Polo tanto, señora González, creo que o Bloque Nacionalista Galego non ten nada que trasladar aquí dende o punto de vista industrial. Teñen prexuizos ideolóxicos e eses prexuizos ideolóxicos van en contra dos traballadores, e nós estaremos aquí precisamente para defender o que vostedes non defenden, que é o traballo industrial en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas de actuación comprometidas pola Xunta de Galicia co empresariado afectado polo incendio do polígono industrial do Ceao, en Lugo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, como sabe o domingo 11 de abril, hai hoxe 17 días, desatouse un incendio no Polígono do Ceao en Lugo que afectou a varias naves nas que se almacenaban distintos materiais, algún dos cales, unha vez incendiado, dificultou extraordinariamente as tarefas de extinción polas súas características, como foi o caso de pinturas e os distintos compoñentes empregados na súa fabricación, ou o caucho de pneumáticos.

Ese día, sobre as seis e media da mañá, os bombeiros de Lugo recibiron unha chamada porque existía unha alarma por incendio na empresa Castro Parga, e cando, efectivamente, os bombeiros se achegaron comprobaron que, efectivamente, había un incendio pero a temperatura alcanzada no interior da nave era moi elevada e case lles impedía traballar. Aínda así, evitaron que o lume chegase ao almacén de disolventes, pero non puideron evitar que as chamas seguisen devorando o resto da empresa chea de expositores con latas de pintura e outros produtos inflamables, ademais de parqués, cauchos, madeiras, etc., e outros materiais de decoración.

Por se iso non fora suficientemente complexo, as condicións do vento dificultaron, debido aos seus cambios de dirección, a extinción do incendio, que chegou a soprar con certa forza e fixo que as chamas saltasen desde esa nave ás colaterais, cheas de pneumáticos da empresa Frain.



Unha vez inflamados centos de cubertas, o incendio xa se volveu absolutamente incontrolable e devorou por completo as dúas plantas da empresa, afectando ademais ás adxacentes e consumindo tamén unha de repostos de automoción, Recambios al Volante.

Como é obvio, dentro destes almacéns estamos a falar de materiais que e necesario almacenar, posto que forman parte das cadeas de distribución de bens de consumo cotiáns: pinturas, recambios para a automoción, etc.

O certo é que a exemplar actuación dos bombeiros do Concello de Lugo, apoiados polos de Vilalba, que pertence ao Consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento; varias motobombas do persoal de incendios forestais de Monterroso, Becerreá e Chantada; e así como tamén o Grupo de Apoio Loxístico da Axencia Galega de Emerxencias, que facilitaron un camión nodriza, xunto coa actuación de membros de Protección Civil, Policía Local e Policía Nacional; e tamén a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia, contribuíron sen dúbida a minimizar as consecuencias dun incendio de enorme complexidade. E por ese motivo merecen todos eles recoñecemento e agradecemento.

As estimacións falan de perdas millonarias; evidentemente, é unha obscenidade falar de entre 10 e 20 millóns de euros, porque é unha diferenza enorme de cartos, pero neste momento non están, ata onde eu sei, cuantificadas.

E é importante sinalar que o presidente acudiu ao día seguinte e comprometeu liñas de actuación para axudas a estes empresarios. E, polo tanto, pregúntase ¿que vías de actuación foron as comprometidas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, en primeiro lugar, quero agradecerlle que traia a este Parlamento a situación que se xerou no incendio do Polígono do Ceao porque, efectivamente, é un incendio que ten un enorme impacto dentro da actividade industrial, non só polas empresas, senón polo conxunto que se xera dende o punto de vista económico e empresarial. E únome loxicamente ao agradecemento ao traballo feito por todos os efectivos que participaron no dispositivo de extinción. A súa profesionalidade e a rápida actuación, como vostede vén de trasladar na súa intervención, contribuíu a que, efectivamente, se puidera controlar o incendio, pero, ao mesmo tempo, que se evitase que ese incendio fora máis grave e que non tiveramos que lamentar vítimas persoais nin tampouco un maior impacto dentro do polígono.

Ao mesmo tempo creo que é importante, e tamén me uno á súa intervención, a nosa solidariedade cos empresarios, cos traballadores e coas familias afectadas, porque non só os empresarios, senón os propios traballadores e as familias, nestes momentos, teñen un obxectivo que é



que se poida reconstituír as empresas e que ao mesmo tempo poidan volver aos seus postos de traballo canto antes e volver á normalidade dende o punto de vista da súa actuación.

Nós estivemos, efectivamente, colaborando dende o primeiro momento e, como tamén trasladou, o presidente da Xunta desprazouse á zona ao día seguinte precisamente para coñecer de primeira man os danos rexistrados e, sobre todo, confirmar por parte do propio presidente da Xunta de Galicia que o Goberno está ao lado dos empresarios, ao lado dos traballadores, para poder facilitar a recuperación e que se poida volver á actividade canto antes. E concretou o propio presidente cales son esas axudas.

En primeiro termo, temos que esperar ao traballo que teñen que desenvolver as aseguradoras, porque loxicamente hai que avaliar e hai que cuantificar cales son os danos e as coberturas que se poden cubrir por parte das aseguradoras; pero dende o primeiro momento, dende xa, os empresarios saben que está á súa disposición circulante e préstamos mentres non se executan as propias pólizas de seguros, que é unha primeira necesidade se así fose preciso atender.

E, ao mesmo tempo, tamén lles trasladamos aos empresarios a nosa disposición para colaborar na planificación á hora da reconstrución das naves, e seguramente o máis relevante, o financiamento unha vez que coñezamos os proxectos para poder favorecer o desenvolvemento e a recuperación da actividade, un labor de acompañamento que loxicamente traballaremos conxuntamente entre os propios empresarios e a Xunta de Galicia. E eu aquí simplemente mandar unha mensaxe de unidade e de colaboración, que é o que estamos desenvolvendo por parte de todas as administracións e por parte tamén polos propios... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señor conselleiro, pola súa resposta, porque ademais estou plenamente convencido de que tanto a Xunta de Galicia como todas as administracións, en primeiro lugar o Concello de Lugo, están facendo todo o posible para minimizar o impacto económico que tivo este incendio.

É certo que nesas empresas afectadas, nas máis gravemente afectadas, porque evidentemente destruíronse as naves, traballan preto de cen persoas e que, ademais, o propio secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo manifestou que era necesario que as compañías aseguradoras estivesen á altura das circunstancias, porque evidentemente hai unha tramitación moi complexa, tendo en conta as implicacións que ten a cantidade económica da que estamos a falar.

É certo que se establecen con carácter xeral unha serie de axudas para este tipo de contingencias, pero vostede falou, e paréceme ben, de circulante, é dicir, en definitiva, poñer cartos de forma inmediata á disposición dos empresarios, de préstamos, de financiamento para a reconstrución das naves, pero desde a lealdade institucional que creo que require facer fronte



a unha situación deste tipo que afecta a unha actividade moi importante para a cidade de Lugo, tamén é certo que se poden facer máis cousas. Non é cuestión de establecer similitudes, pero no ano 2017 houbo un incendio de similares características nun polígono industrial en Valencia, en concreto en Paterna. Pero tamén é certo que naquel momento a Generalitat de Valencia, adoptou medidas adicionais que creo que vostedes deberían tamén valorar. Non é só poñer á disposición dos empresarios, préstamos con carácter inmediato, senón tamén establecer axudas para que os xuros xerados por eses préstamos sexan tamén asumidos pola Administración, como se fixo no caso deste incendio na comunidade autónoma de Valencia.

Polo tanto, señor conselleiro, pregúntolle: ademais destas axudas das que vostede falou, ¿teñen vostedes previsto xerar algún tipo de mecanismo adicional para reducir ou eliminar o impacto?

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo, o conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, presidente.

Señor Álvarez, efectivamente, creo que o máis relevante e a lección aprendida neste suceso é que a colaboración entre as administracións é o camiño para atender situacións desta enorme dificultade. Polo tanto, tanto a Xunta de Galicia como o propio concello estivemos traballado da man e seguro que no proceso de reconstrución faremos exactamente o mesmo traballo. E o obxectivo prioritario é que, efectivamente, se poida recuperar canto antes a actividade.

Eu trasladeille as medidas que, efectivamente, xa temos concretadas, e creo que neste contexto temos que dalgunha forma recuperar, falaba vostede dun incendio en Valencia, eu non me iría tan lonxe, eu iríame á ría de Vigo e, se recorda, no ano 2016 houbo un incendio en Fandicosta que arrasou coas instalacións, e ese espírito do empresario, dos traballadores e da colaboración que se mantivo coa Xunta de Galicia permitiu que, ao final, teñamos un proxecto que xa está vivo, que se puideron recuperar todos os postos de traballo. Creo que ese espírito de Fandicosta o temos que traer ao Ceao e, polo tanto, con ese mesmo espírito traballar conxuntamente entre a Administración e os propios empresarios. E nós o que faremos, unha vez que coñezamos, primeiro o alcance do resultados das aseguradoras e, polo tanto, cal é a situación real que hai que afrontar; e, en segundo lugar, coñecer os proxectos que os empresarios queren desenvolver e, polo tanto, as necesidades que poden ter, primeiro dende o punto de vista do financiamento e, en segundo lugar, tamén dende o punto de vista doutro tipo de axudas aos investimentos que puideran precisar. E creo que nese momento, e así llo trasladamos, nos sentaremos cos empresarios para poder avaliar as axudas e como a Administración pode acompañar este proceso de reconstrución.

Creo que ese é o camiño, a Xunta de Galicia está traballando directamente na dinamización do Concello de Lugo, está traballando xunto co propio concello, e nós esa colaboración que



estamos desenvolvendo co concello trasladarémola de forma puntual e de forma concreta aos propios empresarios afectados por este incendio do Ceao. E, como dicía, creo que hoxe máis que nunca o que temos é que trasladar esa mensaxe de seguir traballando unidos as administracións cos propios empresarios, cos traballadores, para reverter esta situación, e eu estou convencido de que con ese espírito do Ceao conseguiremos reconstituír a actividade e, polo tanto, canto antes os traballadores poidan recuperar o seu emprego e a súa actividade.

Moitas grazas.

Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María Guadalupe Murillo Solís e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Santos Costa.

O señor SANTOS COSTA: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira. Moitas grazas, por estar aquí para poder responder a un tema tan importante para todos os concellos de Galicia como é o saneamento. E digo que é moi importante para os concellos porque todos somos coñecedores de que o saneamento e a depuración, así como o abastecemento de auga, pois son competencias municipais. Pero, como sabemos, a Xunta de Galicia vén traballando neste ámbito, a pesar de que non é a súa competencia, vén colaborando, vén apoiando e vén axudando a moitísimos concellos de Galicia a sabendas das dificultades coas que se atopan as entidades locais na prestación deste servizo, tanto pola súa complexidade técnica como pola falla de recursos para poder facer os investimentos necesarios e prestar un bo servizo, e facer unha boa xestión.

Se no último Pleno se facía referencia ao investimento de máis de 33 millóns de euros en saneamento e depuración que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que vostede dirixe contemplaba para o Concello de Vilagarcía e que repercutía nunha mellora na ría de Arousa, hoxe queremos interesarnos polas actuacións que a consellería xa ten feito, actuacións que xa están tamén en execución e tamén as proxectadas no futuro na ría de Pontevedra.

Sabemos que o Goberno galego está a traballar para mellorar a calidade de auga na ría de Pontevedra, para que esta mellora redunde en beneficio da actividade turística, marisqueira e pesqueira que se desenvolve na zona, ao tempo que dá cumprimento a normativas europeas a este respecto.

Para acadar este obxectivo, planificáronse un conxunto de proxectos, algúns xa rematados recentemente, como é un dos varios previstos no meu concello de Marín, coa execución dun novo colector xeral de máis de 1.200 metros de maior capacidade, así como unha nova ins-



talación de bombeo e que se completa tamén cun depósito de retención de 1.500 metros cúbicos de capacidade, polo que aproveito tamén a miña intervención nesta Cámara para agradecer á señora conselleira por esta obra que redundará nunha mellora da calidade de vida dos veciños de Marín.

E a planificación destes proxectos permitirá avanzar de xeito substancial no saneamento integral da ría de Pontevedra-Marín, mellorando tanto a rede de saneamento, a depuración evitando tamén a maioría dos vertidos contaminantes ao mar.

As ditas actuacións estanse a concretar xa na mellora e ampliación da capacidade de extracción da depuradora de augas residuais dos Praceres, que se complementará coa construción dun novo emisario submarino. De feito, a Xunta, a través de Augas de Galicia, iniciou o pasado mes de xullo as obras na EDAR dos Praceres.

Os traballos implicaran varios departamentos do Goberno galego, a Consellería de Infraestruturas a través de Augas de Galicia, que é quen está a impulsar estas actuacións; e tamén a Consellería do Mar, polos beneficios que estas actuacións suporán para o sector pesqueiro e marisqueiro, e benefician fundamentalmente os concellos de Pontevedra, Marín, Poio e Vilaboa.

Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario do Partido Popular queremos saber en que situacións se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que xa ten en marcha o Goberno galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Santos.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señorías, se algo caracteriza a Xunta de Galicia traballando en materia de augas, dende logo que é o coidado das nosas rías, e no ano 2009 xa nos fixamos o obxectivo do saneamento integral das rías galegas e decidímolos por diferentes motivos. En primeiro lugar, porque é un elemento singular que nos identifica como Galicia; en segundo lugar, porque estamos a falar de que as rías teñen un gran valor ambiental; e fundamentalmente xa pola nosa pesca, polo noso marisqueo, pola acuicultura, polo noso turismo e, en definitiva, calidade de vida e tamén dende logo saúde pública.

Avanzamos moitísimo nos últimos anos, máis de cen actuacións na última década e máis de 500 millóns de euros en materia de saneamento unicamente nas rías galegas. Melloramos de xeito substancial a calidade das nosas augas, case o 80 % das masas de augas das nosas rías en bo estado, pero queda traballo por diante. Queda traballo por diante non soamente facendo obras, senón tamén concienciándonos de que é necesaria unha explotación profesionalizada; é imprescindible manter as obras que se executan, algo imprescindible, e dende logo, un desafío na ría de Pontevedra.



Estamos nunha zona sensible, nunha zona sensible cualificada como tal e, polo tanto, os niveis de calidade que se exigen nesa ría son moito máis esixentes, en materia de nitróxeno e fósforo fundamentalmente; e o que precisa é actuar con determinación, con ambición, con dilixencia para acadar o saneamento integral, e así o estamos a facer dende a Xunta de Galicia. Pero é un traballo que, dende logo, deberíamos facer todos; os concellos en primeiro lugar, que son os que teñen as competencias directas; a Xunta de Galicia axudando, pero tamén as deputacións, que teñen a obriga de auxiliar os concellos nas súas competencias cando se atopan desbordados, como pode ser o saneamento integral.

Dende a Xunta de Galicia realizamos auditorías, análise pormenorizada, palmo a palmo, toda a rede de Marín, de Pontevedra, de Poio. Planificamos, redactamos ese plan de saneamento integral de Pontevedra, priorizamos actuacións, 47 millóns de euros de actuacións priorizadas como necesarias e imprescindibles. E grazas a ese traballo hai dúas actuacións fundamentais en execución, que é a mellora da depuradora, 16,5 millóns de euros, 40 % en execución, que suporá unha mellora substancial na calidade da ría e a actuación complementaria, ese emisario submarino para iniciar xa agora as obras, 12 millóns de euros no que avanzaremos.

Tamén temos 10 actuacións na rede municipal, é dicir, que a rede municipal ten as súas carencias, sobre todo no bombeo de Cocheras, que licitamos o proxecto construtivo recentemente, hai uns días, para investir 3,7 millóns de euros nese bombeo, e polo tanto axudando os concellos a exercer as súas competencias. Tamén é importante, como dicía, o mantemento e, recalco, competencia municipal é no que temos que estar todos, non pode ser a Xunta soa actuar no saneamento integral das rías galegas.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica. ten a palabra o señor Santos Costa.

Prégolle que acerque ben o micro, porque antes o volume era pouco.

Grazas.

O señor SANTOS COSTA: Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta e polo compromiso que se ten sobradamente demostrado dende Augas de Galicia e dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade coas actuacións levadas a cabo durante os últimos dez anos na mellora da xestión do ciclo de auga, con innumerables investimentos nos concellos, a pesar de que, como queda claro, non é unha competencia da Administración autonómica, senón das entidades locais.

O que tamén queda demostrado é a transparencia e imparcialidade con que se actúa dende a súa consellería, coñecendo os concellos que se verán beneficiados con estes investimentos e as actuacións previstas no saneamento da ría de Pontevedra, tendo en conta que dos catro concellos beneficiarios, Pontevedra, Marín, Poio e Vilaboa, unicamente o Concello de Marín



está gobernado polo Partido Popular. Polo tanto, o importante é sacar os investimentos en saneamento dende a súa consellería, que se resumen en máis de 100 actuacións, cun investimento de máis de 500 millóns de euros.

E digo isto porque sería tamén moi interesante que outras administracións, como a Deputación de Pontevedra, participasen e colaborasen cos concellos neste tipo de investimentos.

A consellería fixo un traballo detallado para a confección dese Plan de saneamento da ría de Pontevedra, para analizar o funcionamento dos sistemas de saneamento e definir así as actuacións prioritarias para solucionar as carencias dos municipios de Pontevedra, de Marín e de Poio, e cun investimento total de 47 millóns de euros.

Ademais da mellora da actual depuradora de Praceres, e das obras do novo emisario submarino, este plan de saneamento pois contempla dúas actuacións máis no concello de Marín, outras dúas actuacións no concello de Poio, e seis proxectos na cidade de Pontevedra, un dos cales por certo en recente visita feita por vostedes, as autoridades representantes deste concello tiveron problemas para atopar a ubicación do seu propio bombeo.

Polo tanto, gustaríanos coñecer cal é a súa valoración da implicación e colaboración dos concellos, e tamén do resto das administracións en relación co saneamento da ría de Pontevedra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Eu aproveito hoxe novamente para insistir en dúas cuestións. Unha primeira cuestión é que o saneamento, depuración e abastecemento son competencias municipais, que moitas veces desborda os concellos, responsabilidade directa dos concellos. E, en segundo lugar, que é preciso que as administracións esteamos todas traballando polo que é algo que é tan importante e tan singular como son as nosas rías, e ofrecer mellores servizos e, polo tanto, traballar todos xuntos.

O apoio técnico e económico da Xunta de Galicia é incuestionable e está fóra de toda dúbida no saneamento das nosas rías, e dende logo en particular na ría de Pontevedra; 47 millóns de euros identificados como prioritarios nos que estamos traballando, 32 millóns de euros de obras en execución, que as obras non se fan tocando un botón, as obras hai que tramitalas e deseñalas; e 15 millóns de euros en actuacións proxectadas no que é a rede municipal e, polo tanto, na rede de competencia dos concellos.

Polo tanto, si colaboración aos concellos, por suposto que si e aí está a Xunta de Galicia colaborando, pero deben servir de exemplo, dende logo, ao resto das administracións. E eu quero poñer acento nas deputacións, porque eu non vexo, dende logo, implicación nin interese nun asunto tan crucial e tan fundamental e capital como é o saneamento das rías galegas.



Os concellos, como dicía, teñen as competencias, non poden desentenderse e hai funcións que lles corresponden; eu creo que hai un asunto chamativo, a depuradora de Pontevedra, que non me digan que é extramunicipal e, polo tanto, é competencia da Xunta de Galicia, porque non é así, aí está a depuradora de Bens dende logo, xestionada polo concello da Coruña, e dende logo asume as augas residuais de moitos concellos. E é a única cidade que dende logo se despreocupa pola depuradora de Pontevedra. Hai vertidos, e dende logo a culpa non é a depuradora, hai vertidos como o que vimos no bombeo de Cocheras, un bombeo de competencia municipal, e dende logo no que a Xunta de Galicia pois ten que saír ao rescate do propio Concello de Pontevedra redactando ese proxecto que imos redactar e investindo 3,7 millóns de euros para dar solución a eses vertidos que están afectando á ría de Pontevedra de xeito substancial.

Eu chamo a atención sobre os 32 millóns de euros que estamos a investir xa no saneamento da ría de Pontevedra, despois dun traballo intenso, técnico e dende logo económico. O maior beneficiario é o Concello de Pontevedra, son 30 millóns de euros de beneficio directo ás competencias directas do Concello de Pontevedra e en total 38 millóns de euros de saneamento e depuración do municipio de Pontevedra.

E a min, polo tanto, díganme, con estes datos ¿a quen lle preocupa máis o saneamento das rías e da ría de Pontevedra?, ¿aos que usan unha pancarta e nada máis ou aos que invisten 47 millóns de euros, aos que fan auditorías, fan proxectos, licitan obras, adxudican obras e executan obras?

Eu creo que co traballo por diante é como hai que resolver os asuntos, e dende logo demostramos nomeadamente no concello de Pontevedra un traballo de envergadura pola nosa parte, de moitos recursos, cunha tramitación administrativa importante, e por iso tamén é capital que o Ministerio de Transición Ecolóxica axilice as súas autorizacións.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do desenvolvemento do VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, o principio de transversalidade é a premisa básica na planificación e na execución das políticas públicas que se están a levar a cabo polo Goberno galego, e polo tanto tamén é un dos principios reitores do VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, que ten entre os seus fins impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as



políticas e accións da Administración pública galega, que se define como un documento marco a partir do cal se trazan as actuacións concretas a realizar para conseguir unha realidade, unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

E ademais incardínanse nos grandes desafíos aos que a Comunidade Autónoma de Galicia fixo fronte nos últimos anos, incluso cando nos tivemos que enfrontar a unha pandemia inimaxinable, como a da Covid-19, a fin de consolidar un modelo de desenvolvemento socioeconómico intelixente e sustentable, desafíos que o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 recolle como obxectivos de carácter transversal: o impulso da cultura e da innovación, o fomento do emprendemento, a industrialización e a internacionalización, a dinamización demográfica e a cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

O VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 configúrouse en tres grandes capítulos.

O primeiro, integración do principio de igualdade nas políticas e acción do Goberno, que reúne un total de 12 prioridades de actuación que representan o compromiso da Administración autonómica por consolidar e fortalecer as accións xa emprendidas para mellorar a gobernanza en prol da igualdade de xénero.

O segundo, integrado por cinco áreas estratéxicas para a igualdade, que foron definidas e deseñadas como ámbitos de actuación estratéxica para seguir traballando en favor da eliminación das desigualdades entre as mulleres e homes no horizonte 2020. Esas cinco áreas estratéxicas que vostede ben coñece son: a igualdade na educación e nos valores, a igualdade na xestión dos traballos e dos tempos, a igualdade no emprego e na innovación, a igualdade na participación e no liderado, e a igualdade na calidade de vida.

E, como terceiro capítulo, algo fundamental e importantísimo, como son os obxectivos e medidas deseñadas para a prevención e tratamento da violencia de xénero, que están articuladas en dúas áreas estratéxicas. Por unha banda, a sensibilización e a prevención, e, por outra, a intervención e a integración.

Somos conscientes, señora conselleira, da relevancia que a loita contra a violencia de xénero ten para o Goberno galego, xa que fai que este plan aborde tamén nun capítulo independente a planificación para a intervención nesta materia.

O plan é o resultado do traballo colaborativo entre os distintos órganos directivos e esa cooperación e coordinación institucional leva desenvolvendo estes últimos catro anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo. Grazas, grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, bos días.



Grazas, presidente.

Grazas, señora Prado.

Efectivamente, o compromiso da Xunta de Galicia xa se amosa neses sete plans estratéxicos para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Falamos agora do sétimo plan, sétimo plan con 253 medidas e 400 millóns de euros, que se divide, como vostede moi ben dixo, neses tres capítulos concretos.

O plan, en primeiro lugar e con carácter xeral, dá boa mostra e así o dá a súa execución da transversalidade na execución deste, e sobre todo na implicación de toda a sociedade, de todas as institucións no conxunto da execución do plan.

Vou dar conta da execución por capítulos, comezando polo capítulo I, o principio de igualdade na planificación da Xunta de Galicia. Isto amósase na normativa na actividade contractual e subvencional da Xunta e na inclusión da transversalidade de xénero, na elaboración e na aplicación dos orzamentos; amósase tamén no impulso da participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de consulta e participación da Xunta; e na formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, tanto no ámbito interno de Administración autonómica como para o eido local.

Tamén se consolidou o principio na rede de centros de información á muller en todos os órganos transversais e consultivos, como son a Comisión Interdepartamental de Igualdade e o Observatorio Galego de Violencia de Xénero ou a Unidade Muller e Ciencia da Xunta de Galicia.

O capítulo II, como vostede ben dicía, está dividido en cinco áreas estratéxicas, cuxa execución tamén é magnífica.

En primeiro lugar, igualdade na educación e nos valores. Neste capítulo, ou nesta área do capítulo, puxemos en marcha o primeiro plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, plan que deu lugar á elaboración de materiais didácticos de accións de divulgación, de accións ou de contidos educativos sobre igualdade, perspectiva de xénero nos currículos educativos.

En segundo lugar, a igualdade na xestión dos traballos e dos tempos deu lugar tamén á elaboración doutro plan, o Primeiro plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021; no dito marco de actuación traballouse en accións dirixidas á racionalización horaria, ao fomento da conciliación corresponsable e ao reforzo dos recursos que faciliten a conciliación. Así, as axudas para a redución de xornada dos pais e tamén das familias monoparentais, as axudas ás entidades locais para bancos de tempo e para recursos de conciliación, e as axudas no eido laboral para acordos de teletraballo e de flexibilidade horaria.

E no terceiro punto dentro deste capítulo, igualdade no emprego e na innovación, traballamos na igualdade real e efectiva no emprego, con incentivos e axudas á contratación de mulleres e ao autoemprendemento feminino; e traballamos tamén, por suposto, nas



competencias e na formación das mulleres. Traballamos igualmente na igualdade de participación no liderado e na igualdade de vida e benestar.

No terceiro capítulo, prevención e tratamento da violencia de xénero, somos pioneiros na execución dese pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Co cal podemos dar por ben finalizada a execución deste plan, que estamos xa analizando e que xa levamos analizadas 123 accións das 253 para elaborar ese VIII Plan de igualdade na Xunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, grazas, señor presidente.

Señora conselleira, grazas. Grazas polo seu traballo e pola seriedade con que aborda as políticas de igualdade o Goberno de Galicia. A verdade é que reconforta formar parte do Partido Popular neste momento, neste momento no que podemos contrastar como se está traballando en igualdade na Xunta de Galicia baixo o mando dun Goberno do Partido Popular e o que se está facendo en España coa frivolidade e coa instalación no *Sálvame Deluxe* das políticas de igualdade. Porque, mire, señoría, falo de frivolidade porque a gran aportación do Ministerio de Igualdade á Igualdade é dicir que o rosa demoniza as mulleres, ou por non falar da ridícula exaltación da linguaxe entre fillos, fillas, filles, nenos, nenas, nenes, e xa os sùmmum da ignorancia onte cando oímos a unha ministra falar de subir os impostos e as impostas. Pero, cando hai que atender ao realmente importante, señora conselleira, desaparecen. Desaparecen cando hai que abrir unha comisión de investigación para os abusos sexuais de menores en Valencia, desaparecen cando hai que abordar políticas serias para abordar a fenda salarial entre mulleres e homes, e desaparecen cando neste momento e neste contexto de crise económica, social e sanitaria, as mulleres están sufrindo o maior problema de desempregabilidade da historia do noso país; e aí o Goberno de España está desaparecido.

A verdade é que eu vou recollendo artigos de prensa que din, pois, mire, por exemplo: «*Las mujeres cobran 5.800 euros menos y solo el 1,8 % están en alta dirección*». «*PSOE y Podemos ralentizaron las leyes de igualdad salarial*». «*El Covid amplía la brecha laboral*». «*El Congreso aprobó un real decreto que otorga un complemento a las madres de un solo hijo, pero a costa de la bajada de las pensiones de las madres con dos hijos o más*». «*Las funcionarias no tendrán plus por maternidad si se jubilan anticipadamente*». «*España fue en 2020 el país de la Unión Europea donde más creció el paro entre las mujeres*».

Grazas, señora conselleira, por reconfortarnos co seu traballo e coa seriedade nas políticas de igualdade. Non sei se teñen previsto facer un oitavo plan, agradeceríamos se nos pode contestar á ampliación.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche desta pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Gustaríame aproveitar a réplica, en primeiro lugar, porque creo que non é menor para falar deses 400 millóns na execución deste plan, para falar de que foron dentro do primeiro capítulo da Igualdade dentro da Administración autonómica 60 millóns de euros destinados a estas políticas nesas cinco áreas estratéxicas das que falamos: educación, conciliación laboral, igualdade no emprego, foron máis de 300 millóns de euros investidos nestas políticas e máis de 23 millóns de euros no capítulo terceiro na loita contra a violencia de xénero.

Enlazando un pouco, señora Prado, co que vostede comentaba, aproveitar tamén esta intervención para dende aquí demandar a necesaria colaboración co Goberno do Estado e a necesaria colaboración co Ministerio de Igualdade en determinados eidos, en determinados ámbitos, onde a competencia é unha competencia da Administración xeral do Estado do Goberno de España.

Botamos en falta esa aprobación da Lei de conciliación e de corresponsabilidade, onde realmente se regule a racionalización horaria, e as comunidades autónomas non temos competencia directa, soamente podemos incidir de xeito indirecto na racionalización dos tempos a través de medidas de conciliación e de corresponsabilidade, como estamos a facer na comunidade autónoma.

Botamos en falta tamén esa aprobación que regule dunha vez por todas a igualdade salarial; tampouco temos competencia directa na comunidade autónoma para facelo.

Nós si estamos traballando no VIII Plan de igualdade na comunidade autónoma. Por suposto —como lle dicía— a base vai ser a análise das conclusións que saquemos dos resultados da execución dese VII Plan, do que levamos analizado xa máis da metade do mesmo. Pero, en calquera caso, o VIII Plan vai ter sempre como principios reitores, en primeiro lugar, a igualdade laboral —da que levamos falando moito tempo xa—, sinalando que a formación das mulleres realmente é o punto crucial para lograr esa igualdade laboral e as medidas de discriminación positiva no autoemprego e as medidas de discriminación positiva nos incentivos á contratación das mulleres. Só coa igualdade laboral lograremos a independencia económica, que é a clave para conseguir a igualdade real das mulleres e dos homes na sociedade. E é a clave para previr e para saír da violencia de xénero. E como segundo pilar básico dese VIII Plan: a educación, a concienciación, a sensibilización de toda a sociedade e, en particular, dos nenos e das nenas.

En definitiva, nós continuaremos facendo o noso traballo dende a comunidade autónoma coas competencias que ten a comunidade autónoma, pero instamos, de verdade, o Ministerio de Igualdade para que dunha vez por todas tome en serio coas competencias que ten o ministerio a regulación legal e constitucional da igualdade entre homes e mulleres.



Grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de prazas que ofrece o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación.

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don José Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, como vostede sabe, hoxe 28 de abril o mundo conmemora o Día Internacional da Seguridade na Saúde do Traballo, unha data na que poñer en valor a importancia de promover o traballo seguro e saudable. Neste día mundial temos que insistir nunha mensaxe sinxela: integrar a cultura da seguridade no día a día da nosa xornada laboral pode axudar a evitar e a diminuír accidentes e enfermidades profesionais, así como todo tipo de danos ás persoas traballadoras. Certamente, señora conselleira, esta é unha tarefa que nos compete a todos: ás empresas, ás traballadoras, aos traballadores, ás administracións públicas e tamén, ¿como non?, aos interlocutores sociais. Todos estamos chamados a seguir cooperando en común na seguridade e saúde laboral.

Permítame que hoxe nos centremos no que compete á Administración pública e, máis en particular, á Xunta de Galicia. Tamén desde o Goberno galego debemos garantir que o traballo sexa máis seguro e as empresas prosperen. Xa tivemos oportunidade de salientar noutras ocasións nesta mesma Cámara o importante papel desenvolvido polos profesionais do Instituto da Seguridade e Saúde Laboral —o ISSGA— durante a pandemia. Conseguiron anticiparse e desenvolveu o encargo de adaptar en cada momento as medidas de apoio ao tecido produtivo nos ámbitos de prevención e de saúde laboral. Hoxe gustaríanos coñecer máis polo miúdo outra das tarefas que realiza este instituto de xeito ordinario: a formación. Sabemos que a Consellería de Emprego e Igualdade promove diversas accións formativas en distintos ámbitos de actividades, todas elas dirixidas a obter a capacitación en materia de prevención de riscos laborais. Queremos saber máis sobre o Plan anual de formación que promove o ISSGA; e hoxe, en concreto, quixeramos saber cantas prazas ofrece o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, dependente da Xunta de Galicia, en cursos de prevención de riscos.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.



A irrupción da Covid-19 supuxo un verdadeiro reto para todos os poderes públicos encargados de velar pola seguridade e saúde no traballo, e o ISSGA é precisamente o órgano autónomo encargado disto. Dentro do seu plan de actividades para o ano 21, que conta co consenso de todo o consello reitor do instituto, está efectivamente o plan de formación, que conta, en concreto, coas seguintes actuacións ou cos seguintes cursos.

Por unha banda, cursos básicos en materia de prevención de riscos laborais que están destinados a todo o persoal traballador e empresariado, pero sobre todo representantes sindicais que teñan a condición de delegado de prevención ou membros do comité de empresa, e igualmente tamén empresarios e empresarias que asuman a dita función nos seus centros de traballo. Neste sentido, 5 cursos de 60 horas para 1.100 persoas; e, atendendo o actual contexto, moitos dos cursos impártense en modalidade en liña a través da plataforma da EGAP. E dando resposta á solicitude realizada tamén polos autónomos, hai 100 prazas concretas para os traballadores por conta propia.

Por outra banda, hai cursos moito máis específicos e obradoiros en concellos, cursos prácticos xa para sectores e para a sinistralidade en determinadas operacións perigosas no manexo de maquinaria e tamén para minimizar determinados riscos. Falamos de cursos en materia de manexo de motoserra, de operacións de apeo e tala no monte, traballos de altura e especialmente para a construción, prevención de riscos de traballos verticais e cursos para a prevención de riscos para traballadores e traballadoras de atención ás persoas en situación de dependencia. Aquí son 40 os obradoiros, dos que van poder beneficiarse 500 persoas.

E tamén temos que destacar as *webinars* técnicas con temáticas que dan resposta a normativas novas, a novidades técnicas e, en especial, as relacionadas coa afectación da pandemia. Neste sentido, as relativas aos riscos por mor da pandemia, a utilización segura de drones e a aplicación de labores preventivos. Son 15 *webinars* contando coa asistencia de 1.000 persoas.

Nesta oferta formativa do ISSGA si me gustaría destacar tamén a oferta formativa ou as accións formativas en materia de prevención de riscos laborais que executan directamente os axentes sociais ao abeiro das liñas de axuda da Consellería de Emprego. Estas accións son tarefa dos gabinetes de seguridade e saúde laboral das organizacións coas que o ISSGA mantén unha constante relación técnica e un constante asesoramento.

E así mesmo tamén me gustaría falar das accións informativas do ISSGA que complementan estas accións formativas. Por sectores, dentro do plan do 21 forestal, agro e mar; por risco, traballos con exposición ao amianto, risco químico; por colectivos determinados, tendo en conta neste caso a perspectiva de xénero. En definitiva, na Xunta apostamos por un emprego de calidade, o emprego de calidade e o emprego con condicións laborais dignas, e dentro disto é fundamental a saúde dos traballadores e das traballadoras tanto mental como física, de aí a importancia de todas estas accións formativas dentro do Plan anual do ISSGA para o ano 2021.

Ata aquí. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta e polos datos que vostede ofreceu. Con eses datos podemos detectar que en Galicia hai un Goberno sensible e disposto a arrimar o ombro para colaborar no obxectivo de facer a actividade laboral nun contorno máis seguro.

É certo, eu teño que recoñecer que o ISSGA é o gran descoñecido da Administración autonómica. Agora vostede acaba de dar os datos dun catálogo amplo, e teño que recoñecer que o ISSGA fai un gran traballo, traballo que non se coñece moito, polo cal eu creo que temos a obrigaón como representantes públicos de poñer en valor ese traballo tan importante que fai. Porque estamos a falar na maioría dos casos de distintos sectores, pero sobre todo estamos a falar de seguridade no traballo e iso cando menos é importante.

Polo cal, a min gustaríame, señora conselleira, facerlle unha pregunta e neste senso gustaríame que nos confirmase se no plan de actividades do ISSGA hai prevista algunha acción formativa no ámbito concreto dos riscos que derivan do momento que estamos a vivir, do momento da Covid-19.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Peche da pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Falaba, señor Balseiro, do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, que conmemoramos efectivamente, e a Organización Internacional do Traballo escolleu este ano como lema: Anticiparse á crise, preparala e responder, investir hoxe en sistemas resilientes de seguridade e saúde no traballo. Hai dúas cuestións aquí, unha é a resiliencia e outra é a prevención, que son palabras clave precisamente na seguridade e na saúde no ámbito laboral neste momento concreto da Covid.

A Consellería de Emprego e Igualdade e o ISSGA no caso que nos ocupa ten e quere incorporar esa visión vangardista, esa visión de futuro na seguridade e saúde laboral, e por iso ten en conta principios como o diálogo social, a evidencia científica ou técnica e a prioridade da saúde en toda a poboación e, en concreto, nos traballadores neste campo. De aí ese plan de actividades do ISSGA que contempla especificamente o plan de formación que, como digo, se adaptou especificamente aos concretos riscos da Covid. Pero gustaríame sinalar ademais que o ISSGA conta precisamente para asesoralo no eido da pandemia cunha unidade de nova creación, que é a unidade de referencia covid-19, a través da cal estamos a impulsar diversas investigacións de enfermidades contraídas no eido profesional, así como a mellora das áreas sanitarias no espazo de traballo, todo isto en relación cos riscos tanto físicos como psicosociais por mor da pandemia na contorna laboral. Xa non só polas necesidades inmediatas que



agora mesmo temos causadas pola Covid, senón tamén pola abordaxe doutras cuestións derivadas do asentamento e de novas dinámicas laborais emerxentes pero que seguramente chegaron para quedar, como pode ser o teletraballo, a dixitalización dos procesos empresariais ou a despersonalización con carácter xeral das relacións laborais.

Gustaríame tamén destacar, ademais desta unidade de referencia, que este mesmo ano tamén estamos traballando conxuntamente cos axentes sociais na investigación da sinistralidade laboral e no deseño de actuacións informativas destinadas a combater as causas e a orixe destes sinistros laborais.

En definitiva, neste ano 21 coido que o ISSGA estivo á altura, á altura, por suposto con carácter xeral, da loita pola seguridade e a saúde no traballo, pero sobre todo neste momento tan difícil como é o da Covid, tanto na prevención, tanto na seguridade na saúde como sobre todo — polo que preguntaba vostede — pola formación nestes ámbitos, o cal é vital para que a seguridade e a saúde cale no tecido produtivo da nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do acontecido no programa *Land Rober* emitido pola TVG o día 8 de abril de 2021.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos logo falar do *Sálvame Deluxe* da galega. O 8 de abril, conselleira, vivimos o que probablemente foi un dos momentos máis bochornosos, máis lamentables e máis inadmisibles que polo menos algunhas de nós tivemos a oportunidade de vivir nos medios de comunicación públicos do noso país. En pleno *prime time*, no momento de máxima audiencia e da man dun dos programas estrela da canle, fomos testemuñas milleiros de persoas neste país de como a vida privada dunha persoa anónima, dunha persoa que estaba sentada no público, que non dera en absoluto o seu consentimento, como a súa vida privada se usaba como mercadoría, violando a súa intimidade. Vimos como a usaban de cebo durante todo o programa para alimentar a audiencia e como a presionaban até acabar chorando en pleno programa. Vimos a falta absoluta de perspectiva de xénero e sobre todo tamén a falta absoluta da máis mínima ética profesional. E como se banalizaban en *prime time*, na televisión pública deste país, comportamentos machistas baixo o manto, unha vez máis, dese suposto amor romántico que non é tal.

O que aconteceu no programa *Land Rober*, conselleira, é gravísimo. Éo en calquera medio de comunicación, pero aínda máis nunha televisión pública que pagamos todas as galegas e todos os galegos. Este país e a xente que vivimos e traballamos nel non pagamos máis de 100 millóns de euros ao ano para financiar telelixo. (*Aplausos.*) Porque invadir a intimidade dunha persoa para crear contido televisivo é telelixo, falar do dereito dun home a recuperar a súa namorada é machismo; presionar e arrinconar unha muller até chorar para que acepte ver a quen nega querer ver é machismo e é, facéndoo na televisión, telelixo. (*Aplausos.*)



O programa *Land Rober*, a produtora, as persoas que participaron na súa produción, pero tamén e sobre todo a Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza incumpriron as recomendacións do Consello de Administración da propia corporación, as leis de igualdade que están vixentes desde hai máis dunha década no noso país, os códigos deontolóxicos da propia profesión. Tampouco sorprende —hai que dicilo— cando a CRTVG leva incumprindo a súa propia lei desde hai máis dunha década de maneira obscena, cun director xeral posto a dedo negando os dereitos das traballadoras co Estatuto profesional e o Consello de Informativos, e sen plan de igualdade, como exige a Lei de igualdade no traballo. Vaia, como a Xunta de Galiza, porque vostedes tampouco teñen o plan que lles esixe a lei desde hai 14 anos. (*Aplausos.*)

Cremos desde o BNG que non chega con pedir perdón, nós esixímo-lo, está ben que se fixese, pero non chega con pedir perdón. Isto non pode pasar como unha anécdota e o que esixe é unha reflexión, hoxe a que queremos saber é a súa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas.

Grazas, señora Rodil.

O compromiso da Xunta de Galicia na loita contra a violencia de xénero é absoluto, eu creo que non hai dúbidas e non hai excepcións. É dicir, calquera tipo de agresión machista, calquera, é condenable proceda de onde proceda.

É innegable que o programa ao que vostede fai referencia estivo totalmente desacertado. Isto é innegable e non soubo recoñecer un suposto caso de control sobre unha muller, isto é así. Non vou ser eu quen veña aquí xustificar o evidente erro cometido.

Tampouco vou entrar en matices. Situacións como a ocorrida non deben producirse baixo ningún concepto, todos os medios públicos e privados deben ter mecanismos de autorregulación, pautas de actuación que eviten episodios como o que estamos a falar.

Si valoramos as desculpas —penso que sinceras— explícitas, inmediatas tanto do presentador do espazo como da produtora da propia corporación, pero reclamamos que se extremen todas as cautelas porque este tipo de feitos non se poden repetir nunca máis.

Dito isto, non está de máis recordar a Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, onde se sinala expresamente que a Corporación de Radio e Televisión goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da comunidade autónoma. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, isto é así, está na lei, está na lei. (*Murmurios.*)



Ben, é competencia do director xeral establecer os criterios de programación e, polo tanto, o que sucedeu no programa, como é o que pasou, corresponde ao director xeral da corporación ofrecer as súas explicacións, que o vai facer, e vaino facer na comisión de control que vostede sabe que está prevista neste mesmo Parlamento dentro de dous días.

Pregunta vostede ao Goberno galego. A manifestación do Goberno galego e da Consellería de Igualdade xa lla acabo de dar. O Goberno galego ademais tratou o tema nos órganos correspondentes, a Secretaría Xeral de Igualdade convocou o venres 16 de abril unha reunión da Comisión Asesora de Control da Publicidade non Sexista, que está no seo do Observatorio Galego de Violencia de Xénero. Tomáronse en consideración as denuncias chegadas de distintas organizacións, léronse os comunicados da corporación, da produtora e, como conclusión, acordouse por todos os alí presentes a necesidade de continuar incidindo na formación en materia de sensibilización e loita contra a violencia machista dos profesionais dos medios de comunicación e das axencias de publicidade.

Isto é o marco que sinala tamén o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, establecer precisamente formación para os profesionais.

Fronte aos modelos que pretenden someter certos medios públicos ou privados a determinados elementos de control, a Xunta de Galicia non é sospeitosa diso. Nós defendemos a independencia, a liberdade dos medios de comunicación e a desenvolver a súa actividade sen censuras e sen inxerencias.

Dende a consellería estamos levando a cabo un alto grao de implicación na formación dos profesionais, así o convenio coa Asociación de Periodistas de Galicia, un novo convenio que se vai firmar precisamente cos colexios de xornalistas co obxectivo de lograr a formación dos profesionais na prevención e da sensibilización da sociedade contra a violencia de xénero.

De momento nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Así por algunhas cuestións. Sobre o da independencia e a obxectividade e imparcialidade dos medios de comunicación públicos eu xa me dá a risa, (*Aplausos.*) xa me dá a risa. Se vostede o cre, pois estupendamente, pero sobre o grao de cumprimento do que pon e dispón esa Lei de medios audiovisuais públicos de 2011 tamén pon outras moitas cousas que se levan pasando polo forro, polo arco do triunfo máis de dez anos. Pon que o director xeral ten que estar electo por 2/3 desta Cámara, está posto a dedo e prorrogado *sine die* porque vostedes lle fixeron un amaño nunha Lei de acompañamento dos orzamentos de 2016. Tamén di que teñen dereito os profesionais a ter un estatuto profesional e un consello de informativos desde hai dez anos que lles negan. Ou tamén di, entre outras cuestións, que vostedes, a Xunta de Galiza, debería crear unha autoridade audiovisual que velase tamén polo control externo



da corporación. (*Aplausos.*) Iso tamén o di a lei, hai máis de dez anos que non se cumpre e a ninguén lle importa. E logo quen di de incumprir a lei é o Bloque. Non, nós dirémolo, vostedes practícano directamente.

E só unha reflexión máis a respecto do que aconteceu o 8 de abril no *Land Rober*. Non é desacertado, non é un erro, nin é unha anécdota, é o síntoma de que algo vai mal e vai mal cando se converte a vida social, a vida íntima, a vida persoal das persoas en mercadoría para xerar contido televisivo, e iso si que é propio de programas como os que se mencionaba hai un momento. E esa é a deriva precisamente na que está instalada a CRTVG. Nun proceso, se mo permiten, de mediasetización absoluta dos medios audiovisuais públicos deste país. (*Aplausos.*) Iso é o que pasa, un programa que ademais non era en directo, que foi gravado, e que foi, polo que sabemos, editado para evitar que se emitisen en vivo e en directo as imaxes de como ese señor acababa entrando en plató despois de arrinconar e de facer chorar unha persoa que non sabía nin dera o seu consentimento para nada. Hai que seguir traballando, efectivamente, pero vostedes xa levan doce anos aí, hai cousas que deberían xa estar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil. Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

Peche desta pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): A opinión do Goberno galego respecto á violencia machista, diríallla antes, é evidente, pero é evidente, rexeitamos a violencia machista, calquera discriminación de mulleres e homes, calquera tipo de sexismo fágao quen o faga, dicíallo antes. E recalco isto porque o seu partido, o partido que pide a dimisión do director da Corporación de Radio Televisión de Galicia polo contido dun programa, o *Land Rober* do día 8, ese mesmo partido e practicamente nas mesmas datas lembrará vostede que o propio presidente da deputación, non ningún empregado seu, o propio presidente da deputación diríxese a unha deputada de forma despectiva e machista, (*Murmurios.*) e facendo unha serie de comentarios que eu dende logo non vou repetir aquí.

Dende logo, vostede nin ninguén do seu partido non é que non pedisen a dimisión do presidente da Deputación de Lugo, é que non é isto, é que continúan apoiando o Goberno da Deputación de Lugo. Isto seguramente si sería coherencia, si sería compromiso coa igualdade. É que nin o din publicamente —eu estou dicindo aquí que o comportamento, que o programa non é adecuado e que valoro as desculpas—, é que vostedes seguen apoiando o Goberno nesa deputación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Como conselleira eu considero que soamente hai unha maneira de abordar este asunto e non é pedindo dimisións, é deixando a un lado ese enfoque partidista que teñen vostedes. O enfoque da loita contra a igualdade de xénero é continuar sensibilizando, é continuar educando, é continuar manifestando as cousas, é continuar afondando na formación e seguir insistindo unha e outra vez, as veces que faga falta. Por iso penso que o verdadeiramente importante é o traballo que consigamos facer entre todos, e o primeiro punto é deixar a un lado estes



intereses partidistas, é deixar a un lado ese curtopracismo, é deixar a un lado a carreira por ver quen é máis feminista de todas nós.

Entón, aí non me van atopar a min nin van atopar o Goberno galego. Temos claro que a loita pola igualdade é unha loita da sociedade e temos que gañar como sociedade, non temos que gañar un partido contra outro a ver quen di máis alto que é máis feminista.

Estou segura de que no fondo vostede está de acordo con isto, que no fondo o voso partido está de acordo nisto. Non perdamos un minuto en desviarnos dese obxectivo común, todos estamos de acordo no mesmo e a igualdade penso que merece máis altura de miras por parte de todas e de todos nós. (*Murmurios.*) E aí van encontrar esta conselleira e aí van encontrar o Goberno galego.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da evolución que presenta a UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as do peche de quirófanos para convertelos en espazos para ese fin en lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, esta organización política ten altura de miras sempre contra o machismo, por iso varias deputadas deste Parlamento, incluso a propia voceira nacional, condenou ese acontecemento que agora vostedes queren estirar ata o último momento nun exercicio absolutamente indigno por parte ademais de quen ampara un presidente da deputación (*Aplausos.*), doutra deputación ao que todas e todos oímos chantaxear sexo por traballo. Polo tanto, menos leccións neste sentido. (*Aplausos.*)

E indo á cuestión, que é sobre a nosa sanidade pública, que tamén é algo moi importante, desde o Bloque Nacionalista Galego, señor conselleiro, sabe que temos manifestado nesta crise en varias ocasións a nosa preocupación pola capacidade asistencial do Complexo Hospitalario de Ourense e a súa evolución durante a pandemia, porque houbo necesidades importantes que nós entendemos que eran previsibles nun momento dado da pandemia e que vostedes escatimaron esforzos para atendelas, caendo unha vez máis no sobrecusto do persoal que está claramente xa esgotado a estas alturas e a quen non lle podemos pedir máis.

Na segunda vaga, por exemplo, vimos como en outubro xa se trasladaban pacientes a outros hospitais de Galiza, xa se cancelaban operacións no CHUO e en novembro pecháronse quirófanos para habilitar máis camas UCI, 9 neste caso.

Na terceira vaga vimos que pasou o mesmo. En xaneiro xa se trasladaban doentes a outros hospitais, no mes de febreiro volvían cancelarse operacións e pechábanse tamén quirófanos para abrir unha vez máis camas UCI.



É realmente difícil de comprender, señor Comesaña, que nun complexo hospitalario que tanto na parte vella como no edificio novo ten espazos que están en desuso, que están baleiros, que haxa que pechar quirófanos cada vez que se necesitan máis camas UCI. Iso é realmente, francamente de entender que sexa a única saída. Nós pensamos que iso demostra falta de planificación, falta de persoal e tamén falta de medios.

Por iso tanto o BNG como o propio colectivo de traballadoras e traballadores do hospital temos pedido nestes meses moitas veces que se ampliaron de forma estable as camas UCI e tamén o persoal. Por iso, cando anunciaron hai poucos días a ampliación deste servizo, *a priori* parecía unha boa nova pola que eu debería parabenizar a Xunta, pero o problema veu cando vimos a letra pequena, cando vimos que coa coartada das obras o que ían facer era pechar tamén ata 22 camas de hospitalización que estaban reforzando áreas tan necesitadas como interna e cardioloxía.

E a pregunta é: ¿queremos 8 camas máis de UCI? Por suposto, o BNG quere que se amplíe esa UCI, o persoal quere que se amplíe esa UCI, pero non a cambio de pechar camas de hospitalización. Polo tanto, a explicación que lle pedimos hoxe é por que isto se vai desenvolver desta maneira; e pedímoslle tamén unha rectificación, que se vaia adiante coa mellora da UCI, por suposto, pero que iso non implique...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...perder nin persoal... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente e señorías.

Señora Presas, como saben, o Hospital Universitario de Ourense asumiu durante a pandemia os pacientes críticos de toda a área sanitaria de Ourense, tanto do distrito de Valdeorras como o de Verín como o do propio Ourense. E, por suposto, poñendo os dispositivos necesarios para este fin.

Efectivamente, a poboación ademais que atende a residencia de Ourense é a máis envellecida de toda a nosa comunidade autónoma, onde esta característica da nosa pirámide poboacional nos coloca no segundo lugar de España, soamente por detrás de Castela e León. Aínda así, o sistema sanitario galego foi capaz de soportar tres vagas dunha pandemia sen precedentes, sendo a terceira onda a máis virulenta. E tamén dende Ourense se manexaron todos os recursos dos que dispoñía a Consellería de Sanidade para ofrecerlles aos ourensáns a mellor asistencia sanitaria posible.

No que respecta concretamente á xestión da UCI, hai que destacar que Galicia foi en todo momento das comunidades con menor porcentaxe de camas UCI ocupadas; hoxe mesmo



somos a segunda comunidade autónoma por detrás de Murcia soamente en dispoñibilidade, co que isto supón de incidencia de virus na comunidade autónoma e tamén nos recursos dispoñibles.

O CHOU concretamente dispón de 22 camas de UCI, 14 de REA e 20 de URPA, que en diferentes combinacións permitiu asumir os pacientes críticos da área mantendo no posible a actividade cirúrxica. Na primeira onda da pandemia o Plan de continxencia estableceu que os pacientes críticos positivos ocupasen a URPA nun modelo de UCI aberta preservando a UCI e a REA para pacientes con necesidades de atención intensiva, tanto médica como cirúrxica.

Unha vez rematada esa primeira vaga e tras escoitar os profesionais das unidades e organizacións sindicais, acometeuse unha actuación da UCI que permitiu incrementar o número de boxes pechados, de tal xeito que nas seguintes ondas os pacientes ingresaban preferentemente nos boxes da UCI e a partir do sexto paciente pasaba xa a REA.

Segundo evolucionou a pandemia, e por principio de prudencia ademais e para evitar comprometer camas poscirúrxicas, modificouse o plan de continxencia e mantívose blindada a URPA, e que na terceira fase deste contemplaba a apertura de quirófanos como vía de expansión.

Os tres quirófanos habilitados permitían dotar de tres camas por quirófano nun andar independente ao do resto da actividade cirúrxica e, polo tanto, non afectaba á actividade cirúrxica.

Esta zona de expansión non foi necesaria na segunda onda, pero si na terceira e permitiunos asumir con recursos propios as necesidades xeradas. De feito, non foi necesario trasladar pacientes de UCI a outras áreas sanitarias; tanto é así, que se chegou a ofertar camas a outras áreas sanitarias que finalmente non foron precisas. Polo que a situación está moi lonxe da que vostede traslada respecto á UCI.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, señor conselleiro, lonxe non está porque eu non dixen en ningún momento que os pacientes que se tiveron que ingresar noutros hospitais fosen de UCI. Pero vostede sabe coma min que antes incluso de ampliar as camas UCI xa se estiveron derivando pacientes de hospitalización, algún incluso que acabou en UCI por Covid a outros hospitais, a iso nos referiamos.

Mire, unha pode entender todo e isto é unha pandemia que ningún goberno estaba preparado para xestionar, iso é así, pero o certo é que tamén a aprendizaxe ao longo dun ano nos amosou unha debilidade estrutural, que era que necesitabamos máis camas UCI, por iso vostedes van ampliar as camas UCI. Nós iso podemos compartilo e podemos apoialo, pero a cuestión que se está poñendo aquí enriba da mesa é que o prezo para ampliar esas camas UCI non pode ser en ningún caso renunciar a camas de hospitalización que tamén fan falta e renun-



ciar a un reforzo de persoal entre enfermaría, auxiliar e persoal celador que estamos a falar de entre 22, 23, 24, 25 persoas, segundo nos chegan a dicir os traballadores do hospital e que van deixar de estar tamén no servizo.

Nós entendemos que iso é grave, que é grave nunha situación de pandemia. E eu pregaríalle que hoxe aquí se comprometera con que no lugar de adoptar a estratexia de avestruz e de incluso de culpabilización dos traballadores que o seu sucesor no hospital de Ourense, o señor Rubial, está aplicando estes días, pois que teña un compromiso con que non vai haber redución de camas de hospitalización mentres se fagan as obras nin despois, e que vai haber unha ampliación de UCI, porque as traballadoras e os traballadores de Ourense e as e os ourensáns o que precisan son as dúas cousas, non que para ampliar UCI haxa que renunciar a outra.

E, xa que vostede fala dos plans de continxencia, pois pedirlle unha vez máis nesta Cámara, xa o levamos feito nos últimos meses por escrito sen éxito, que nos remitan os plans de continxencia dos hospitais de Ourense, que os temos pedido. Hospitais que, efectivamente, o de Ourense acolle as e os pacientes de UCI de toda a provincia, porque nin en Verín nin no Barco hai este servizo de UCI...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, señor conselleiro,... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

Si, señora Presas. Como dicía, a pesar da pandemia e nos últimos meses levamos traballando nesa construción dunha nova UCI, agora mesmo estamos nesa redacción do plan funcional, para o que se está contando cos profesionais do servizo, non se está facendo sen a súa colaboración, e ademais é moi apreciada, e tamén se está paralelamente redactando o anteproxecto e os conseguintes pregos para licitar dun xeito único proxecto e obra. Polo tanto, hai unha aposta clara por facer esa UCI.

Esa UCI, ademais, dende unha mellora estrutural e tecnolóxica vai supoñer un incremento de practicamente o 30 % en número de camas, pasando de 22 a 30. E nestes momentos estanse reestruturando os espazos cara a liberar e reubicar aqueles dispositivos residenciais que deberán afectarse para a ampliación desta unidade tan necesaria.

Como vostede ben sabe, a UCI actual está na planta cuarta e o espazo de crecemento natural da UCI actual, unha vez tomada a decisión cos datos profesionais de que a planta é a cuarta, vai sobre unha zona de hospitalización. Pero non se preocupe, temos agora mesmo 18 camas de hospitalización pendentes de abrir na planta primeira e 8 no módulo penitenciario, que nin no momento máis complexo da pandemia foi preciso empregar. Si, son 18 camas máis



e 8 do módulo penitenciario que estaban sen usar. E, ademais, por se fora pouco, temos máis de 200 camas dispoñibles no Hospital Materno Infantil, que se abren tan pronto como son necesarias.

Como ven, a situación da UCI, os pasos que hai que dar para poder dotala, están consensuados cos profesionais, obedece a criterios funcionais, é lóxico construír esa nova UCI no espazo próximo, cercano onde está a UCI actual, non hai ningún perigo cos postos de traballo. Evidentemente, se se necesitan camas de hospitalización, por suposto, estarán dotadas do persoal necesario, e aquí a cuestión é como vou abrir, como vou quitar esas camas de xusto alá onde está a UCI para facer a obra da UCI nova, vanse perder postos de traballo externo. Sinceramente, case diría que é absurdo plantexar iso. ¿Que imos facer?, ¿van desaparecer as necesidades de camas de hospitalización para ao mesmo tempo mandar a xente para a súa casa? Non pode ser. Se se precisan camas de hospitalización, estarán ¿onde? Pois a vostede parece que non lle gusta, pero esas 18 camas da planta primeira que levan máis de un ano pechadas por obras están aí para recuperar, e, como digo, hai 200 camas no Materno Infantil.

Polo tanto, insisto en que a situación da UCI e das obras da UCI son as que lle acabo de contar, e creo que temos que seguir avanzando, os ourensáns van ter unha UCI axeitada para adecuarse, por suposto, tamén á nova necesidade derivada non só da pandemia, senón de todos os esforzos que estamos a facer para que os cidadáns de Ourense non teñan que ir a outras unidades, por exemplo, para facer hemodinámica, iso require máis camas de UCI, vanse dotar con esta nova unidade e dende logo a situación, como digo, creo que é a razoable, e non hai ningún problema de que se perdan nin postos de traballo nin por suposto postos de UCI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Tiñamos unha cuestión pendente e hai que resolvela, porque o normal é que antes de que finalice o Pleno resolvamos isto. É en concreto sobre a intervención que se produciu nesta Cámara. Eu non vou entrar no da primeira parte, da primeira intervención, porque aquí os presidente teñen autonomía e eu niso non entro. Eu no momento en que estabamos facendo o cambio, eu entrei e polo tanto eu estaba dentro xa, aínda que ao mellor non estaba o suficientemente atento, pero si teño a transcripción exacta do que pasou, e vouna ler, vouna ler señor Arangüena e quero que despois vostede faga a súa propia valoración ao que eu lle vou pedir.

Exactamente di: «Eu non me meto nas cuestións orgánicas do Partido Popular, métome no seu caciquismo, nepotismo e corrupción». Eu pídolle se isto o retira, porque atenta contra a dignidade dun grupo.

Déanlle voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente, se me escoita. Si, eu non tería o menor problema...



O señor PRESIDENTE: E que non o escoito ben. Non o escoito ben.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Digo que non tería o menor problema en retirar calquera alusión que puidese resultar en calquera modo ofensiva para calquera sempre e cando se aplicase o mesmo raseiro nesta Cámara para todos os grupos, porque as cousas que se escoitan proferir aquí á sección Vox do Partido Popular de Galicia superan enormemente o que vostede acaba de mencionar. Por exemplo, pónolle o exemplo do que dixo un deputado do Partido Popular a semana pasada que falou de que se lle estaba preparando unha caixa de madeira a un compañeiro do meu grupo parlamentario. E, polo tanto, ese tipo de expresións profírense e outras moito máis perigosas e graves profírense constantemente.

O señor PRESIDENTE: Pois eu pídolle que, en aras de que iso sexa así, eu esforzareime en que non haxa alguén... Si, si, isto non é fácil ás veces, pero por iso eu pido a colaboración de todos vostedes. Eu esforzareime para que non teñamos este cruce que pode atentar ou lesionar a dignidade dos grupos. E agora pídolle se vostede pode retirar isto.

Non, por unha cuestión de equidade, de estrita equidade.

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois ¡silencio!

Eu hei de ser respectuoso cos tempos parlamentarios e cos tempos regulamentarios, nunca vou facer algo que vaia en contra de todo iso, pero, bueno, recollo a súa valiosa aportación á cortesía parlamentaria.

Nada máis, levántase a sesión.


Remata a sesión ás tres e cuarto da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Martínez, Fabiola	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. González Vázquez, José	(P)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Martínez García, Valeriano	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

